



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 149

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 13 de abril de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

4.446728 (09/PNP-003390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.546746 (09/PNP-003394)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.647728 (09/PNP-003468)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.748696 (09/PNP-003541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

4.848715 (09/PNP-003544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

Punto 5. Interpelacións

5.141836 (09/INT-001578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas adoptadas para afrontar a crise do sector lácteo en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 527, do 30.09.2015

5.248707 (09/INT-001875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga de 129 concesións de transporte público

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 623, do 30.03.2016

5.348741 (09/INT-001877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre a etiquetaxe do mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.149097 (09/POPX-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as repercusións para Galicia da política de estrito control do déficit

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

6.249111 (09/POPX-000180)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas a curto, medio e longo prazo que está a adoptar o Goberno galego para acadar a confluencia salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

6.349112 (09/POPX-000181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do pesimismo da mocidade galega respecto do seu futuro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.148342 (09/POP-004665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Constitucional na que se declaran inconstitucionais varios artigos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.247794 (09/POP-004576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para remitirles aos deputados solicitantes unha copia do anteproxecto da EDAR do Souto, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.349160 (09/PUP-000268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a garantía do pagamento por Pemex dos foteis construídos nos estaleiros galegos segundo o acordado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

7.446310 (09/POP-004329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis

Sobre a relación de autores e autoras que van formar parte da delegación de Galicia no marco da 42ª edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires en 2016, así como a programación literaria e cultural que se vai desenvolver nela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

7.549135 (09/PUP-000266)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión das probas de reválida previstas no calendario de aplicación da LOMCE

para este curso escolar, nomeadamente as que afectan o alumnado de sexto de educación primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

7.648648 (09/POP-004687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento da legalidade na etiquetaxe de mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

7.748702 (09/POP-004698)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa etiquetaxe de mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

7.849153 (09/PUP-000267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión da Unión Europea de prohibir a actividade da frota de arrastre a máis de 800 metros de profundidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

Retómase a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as repercusións para Galicia da política de estrito control do déficit. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas a curto, medio e longo prazo que está a adoptar o Goberno galego para acadar a confluencia salarial. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia do pesimismo da mocidade galega respecto do seu futuro. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional que se fai eco da resolución 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, sobre a necesidade de levantar o bloqueo contra Cuba. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Vázquez Blanco (S)*. (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 22.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 23.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 24.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 25.)

Nova intervención do señor Vázquez Blanco (S). (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 28.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 30.) e *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 32.) e *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 33.)

A señora Oubiña Solla (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 34.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 39.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 40.)

A señora Iglesias Sueiro (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 43.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 44.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 45.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 47.)

Nova intervención da señora Adán Villamarín (BNG). (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 52.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 53.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 54.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 55.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 56.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal: *aprobada por 40 votos a favor, 31 en contra e 3 abstencións*. (Páx. 57.)

Votación da Proposición non de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social: *aprobada por 58 votos a favor, 3 en contra e 13 abstencións*. (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero: *aprobada por 40 votos a favor, 27 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 58.)

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público: *aprobado por unanimidade, con 74 votos a favor*. (Páx. 59.)

Votación dos puntos de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público: *rexeitados por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 59.)

Votación do punto 1 e do texto transaccionado do punto 2 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remi-

sión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración: *aprobado por unanimidade, con 73 votos a favor.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas: *rexeitada por 16 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 60.)

Interpelación de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas para afrontar a crise do sector lácteo en Galicia

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 62.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 65.)

Interpelación de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga de 129 concesións de transporte público. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 66.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 71.)

Suspéndese a sesión ás tres e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a etiquetaxe do mexillón galego. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 75.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 78.)

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Constitucional na que se declaran inconstitucionais varios artigos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 82.)

Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para remitirles aos deputados solicitantes unha copia do anteproxecto da EDAR do Souto, en Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a garantía do pagamento por Pemex dos froteis construídos nos estaleiros galegos segundo o acordado. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a relación de autores e autoras que van formar parte da delegación de Galicia no marco da 42^a edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires en 2016, así como a programación literaria e cultural que se vai desenvolver nela. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión das probas de reválida previstas no calendario de aplicación da LOMCE para este curso escolar, nomeadamente as que afectan o alumnado de sexto de educación primaria. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento da legalidade na etiquetaxe de mexillón galego. (Punto sétimo da orde do día)

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa etiquetaxe de mexillón galego. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención dos autores: *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 94.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 96.)

Réplica dos autores: *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 97.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión da Unión Europea de prohibir a actividade da frota de arrastre a máis de 800 metros de profundidade. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 101.)

Remata a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, señorías.

Reiniciamos a sesión co punto 6, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as repercusións para Galicia da política de estrito control do déficit

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente.

Noticia: “País Vasco, Galicia, Canarias, campioas no control do déficit.”

Pregúntolle: ¿A que prezo? ¿Acaso temos o nivel de servizos públicos e de emprego do País Vasco? O control estrito do déficit que alí poden facer porque teñen sobrefinanciamento, ¿aquí facémolo só para a promoción persoal de vostede? ¿ou hai alguén máis que se beneficia?

Con vostedes, o control do déficit parécese ao xogo do trile, un xogo que a Academia no dicionario denomina de estafa. Vostede xoga o papel de cebo e Montoro o papel de trilero, pero están compinchados para enganar a xente.

Nos concellos fixeron un corsé legal tan estrito que non poden executar. Teñen que restrinxir os servizos sociais incluso cando teñen superávit. A iso chámasele aforrar á forza.

Ás comunidades autónomas propóñenlles obxectivos imposibles de cumprir, como explican e denuncian todos os expertos deste país, por mero electoralismo, para que teñan que escoller entre recortes salvaxes dos servizos públicos ou maior déficit. Pero o Partido Popular, e vostede tamén, veñen paralizando a reforma do sistema de financiación autonómica, que daría recursos suficientes.

Cumpren o déficit aquí, e incúmpren en todas as comunidades españolas e na Seguridade Social, onde están liquidando o fondo de reserva, e non queren abordar medidas

alternativas dentro do pacto de Toledo. Hai un déficit galopante, provocado pola devaluación salarial e a tarifa plana, como onte discutimos nas Cortes. ¿Son conscientes do risco gravísimo que ameaza as pensións, de seguir así?

Engánannos co déficit do Estado. A pesar do aumento dos ingresos, da caída dos tipos e do menor gasto en desemprego, como había eleccións, vostedes fixeron rebaixas fiscais no IRPF. ¡Pura propaganda! Porque, lonxe do rigor do que fala vostede, o Goberno de Rajoy utiliza a reforma fiscal como un argumento electoral máis, de xeito absolutamente laxo. E como guinda da fraude, logo de todo o que vostedes teñen falado sobre o déficit eléctrico, e logo dunha reforma que liquidou o sector eólico galego, agora resulta que o ano pasado o déficit eléctrico en España medrou en 800 millóns de euros.

Señor presidente, á vista destes datos sobre o control de déficit, ¿pode dicirnos en que nos beneficia actuar como o País Vasco? ¿Estamos acaso na senda de converxer co País Vasco en termos de emprego, en termos de servizos públicos, en termos de benestar ou mesmo en termos de igualdade? ¿Ou, polo contrario, estamos xustamente na senda contraria de crecemento? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas señor presidente.

Señor Méndez Romeu, agradézolle moito a pregunta e moito máis a motivación da mesma.

Señoría, acaba de facer vostede unha crítica bastante intensa de por que o Goberno de España non foi capaz de que o noso país cumprira o déficit público, e agora a min críticame por cumprir o déficit público.

Acaba de facer vostede unha crítica de por que nos endebedamos máis, e, sen embargo, ás veces críticame porque incrementamos a débeda pública.

Señor Méndez Romeu, como vostede comprenderá, está vostede nunha situación de certo déficit de argumentos. *(Risos.)*

Señor Méndez Romeu, ¿vostede que é o que me propón?, ¿que incrementemos a débeda pública? ¿Proponme que incrementando a débeda pública paguemos máis intereses? ¿Proponme, en consecuencia, que, incrementando as débedas dos galegos e pagando máis intereses ás entidades financeiras, invistamos menos en sanidade, en educación, en servizos sociais e en investimento produtivo?

Señor Méndez Romeu, efectivamente, nós cumprimos o déficit público. Cumprimos no ano 2015 o obxectivo do déficit público. É máis, Galicia foi a comunidade autónoma que máis reduciu no ano 2015 o seu déficit con respecto ao ano 2014. Galicia, dende o ano 2010, é a segunda comunidade autónoma que mellor controla o déficit público. E Galicia, ademais, é a que máis reduciu o déficit público dende o ano 2013. Xa ve, señoría, como me sinto orgulloso de que os galegos cheguemos a fin de mes, e sintome orgulloso de non deixarlles un pufo aos galegos cando finalice a lexislatura (*Aplausos.*)

Señor Méndez Romeu, non só logramos cumprir o déficit, senón que controlamos a débeda. Cando vostedes gobernaban, a débeda pública de Galicia estaba por riba da media de España, agora está case seis puntos por debaixo da media da débeda pública do resto das comunidades autónomas.

Pero ademais, señoría, cumprimos o déficit incrementando o investimento. Somos a Comunidade Autónoma que máis investiu en proporción ao seu presuposto no ano 2015, e somos a Comunidade Autónoma que máis investiu por habitante –máis que Euskadi– no ano 2015. (*Aplausos.*) A media, señoría, da Comunidade Autónoma galega é o dobre do que invisten o resto das comunidades autónomas.

Ademais, señoría, cumprir o déficit público supón nada máis e nada menos que aforrar 85 millóns de euros en intereses cada ano. Se nós, en vez de cumprir o déficit, fixeramos o déficit da media das comunidades autónomas, hoxe Galicia tería 3.000 millóns máis de débeda, o que significaría 85 millóns de euros máis de intereses ao ano, o que significaría 85 millóns menos para a sanidade, para educación e para os servizos públicos.

Señor Méndez Romeu, non só cumprimos o déficit, senón que investimos máis, senón que facemos máis servizos públicos, e ademais, señoría, baixamos os impostos dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, vostede en materia de déficit e de débeda, ¿ten algún criterio? Dende logo, na pregunta si. ¿Na réplica vai manter o mesmo criterio ou, pola contra, vai mudar de criterio?

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Perdón, perdón. Señor Méndez Romeu, ten vostede a palabra. Réplica.

O señor MÉNDEZ ROMEU: A ver se entendín ben, señor Feijóo, ¿a súa política económica foi triplicar o endebedamento e dividir por tres o investimento?

Do paro hoxe xa non lle falo, porque, en fin...

Vostedes, señor presidente, son trileros. Moven as fichas para enganar os espectadores, pero esconden a realidade. Bruxelas vén de anunciar que no ano próximo haberá que recortar 25.000 millóns de euros que pagaremos todos, tamén os galegos. ¿Pode dicirlle vostede á Cámara que recorte adicional nos vai tocar aquí?

O noso maior esforzo en relación con outras comunidades –porque este é o fondo da cuestión, señor Feijóo–, ¿produce beneficios en Galicia? Porque na realidade medramos menos que as comunidades que incumpren o déficit, que ademais son financiadas a custo cero polo Fondo de Liquidez do señor Montoro. Co modelo actual –tome nota–, saen beneficiadas as comunidades pródigas no gasto pero con menos recortes nos servizos públicos. O seu desprezo polo benestar da xente lévao a renunciar a 80 millóns de euros no ano anterior. E 80 millóns non son calderilla, señor Feijóo, son suficientes para iniciar o rescate do hospital privatizado de Vigo, son suficientes para contratar 2.000 médicos que fan falta en Galicia e son suficientes para reducir drasticamente a lista de espera dos dependentes. Así que aquí se deixa sen executar exclusivamente para a súa promoción persoal, e os galegos sufrimos máis recortes e menos beneficios que noutras comunidades.

Con vostede medramos menos que a maioría das comunidades e nos desviamos máis da tendencia española, o paro é crónico, os salarios irrisorios, a contratación precaria e o futuro das pensións está escuro. Cae o gasto social, cae o gasto educativo, privatizan hospitais. Suprimiron, señor Feijóo, ¡non se esqueza!, 500 médicos e suprimiron 1.500 profesores. ¡Eses son os datos reais do déficit!

¿E os beneficios onde están? ¿Forman parte da oleada de recortes e privatizacións que preparan se volven gañar? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, sabía que inmediatamente ía vostede rectificar.

Empeza a réplica dicindo que como presumimos se triplicamos a débeda pública. Pero, señor Méndez Romeu, ¿non sabe vostede que incumprir o déficit é incrementar a débeda pública? Por iso, como non queremos incrementar a débeda pública, cumprimos o déficit, señor Méndez Romeu. ¿Verdade que isto se pode entender incluso dende as filas do Partido Socialista Obreiro Español?

Mire, señor Méndez Romeu, recortar as comunidades do PSOE, en Galicia, cero recortes no ano 2016. ¿Sabe por que, señoría? Porque levamos cumprindo o déficit público *(Aplausos.)* e aquí non hai recortes, e nas comunidades autónomas do Partido Socialista está habendo recortes durante todo o ano 2016. Ese é o problema que teñen.

Mire, señoría, di vostede que non medrou a economía, e resulta que a economía medra o 3,2 %. Di vostede que non baixa o paro, e resulta que o paro baixa máis que na media de España, temos menos paro que no ano 2010 e temos máis afiliacións á Seguridade Social que cando empezou a lexislatura. Señor Méndez Romeu, ¡para nota!

Mire, di que desperdiciamos non sei cantos millóns no ano 2015. Non, no ano 2015 conseguimos non ter que pagar as débedas que vostedes deixaron, a razón de 85 millóns de euros, que eran as liquidacións do Partido Socialista *(Aplau-*

sos.) e que non necesitamos pagar por cumprir o déficit público.

Señoría, e este ano, como cumprimos o déficit público, imos ter 400 millóns de euros das liquidacións do ano 2014, cousa que non van ter as comunidades socialistas, por iso están enfadadas co Goberno de España.

Por iso, señoría, recortes en Galicia, cero. Hai 400 millóns de euros máis no ano 2016, e 85 millóns de euros máis no ano 2015. *(Aplausos.)*

Señor Méndez Romeu, eses son os datos, e iso, señoría, o que nos vai permitir, por exemplo, é aprobar mañá, no Consello da Xunta, un investimento de 120 millóns de euros na sanidade. Son 120 millóns de euros para facer máis colexios, para mellorar os institutos, para mellorar os centros de educación primaria, para mellorar a Formación Profesional.

Por iso cumprimos o déficit, señoría. ¿Para que? *(Murmurios.)* Para investir máis que nas comunidades socialistas e para investir máis que na media de todas as comunidades autónomas de España *(Aplausos.)* Señoría, cumprimos o déficit porque non queremos deixarlles un pufo aos galegos.

Mire, señor Méndez Romeu, está empezando vostede a estar preparado para ser o próximo líder do Partido Socialista *(Risos.)*, e dígollo con toda cordialidade, sabe o cariño que lle profeso, pero o que vostede debería é non seguir insistindo por esta vía. Parece que están feitos de fábrica; é dicir, dicir unha cousa e dicir a contraria.

Señor Méndez Romeu, debería poñerse de acordo vostede, polo menos, para criticar sempre o mesmo, porque criticando unha cousa e a contraria non digo que non escale escalafóns dentro do Partido Socialista Obreiro Español, pero dentro da credibilidade de Galicia, señor Méndez Romeu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...teña vostede coidado, teña vostede coidado, porque de verdade que este máximo de demagogia non vai con vostede. Alá, en todo caso, se os novos líderes do Partido Socialista en Galicia llo están pedindo. Pero non creo que lle deban de

pedir que se suicide desde o punto de vista intelectual. (*Aplausos.*)

Señor Méndez Romeu, señor Méndez Romeu, dígolle unha cousa. Señoría, con vostedes non se cumpría o déficit público, con nós, si. Con vostedes subía a débeda pública, con nós, a comunidade autónoma que menos sobe. Con vostedes subían os impostos, con nós baixan os impostos. (*Murmurios.*) Con vostedes baixaba a economía, con nós incrementábase a economía. Con vostedes se afundía o paro, e con nós empeza a haber emprego.

Señor Méndez Romeu, dígollo sen acritude... (*Murmurios.*)
Señor Méndez Romeu, se vostede me criticou por cumprir as miñas obrigas como presidente dos galegos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...síntome moi satisfeito de lles dar resposta aos galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas a curto, medio e longo prazo que está a adoptar o Goberno galego para acadar a confluencia salarial

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Bo día, presidente.

Hoxe voulle falar de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor.

Voulle falar de salarios. Segundo o INE, en 2015 o salario medio galego foi de 1.775,83 euros brutos ao mes, coas pagas prorrateadas, fronte aos 2.026,14 da media estatal. Aínda así, o 61 % das persoas asalariadas galegas non chega ao salario medio.

Pese á brecha salarial co Estado, os salarios galegos aumentaron un 0,4 % en 2015, mentres no conxunto do Estado fixérono o 1,7 %. Catro veces máis que en Galiza.

O lixeiro aumento dos salarios compenseuse coa caída doutros custos laborais, de xeito que o custo total por traballador caeu un 0,3 % en Galiza, mentres medrou un 1,2 % no Estado.

Así, Galiza mantense como cuarta comunidade cos salarios máis baixos. Os salarios galegos máis altos corresponden á industria, un 35 % máis que o sector servizos, 2.247 euros fronte a 1.658; pero o 31 % dos asalariados galegos tivo salarios inferiores aos 6.800 euros anuais. Para a mocidade que se incorpora ao mercado laboral, os salarios son inferiores aos 15.000 euros anuais. Neste grupo de idade, as taxas de temporalidade sitúanse por riba do 60 %, independentemente do nivel de preparación. O único grupo de traballadores que medra en Galiza é o daqueles que cobran menos da metade do salario mínimo interprofesional, representando o 18,4 % dos asalariados galegos, fronte ao 14,5 % que representaban en 2009.

Aínda peor o teñen as galegas, cun salario medio un 22 % inferior ao dos homes. Segundo a Axencia Tributaria, as galegas percibiron de media un salario de 15.414 euros brutos ao ano, fronte aos 19.746 dos homes. Entre as persoas traballadoras de 26 a 35 anos, a diferenza de salario é do 16 %, xa que elas cobran 12.419 euros ao ano polos 14.791 deles. É dicir, estamos falando desa franxa de idade, de 26 a 35 anos, onde a xente decide ter fillos. É difícil proporse ter fillos cun salario de 12.419 euros. No sector servizos traballan 9 de cada 10 traballadoras galegas, e un 63 % das que teñen contratos a tempo parcial aceptárono porque non conseguen un posto a xornada completa. A taxa de emprego feminino somerxido ronda o 20 %.

Esta situación de discriminación salarial das mulleres leva a que sexan as mulleres as que sempre se acollen ás medidas de conciliación, como a redución de xornada para coidado de fillos ou dependentes. Pero esta discriminación non se reduce á vida laboral, cos datos de febreiro, en Galiza a brecha nas pensións de xubilación entre homes e mulleres supera o 38 %: eles cobran de media 1.024 euros, elas 634,3; a eles incrementáronlles, desde o ano 2008, 237 euros ao mes, a elas, 131.

Polo tanto, preguntolle: ¿cales son as medidas a curto, medio e longo prazo que vai tomar o Goberno galego para a confluencia salarial de Galiza co Estado e a confluencia salarial entre homes e mulleres?

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, onte mesmo o conselleiro de Economía, Emprego e Industria compareceu na Cámara para explicar un proxecto industrial na provincia de Lugo. É un proxecto para desenvolver un polo tecnolóxico no ámbito da industria aeronáutica, e un exemplo –na nosa opinión– dun sector tecnolóxico, dun sector innovador, dun sector competitivo e de alto valor engadido. É un sector, sen dúbida, onde os salarios son máis altos que a media do resto dos sectores, por iso onte nos sorprendeu, unha vez máis, que o seu grupo volvera opoñerse a este proxecto de fabricación e deseño de avións non tripulados en Galicia.

Comprenderá, señoría, que opoñéndose aos proxectos industriais de Galicia, sobre todo aos proxectos de maior valor engadido, é moi difícil poder subir as rendas medias salariais e é moi difícil poder superar o problema da fenda salarial que existe en España e en Galicia entre homes e mulleres.

Agora ben, collendo os datos que vostede parece ser que quere referir a un ano, e o que parece razoable é que o refiramos a un período de tempo, por exemplo, dende que son presidente da Xunta, se quere coller eses datos –que seguro que os ten– do Instituto Nacional de Estadística, dende o ano 2008 ao ano 2014 o salario en Galicia creceu o 5,9 %, e o salario en España creceu o 4,5 %. É dicir, os salarios en Galicia, entre o ano 2008 e o ano 2014, subiron 1.101 euros, e en España a media foi de 967. Quere dicirse, polo tanto, que os salarios medios anuais aumentaron en Galicia máis que no resto de España, sendo, por suposto, consciente de que en Galicia os salarios medios anuais seguen por debaixo da media de España. Señoría, en Madrid subiron un 7,4 %; en Castela-A Mancha, un 8,2 %; no País Vasco, un 6,2 %; en Murcia, un 7,5 % e en Galicia, un 5,9 %. E o resto de comunidades autónomas subiron todas menos que as que acabo de referir.

Se vostede quere falar –e, por suposto, esa é unha cuestión sobre a que ben vale a pena unha reflexión– sobre salarios

de mulleres e de homes, efectivamente –como vostede diagnosticaba–, o problema fundamental do salario e da fenda salarial entre mulleres e homes é que as mulleres teñen máis contratos a tempo parcial que os homes, e, en consecuencia, os seus salarios, dado que traballan menos horas nunha empresa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non que traballan menos horas no total do día, son inferiores. Aí está, efectivamente, a conciliación da vida laboral e familiar e aí están as apostas da conciliación. Por exemplo, a ver se somos capaces –de momento imos intentalo e estamos en boa disposición de conseguilo– de incrementar nada máis e nada menos que o cen por cento as prazas de escolas infantís en Galicia.

Pero a pesar de todo –volvendo outra vez ao Instituto Nacional de Estadística–, se vostede colle pechado o ano 2013, somos a terceira comunidade autónoma que está mellor na fenda salarial entre mulleres e homes. En Canarias, as mulleres están un 14,7 % por debaixo; en Baleares, un 15,8 %; en Madrid, un 21,4 % e en Galicia, un 23,3 %. É dicir, somos a cuarta comunidade autónoma con menor fenda salarial entre mulleres e homes. O cal, se vostede me pregunta a miña opinión...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...dende logo non é para sacar peito, pero o que si é para traer este dato a colación e facer unha reflexión colectiva do problema da fenda salarial non en Galicia, senón en España.

Por iso, señoría, estamos intentando que os axentes sociais –que como vostede sabe son os que fixan os salarios, as empresas e as organizacións sindicais– firmen un acordo marco interprofesional no ámbito autonómico para atallar a fenda salarial entre mulleres e homes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señoría, o que estamos intentando é solucionar, dende as responsabilidades estritas constitucionais, estatutarias e laborais que ten un goberno, e chamar a atención –como vostede fai hoxe– sobre a fenda salarial entre mulleres e homes.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Realmente decepcionante a súa frivolidade cando fala de algo tan serio como é que os salarios galegos non dan para vivir as familias. Vostede fáleme de Rozas. ¿E que máis dá, se ao final só van contratar homes e as mulleres estarán contratadas para a limpeza? Ese é o problema, que ás mulleres se lles nega o acceso a postos de traballo cualificados. Son moitas menos, aínda que teñan máis formación. Ese é un dos problemas, o 61 % das mulleres traballan no sector servizos, é dicir, no sector peor pagado, con menos salarios e menos dereitos.

Ese é o problema, e eu preguntolle, ¿que vai facer para cambiar esa realidade? Di que vai haber unha reunión coas organizacións sindicais e empresariais para chegar a un acordo, algo ao que o Partido Popular votou tres veces en contra en iniciativas desta parlamentaria pedindo esa intermediación entre patronal e sindicatos.

Pero ademais fáleme vostede de que o problema das mulleres é que temos a maioría dos contratos a tempo parcial. ¿E o Goberno non ten nada que ver nesa política? ¿Por que en Galiza temos eses salarios de miseria? Dáme igual o prazo que vostede colla, colla o que máis lle conveña, o resultado sempre é o mesmo: os galegos e as galegas somos máis pobres que o resto do Estado; os asalariados e as asalariadas galegas cobran menos que no resto do Estado, non vou xogar con esas cifras.

Estoulle preguntando que medidas a curto, medio e longo prazo vai tomar para acabar con esta discriminación salarial. ¿Está vostede disposto a incentivar entre a patronal e os sindicatos convenios galegos que respondan ás necesidades galegas e que equiparen os salarios dos galegos e as galegas á media estatal? Non pode ser que vostede me diga que temos a menor fenda salarial entre homes e mulleres, porque somos as mulleres galegas as que temos os menores salarios. Aínda que a fenda salarial sexa un punto menos que a media do Estado, ao ser os salarios dos homes xa menores que os salarios do Estado, os salarios das mulleres son patéticos, e iso condénanos a ser anciás pobres e a ter pensións pobres, porque ademais temos maior esperanza de vida.

Señor Feijóo, dende logo, paréceme indignante que vostede responda isto á clase traballadora galega.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, confúndese vostede de lugar e confúndese vostede de responsabilidade. Eu non represento a patronal galega, señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu son o presidente de todos os traballadores e traballadoras de Galicia. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Señoría, comprendo que vostede veña acostumada a outros réximes políticos, onde na democracia orgánica se falaba deste tipo de cuestións e diciaselle ao Goberno que solucionara o problema dos salarios, e o Goberno por real decreto solucionaba o problema dos salarios. Pero señoría, vostede, que vén do mundo sindical, sabe perfectamente que iso é falso. En consecuencia, non intente enganar as súas compañeiras traballadoras e non intente enganar a ninguén. Dende logo, aos galegos e ás galegas non os vai enganar.

Cando dixen que nos últimos anos os salarios medios aumentaron máis en Galicia que en España, reitéroo, e engado: e seguimos por debaixo da media. Cando digo que Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor fenda salarial entre mulleres e homes, reitéroo, e digo: e seguimos por debaixo da media nos salarios das mulleres con respecto aos dos homes. Cando estamos instando a un acordo marco entre empresarios e sindicatos para negociar exactamente o problema da fenda salarial entre mulleres e homes, reitéroo, e por iso, señoría, seguiremos apostando polo tecido produtivo de Galicia, pero é ben difícil poder seguir apostando polo tecido produtivo de Galicia se cada vez que traemos unha proposta vostedes votan en contra.

Nós queremos facer avións non tripulados en Galicia, e vostede dime que votan en contra porque só van contratar homes. É un insulto á intelixencia, señoría. A maioría das universitarias en Galicia son mulleres, e está vostede insultando.

tando as enxeñeiras, está vostede insultando as persoas que se están preparando na universidade, dicindo que non as van contratar simplemente porque son mulleres. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Mire, señoría, dos 90.000 profesionais que traballan na Xunta de Galicia *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, aproximadamente 60.000 son mulleres e 30.000 son homes. ¿Quere dicirse, señoría, que non hai médicos na Xunta de Galicia, que non hai doutoras, que non hai arquitectas, que non hai enxeñeiras? Señoría, un pouco de respecto polas mulleres, e non as siga utilizando desta forma. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Creo, honradamente, que non vale a pena seguir utilizando as mulleres en relación coa fenda salarial. *(Aplausos.)*

Mire, señoría *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, non á instalación en Rozas dun sector aeronáutico competitivo. Non a ampliar a factoría de PSA Peugeot-Citroën, en Vigo..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para garantir os empregos da automoción en Vigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non á gasificadora de Reganosa para ter traballo na reparación dos gaseiros en Ferrol. Non a calquera proxecto produtivo no país. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, comprendo que... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Martínez, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...comprendo, señoría, que... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Martínez, se non, téñoa que chamar á orde. Este é o debate, señora Martínez. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, se o Grupo Mixto cambia de actitude e agora está a favor de Reganosa, a favor de ampliar Citroën e a favor de Rozas, entón que se retiren as palabras que eu acabo de pronunciar do *Diario de Sesións*. *(Aplausos.)* Sería bo, señoría, que vostede o aclarara. *(Aplausos.)*

Señoría, con todos os respectos, preocúpame a fenda salarial entre homes e mulleres... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e preocúpame, dende logo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que Galicia estea por debaixo na media dos salarios. *(Murmurios.)* E como me preocupa, nunca farei demagogia con ese asunto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia do pesimismo da mocidade galega respecto do seu futuro

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, do Bloque Nacionalista Galego.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, estes días coñecemos os resultados dun estudo realizado en todo o Estado que conclúe que os mozos galegos son os máis pesimistas con respecto ao seu futuro laboral. Os mozos galegos son... *(Murmurios.)* ¿sigo? Decía que os mozos galegos son os que ven o futuro máis negro. O 23 % cre que a súa situación laboral nos vindeiros cinco anos será aínda peor ou moito peor que a situación actual. Quizais vostede o atribúa ao pesimismo antropolóxico dos galegos, ou quizá vostede culpe o Grupo Mixto por opoñerse a que se fagan drones no aeródromo de Rozas, ou quizá para vostede a culpa tamén sexa do Bipartito. Leva sete anos presidindo a Xunta e segue intentando tapar o seu fracaso ollando para o Goberno anterior.

Pero permítame que lle dea outra explicación, señor Feijóo. ¿Coñece os resultados da enquisa estrutural de fogares realizada polo Instituto Galego de Estatística? O 19,2 % dos nosos mozos está en risco de pobreza, case un de cada cinco, señor Feijóo. Máis do dobre que no ano 2008. E a porcentaxe chega ao 20,8 % entre os mozos que viven sos.

Míren, estes días tamén coñecemos os resultados do Informe do mercado laboral en Galiza en 2015. No noso país, o único grupo de traballadores que medra é o que cobra menos da metade do salario mínimo. Segundo a Carta Social Europea, un traballador con ingresos inferiores ao salario mínimo está en risco de pobreza ou vive xa na pobreza, e en Galiza o 61 % dos novos contratados atópanse nesta situación; a maioría mozos, señor Feijóo. En 2009, case a metade dos mozos asalariados tiñan un contrato indefinido, hoxe, o 60 % dos contratos son temporais. Paro, precariedade, ausencia de expectativas de futuro; esa é a explicación, señor Feijóo, de que, segundo ese estudo ao que facía alusión ao comezo, os mozos galegos son os máis predispostos a cambiar de lugar de residencia para intentar mellorar a súas condicións de vida.

Mire, temos 100.000 mozos ocupados menos que en 2010, e os que teñen ocupación cobran salarios de miseria. Vostede estes días, cando anunciou que optará a un terceiro mandato, dixo que o facía por Galiza, pero a realidade, señor Feijóo, é que a Galiza que vai deixar en herdanza é a de negación de toda esperanza á nosa mocidade.

Por iso, ¿como valora que as mozas e os mozos galegos sexan os máis pesimistas respecto ao seu futuro?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, fala vostede na súa intervención dun estudo respecto do pesimismo dos mozos galegos, e refírese a un titular saído na prensa hai unhas semanas. Ese estudo, señoría, está feito por entidades privadas, concretamente por

unha consultora especializada en simulacións empresariais, por unha escola de negocios e por unha empresa de cosméticos chamada Nivea. Como vostede comprenderá, eu agradezo que o BNG empece a comprobar tamén que hai fontes de empresas, fontes de organizacións privadas, que fan estudos e vostede os considera propios. Pero hai que recordarlle que creo que para falar de estudos en serio ten vostede varias posibilidades: o Instituto Galego de Estatística, o Instituto Nacional de Estatística ou Eurostat.

Non teño nada, señoría, contra as empresas de cosméticos que fan estudos. Simplemente digo que é bo, señoría, traelos á Cámara para que a xente saiba cal é a súa fonte de inspiración. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor Jorquera, un parlamentario sólido como vostede soamente vai ao titular, e, efectivamente, o 23 % dos mozos cre que nos próximos cinco anos a súa situación será peor. Pero omíte vostede un dato importante, que é que o 77 % restante dos mozos di que a súa previsión será que os próximos cinco anos serán iguais, mellores ou moito mellores. Señoría, ¿que parte do estudo leu vostede?, ¿a do 23 % que di que os próximos anos serán peores, e non le a do 77 % que di que os próximos anos serán mellores? *(Aplausos.)* Señor Jorquera, se vostede quere falar dese estudo, falemos dese estudo tamén. Non hai ningún problema, señor Jorquera, ningún problema.

Agora ben, como a vostede e máis a min nos gustan as cifras oficiais —aínda que polo que vexo agora tamén lle gustan outros estudos—, sabe vostede que o Instituto Nacional de Estatística di que hai 10 comunidades autónomas con máis paro xuvenil que en Galicia; 10 comunidades autónomas. É dicir, que hai 10 comunidades autónomas que teñen máis paro xuvenil que Galicia. E se vostede me di se estou satisfeito, eu lle direi que non, pero, dende logo, estamos mellor que en 10 comunidades autónomas do resto de España.

Se vostede, en consecuencia, colle o Instituto de Estatística, pódolle dicir que o paro xuvenil baixou no último ano 7,5 puntos. E o número de parados menores de 25 anos baixou en Galicia un 17 %. E o número de ocupados xóvenes subiu un 11 %. Eu creo que iso é o que nos interesa, señor Jorquera.

Por certo, nese estudo da empresa de cosmética máis a consultora, dise outra cousa moi interesante. ¿Sabe vostede

cales son os máis pesimistas de España? Os xóvenes vascos. (*Murmurios.*) E, ¿sabe vostede cales son os máis optimistas de España? Os xóvenes andaluces. Comprenderá vostede que eu prefiro un galego pesimista con traballo que outro xoven, sen traballo, optimista.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, para unha vez que intento facerlle un favor, vostede repróchamo. (*Risos.*) Porque, se fago alusión a un estudo encargado, entre outros, por empresas de cosmética, é porque vostede entende a política única e exclusivamente como cosmética, señor Feijóo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero mire, vostede non prestou moita atención, porque logo apoiei toda a miña intervención en datos do Instituto Galego de Estatística, señor Feijóo, e no Informe sobre o mercado laboral en 2015 en Galiza elaborado polas organizacións sindicais.

Pero mire, vou seguir con datos do Instituto Galego de Estatística e do Instituto Nacional de Estatística, para que estea vostede tranquilo. Resulta que en Galiza hai 124.400 persoas menos de entre 16 e 34 anos que en 2010, e tendo menos mozos, resulta que a ocupación descendeu 7 puntos. En 2010 representaba o 31 %, agora o 24 %. As súas políticas, señor Feijóo, están provocando que emigre o futuro do noso país, que marche o coñecemento. ¿Sabe cantos mozos con título universitario emigraron nos últimos cinco anos? Emigraron 12.000, señor Feijóo, datos de institutos oficiais.

Mire, prescindir do coñecemento nun país é un drama. ¿Que nos queda entón? Unha diáspora de xente moi preparada. Isto é o que di un investigador emigrado, un deses 40 investigadores que ficaron excluídos pola Xunta da convocatoria de axudas á formación posdoutoral, por terse acollido a un programa de investigación do goberno anterior. Mire que di tamén: canta máis formación, máis difícil é que ten empregos. Estase a xerar unha realidade baseada en man de obra pouco cualificada e salarios miserentos. Situacións como

esta, señor Feijóo, son as que explican que dende 2009 emigraran 78.000 mozos, ou que haxa 30.000 fogares menos compostos por persoas menores de 35 anos. Quizá aí teña unha explicación a crise demográfica do noso país.

Mire, e xa conclúo, señor Feijóo, estes días mostrábase convencido de que dará vostede a Galiza máis estabilidade. Ese vai ser –está claro– o leitmotiv da súa campaña: a estabilidade. Ou eu, ou o caos. Pero mire, ¿que estabilidade ten a nosa mocidade para poder construír o seu proxecto vital, se resulta que o futuro que vostedes lles ofrecen coas súas políticas é paro, son salarios de miseria, ou coller a maleta e emigrar?

Mire, señor Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...mal que lle pese, a Galiza que vai deixar en herdanza é a da negación á nosa mocidade dun dereito elemental: o dereito a ter un futuro digno na nosa terra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non lle discuto, señor Jorquera, que me quixo vostede favorecer traendo ese estudo da empresa cosmética ao que vostede se refire. Iso si, señoría, creo que debe vostede ler o estudo, porque, claro, dicir que o 23 % dos mozos están pesimistas e omitir que o 70 % están optimistas, non é moi axeitado, sobre todo para un parlamentario tan sólido como vostede.

Di vostede que marcharon 12.000 mozos de Galicia o último ano, e é certo, señoría, exactamente 12.364. O que volve omitir é que, cando vostedes gobernaban, marchaban máis de 13.000 cada ano. Polo tanto, señoría, o problema dos mozos galegos, como vostede sabe, non son os que se van, o problema son os que nacen, señoría, porque agora se van menos dos que se ían antes. Algúns dirán: non, é que hai menos. Tamén estou acostumado a ese tipo de reproches.

Mire, señor Jorquera, o que lle digo, collendo eses datos do Instituto Nacional de Estatística, é que Galicia somos unha das comunidades autónomas cun profundo paro xuvenil, pero hai 10 comunidades que teñen máis paro xuvenil que nós. O que digo é que nos últimos anos baixou o paro xuvenil e incrementouse a taxa de ocupados dos mozos e das mozas galegas. Iso reitéroo. Por iso, como o que nos importa, señoría, é seguir formando, pois o Consello da Xunta, efectivamente, vai seguir intentando que o talento ao que vostede se refire quede en Galicia. E por iso imos sacar 200 contratos de mozos e mozas galegas que queiran seguir traballando en Galicia no ámbito da innovación, do desenvolvemento e da investigación; 200 novos contratos (*Aplausos.*), señoría. É o que imos facer no Consello da Xunta neste mes de abril.

Por iso, señoría, como nos interesa a formación, aquí en Galicia hai máis profesores por alumno que no resto de España; por iso en Galicia as universidades son as máis asequibles de España; por iso en Galicia hai máis prazas de formación profesional agora que cando empezou a crise económica; por iso en Galicia, señoría, están mellorando os resultados académicos e está habendo menor abandono escolar que nunca. Por iso, señoría, como nos importa reter o talento, o que queremos é –e fixémoslo– a aprobación dunha lei de universidades e de innovación en Galicia e dunha lei de emprendemento, ás que vostedes votaron en contra, vostedes saberán por que.

Por iso presentamos á Unión Europea a Estratexia de especialización intelixente –1.600 millóns de euros– e temos o visto e prace da Unión Europea, incluso o comisario de Fondos de innovación veu a Galicia a felicitar non ao Goberno, senón aos galegos, por presentar esa estratexia que estamos a desenvolver. Por iso, señorías, seguiremos co Programa Oportunus e por iso seguiremos cos contratos-programa de investigación.

Señoría, créame, imos contratar a 200 mozos e mozas, no ámbito das empresas, para que sigan traballando no eido da innovación. Non intentamos discriminar a ninguén, pero esas persoas ás que vostede se refire, que teñen todo o noso respecto, tiveron un contrato de 3 anos (*Murmurios.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...ampliámosllo un máis, e finalizou ese contrato. ¿Que

pretende vostede? ¿Que agora os que teñen outro contrato deixen de traballar para deixar oco aos que formamos entre todos con cartos dos impostos dos galegos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Verdade que vostede non pretende discriminación ningunha?

Señor Jorquera, non hai ningunha discriminación, o que hai é 200 novos contratos para mozos e mozas que queiran seguir traballando en Galicia (*Aplausos.*) no ámbito da innovación.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Se mo permiten, quero saudar os convidados que se atopan hoxe na tribuna, e vou ler unha declaración institucional que me fan chegar todos os grupos e que ten que ver con moita da xente que hoxe nos acompaña na tribuna.

En concreto, a declaración institucional consiste en que:

“O Parlamento de Galicia celebra a reanudación das relacións diplomáticas entre os Estados Unidos de América e a República de Cuba.” (*Murmurios.*) Silencio, por favor. “A última resolución deste ano, a 69/5 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada ‘Necesidade de pór fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba’ concluíu con 191 países a favor da resolución e 2 en contra –Estados Unidos e Israel–, sen ningunha abstención. Esta é unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o embargo a este país, e Galicia quere mostrar tamén así o seu compromiso e cercanía polos vínculos fraternais que nos unen co pobo de Cuba.

Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de Estados Unidos de América a Cuba, deixan espazo para a esperanza no camiño de conquistar un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexan a relación entre os pobos.”

Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, que se corresponde co punto de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidente.

“Falamos do noso río, da nosa vila, como experiencia colectiva. Os que nos visitan reciben individualmente esa experiencia social que se forma, basicamente, pola tradición, os traballos científicos ou profesionais, e a forma de ver o mundo propia de cada sociedade”.

Esta cita de Ruíz Gil sinala dous aspectos importantes que nos inducen a reflexionar sobre o patrimonio cultural. Por un lado, indica como o material, entendido aquí como tanxible, sexa construído polo ser humano –como o caso da vila– ou non o sexa –como o caso do río–, reflexa e forma parte da cosmovisión dunha comunidade. Por outro, manifesta como esa experiencia colectiva precisa ser referendada polas institucións adecuadas, a tradición e os profesionais. E con isto estase apuntando algo moi importante, que o patrimonio cultural non está na xénese universal do natural, polo tanto non é espontáneo, senón que, moi ao contrario, é parte e resultado da interacción do ser humano cos seus semellantes e co seu entorno; un artificio da súa creación e, polo tanto, reversible e dinámico. Ademais, o que é susceptible de ser considerado patrimonio cultural vai máis alá do fabricado manualmente polo home, incluído todo o manipulado intelixentemente por este.

Todos os expertos en patrimonio cultural recoñecen así os seus dous aspectos claves: o patrimonio é creación-invencción e construción social. A diferenza de gran parte dos bens naturais, todos os bens de patrimonio cultural son recursos non renovables, e é alí onde radica a responsabilidade de asegurar a preservación da nosa herdanza cultural para o deleite e as investigacións das xeracións presentes e futuras.

Traemos hoxe a esta Cámara unha iniciativa que ten como obxectivo protexer e salvagardar o noso patrimonio cultural, e máis concretamente os bens catalogados como de interese cultural. Como saben, os bens de interese cultural, chamados BIC, son aqueles bens mobles, inmobles e inmateriais máis sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia, declarados mediante decreto da Xunta de Galicia, ou que polas súas características singulares son así recoñecidos por algunha disposición normativa con carácter xenérico.

Tras a súa declaración ou recoñecemento, inscríbense no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, onde se recollen, entre outros, os datos relativos á súa identificación e localización, así como outros de interese para a súa protección.

Pero, por suposto, a declaración dun BIC determina a compatibilidade do uso cunha correcta conservación do ben protexido, polo que determina o cesamento de usos considerados incompatibles e os criterios básicos que deberán rexer as futuras intervencións.

Dende o Grupo Socialista, e tamén dende os demais grupos da oposición, temos denunciado o estado de abandono e desprotección no que se atopa boa parte do patrimonio cultural galego. Destacamos moitas veces nesta Cámara que preto do 30 % dos bens declarados BIC xa non existen ou se atopan nunha situación de grave risco. O que acontece é que, para unha parte importante destes bens, o feito de ter esta consideración non significa máis que aparecer nun listado que se pode descargar da páxina web da Xunta de Galicia, porque se está a incumprir de xeito flagrante o deber de protexelo e de conservalo.

Cun número importante destes bens o que acontece é que, cando un intenta ir visitalos, se atopa con que xa nin existen. Unhas veces atopas pedras, outras atopas silveiras e hai que supoñer que debaixo pode existir algún ben, posto que está catalogado na páxina web da Xunta, pero non sabemos nada máis. Dito isto, temos tamén que destacar que moitas veces nin sequera hai unha sinalización, algo que non debería ser moi custoso; penso que isto é algo que pode resolverse poñéndolle interese e tamén un pouco de vontade. Non cabe dúbida de que poñer algún cartel, unha identificación do terreo ou algunhas obrigas a completar polos seus propietarios, son actuacións que nos permitirán manter vivo o noso patrimonio.

E temos que dicir que non estamos a falar de casos illados. Como dixen, calcúlase que é nada menos que arredor do 30 %, polo que é preciso que asumamos dunha vez que temos un problema e que, tal e como dixen antes, o tempo xoga na nosa contra, porque a política de protección do patrimonio non é unha política que poida agardar. Se non se poñen os medios para remediar a situación na que se atopa moito do noso patrimonio, sufrirá consecuencias que terán un carácter irreversible, e de feito xa se están a ter.

Ademais, tamén temos que poñer de manifesto que en moitos casos de bens restaurados con subvencións públicas non se lles está exixindo aos propietarios de bens declarados BIC que habiliten os días e horas de visita, tal e como determina a lexislación vixente.

O problema do patrimonio non só o poñemos de manifesto dende os grupos da oposición. Durante estes anos, diversas asociacións e colectivos de defensa do patrimonio artístico tamén teñen denunciado esta dramática situación. E temos que dicir que non se ten ofrecido ningún plan alternativo para remediala tendo en conta ademais que a xestión do patrimonio e as actuacións de protección, conservación, restauración, rehabilitación ou posta en valor do mesmo constitúen un importante nicho de emprego para o noso país.

A resposta da Xunta de Galicia ante esta situación sempre foi a mesma: esgotamento de recursos, falla de iniciativa, de proxectos, desleixo e unha selección politicamente dirixida dos escasos bens obxecto de atención nestes sete anos.

E para confirmar este desleixo non temos máis que ver a política do Goberno galego reflectida nos orzamentos. Na partida adicada á protección do patrimonio artístico, histórico e cultural, o investimento pasou de 22.168.000 euros no ano 2009, a 12.834.000 euros que ten consignado para este 2016. Unha partida, ademais, que se foi reducindo cada ano de xeito proporcional ao abandono do noso patrimonio. E ademais vemos como nos orzamentos da Xunta para este ano –eses que o goberno anunciou como expansivos–, de xeito incompreensible, aínda diminuíu nun 6 % con respecto ao ano 2015.

Ademais do escaso orzamento adicado a este asunto, a Xunta practicamente só inviste na conservación de bens patrimoniais da Igrexa católica, marxinando claramente

outras obras civís de relevancia. A asociación de interese xeral Hispania Nostra, dedicada á defensa do patrimonio artístico español, ten incluído na súa tristemente célebre lista vermella nada menos que 22 monumentos galegos neste momento, entre os que tamén hai varios que teñen a consideración de BIC, como son Ferrol Vello, un barrio altamente degradado, que ten o 49 % das vivendas deshabitadas e coa maioría dos edificios en moi mal estado de conservación, producíndose derrubes e desprendementos; o mosteiro de Santa María de Monfero, que se atopa coas dependencias do mosteiro en ruínas e co risco da perda total delas; o dolmen da Moruxosa con deterioro progresivo por abandono, e mesmo cun alto risco de desaparición das pinturas; o pazo e torre de Guimarei, que está en proceso de ruína e con edificios cubertos de vexetación ou a torre da fortaleza de Sarria, con risco de derrube por abandono. E mesmo nos atopamos tamén con monumentos nacionais, como pode ser o pazo episcopal de Diomondi ou as pinturas murais da igrexa románica de San Xulián de Moraime.

Estes son unha pequena parte que serve de mostra dun problema que non pode agardar máis tempo. E a realidade é que, grazas ao traballo de moitas persoas e asociacións adicadas ao patrimonio, podemos ter información sobre o estado no que se atopan moitos dos bens, tarefa na que se está a suplir un papel no que a Administración autonómica debería ser protagonista e que non o está a facer.

Por iso, dende o Grupo Socialista, presentamos unha iniciativa que busca, por unha banda, constituír unha comisión integrada por persoas expertas para que, no prazo máximo de seis meses, emita un informe sobre o estado de conservación no que se atopan os diversos bens inmoebles catalogados como de interese cultural, sinalando aqueles que requiren de actuacións inmediatas. E despois disto, elaborar un plan programado de actuacións destinado a protexer e salvagardar o patrimonio cultural. Unha iniciativa que xa foi presentada por este grupo como unha proposta de resolución nos últimos dous debates do estado da Autonomía e que foi rexeitada polo Grupo Popular en ambas ocasións, atrasando de xeito incompreensible a posibilidade de establecer unha diagnose do estado no que se atopan os BIC para poder propoñer un plano de actuacións que freen o deterioro e garantan a conservación dos bens que están en mala situación e en situación de risco.

A esta negativa acompañouna ademais un anuncio do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de que ía presentar un plan de actuación para a rehabilitación do patrimonio galego, anuncio que caeu en saco roto, posto que nada se volveu saber disto.

Non podemos obviar ademais, neste momento, que está en tramitación e debate o Proxecto de lei de patrimonio, co que o Goberno galego agocha o debate sobre a conservación do patrimonio. Unha lei que xa teremos ocasión de debater nesta Cámara, que non soluciona o problema do que estamos a falar. Aínda ao contrario, dende este grupo xa advertimos de que na nosa opinión este proxecto de lei abre algúns interrogantes que consideramos preocupantes e que afectan, precisamente, á conservación do patrimonio.

Pero ademais –xa o dixemos en reiteradas ocasións– non temos un problema de regulación, por tanto non temos un problema normativo, temos un problema de política patrimonial, de interese, de proxectos, de iniciativa, e compromiso, por suposto, de orzamento.

Este grupo considera que ter un inventario é moi importante, xa que dificilmente se vai protexer algo se non se coñece. Pero é preciso algo máis, xa que, do mesmo xeito, dificilmente se vai remediar un problema se non se sabe con certeza que existe e cal é o seu alcance. Por iso pedimos unha vez máis que se aprobe esta iniciativa, para poñernos a traballar de xeito inmediato na conservación do noso patrimonio, porque neste problema hai algo que non podemos pedir, que é tempo, xa que cada día que pasa sen que fagamos nada supón consecuencias irreversibles para moitos bens que xa acordamos que era a nosa obriga protexer, e, como dicía ao principio, o patrimonio cultural non ten carácter renovable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. E benvidos á xente que está arriba, de convidados.

Imos, dende o Grupo Mixto, apoiar esta proposición non de lei porque consideramos que estamos ante un problema gravísimo. O desenvolvemento de Europa e o de Galiza, que tamén debería ser do chamado mundo occidental, está moi vencellada ao desenvolvemento do concepto de patrimonio cultural que herdamos do pasado como signo de identidade histórica. Hoxe en día, é un dos atributos que dan personalidade a cada un dos países, sendo das poucas cousas que escapan á homoxeneidade da globalidade.

Pero ¿que é para nós o patrimonio? Para construír a nosa historia, para ter probas dun pasado, para dar raíces e consistencia á nosa sociedade, para elevar o noso nivel cultural, para sentir e xerar orgullo, para conservar o medio no que se atopa este ben, para atraer visitantes, e isto tamén conleva o de xerar emprego e riqueza. E dentro do patrimonio, os bens de interese cultural son a figura máxima de protección, e a nova lei de patrimonio galega que se está a tramitar presenta unha gran involución na protección do mesmo.

A Xunta de Galiza promete que fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a conservación do patrimonio cultural de Galiza e que poderá acordar medidas de colaboración coa Administración do Estado e as entidades que integran a Administración local, fortalecendo e mellorando a seguridade dos bens que integran o noso patrimonio, sobre todo cando sexan ameazados por actos de espolio e destrución. Mais a realidade é que nin sequera a lei do ano 1995 se cumpriu como debería. O patrimonio, na súa maioría, estivo desprotexido, abandonado, e moitos bens destruídos ou desaparecidos.

A nova lei que está en tramitación baleira as competencias da Xunta en materia de protección do patrimonio, derivando estas competencias aos concellos, que na maioría dos casos non teñen recursos nin medios económicos nin humanos suficientes para poder facer fronte a estas novas competencias, debido á pouca ou estreita economía, o que foi agudizado sobre todo nos últimos anos de recortes.

É precisa a coordinación entre as distintas consellerías implicadas na protección e salvagarda do patrimonio, que son as de Cultura, Medio Rural e Medio Ambiente, porque a maioría dos BIC se atopan no rural. Cada unha delas ten o seu propio organigrama e pautas de funcionamento, e, que nos conste, non hai entre elas un programa de coordinación

nin vías de comunicación ante actuacións ou problemas que se poidan detectar.

Os recursos humanos e físicos son escasos os que dispoñen as administracións, úsanse mal ou ineficazmente por descoordinación, afastamento da realidade ou pouca operatividade.

Seguimos sen unha estratexia de participación social na xestión do patrimonio. Redúcense os órganos consultivos e asesores e non se incorporan enfoques innovadores na xestión do patrimonio que avogan pola democratización e a participación social como claves de éxito nesta xestión cultural, e o papel do patrimonio na cohesión, desenvolvemento e xerador de riqueza.

Debe haber unha comunicación coordinada entre os propios concellos, informando ás parroquias, comunidades de montes, comunidades de augas e de veciños dos bens patrimoniais e do interese que teñen, e dos deberes e obrigas respecto dos mesmos.

Promover nos programas educativos e nos distintos niveis dos mesmos unidades didácticas referidas ao patrimonio máis próximo, como referente de estudo e de valoración para o seu coñecemento e conseguinte respecto e protección.

Promover a conexión dos museos e das aulas con concellos, colexios e universidades para optimizar recursos próximos referentes ao patrimonio, e achegar así o gran mundo deste patrimonio cultural que nos rodea e que desprezamos por descoñecemento e ignorancia. Do local ao universal, para comezar a facernos máis sabios a toda a cidadanía sen excepcións.

Divulgar e promover. Aquí tamén temos outra gran eiva, porque dende maio pasado, por un decreto do Goberno galego, só se poderá amosar o patrimonio BIC por aqueles que son técnicos en turismo, deixando fóra outros profesionais, como de historia ou arqueoloxía.

En Galiza temos un gran problema coa riqueza patrimonial, pois a maioría atópase no medio rural, e imos a pasos axigantados ao despoboamento total, que pon en perigo todo isto. Outro factor que incide na protección patrimonial, especialmente nestes últimos anos, polo gran desenvolvemento que está a ter en moitos países e noutras zonas, é o potencial

turístico, que pode desempeñar un papel de dinamización económica no seu contorno, sobre todo no rural, onde se atopan –como dixen antes– a maioría dos BIC. E non só o da hostalaría, que é un pouco a política que segue a Xunta de Galiza.

A Xunta é consciente de que, grazas ao traballo silandeiro e voluntario de moitas persoas, colectivos, asociacións, plataformas, unha parte do noso patrimonio se vai conservando, difundindo, incluso financiando e denunciando todas as desfeitas que hai polo país adiante. Entendemos que debe haber moitísimo máis presuposto e dunha forma máis homoxénea para conservar os BIC e todo o patrimonio cultural, para que todas as galegas e galegos poidan gozar e teñan dereito a el.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Desde Alternativa Galega de Esquerda imos apoiar a iniciativa, se ben estamos convencidos de que non vai prosperar, tendo en conta o traballo realizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a consellería desde o 2009, por poñer unha data recente, e tendo en conta ademais o propio Proxecto de lei de patrimonio cultural. Tendo en conta eses dous parámetros, e vendo o auténtico desleixo e o abandono, os marcos de privatización que sufriu o noso patrimonio cultural, ben simplificado a través dos parques arqueolóxicos e o que aconteceu con Campo Lameiro. Ollando todo iso, e sabendo ademais que o catálogo –o famoso Inventario de Bens de Interese Cultural– padece unha especie de secuestro institucional, de tal forma que o que figura na propia web da Xunta a 1 de marzo de 2016 máis ou menos elencaba uns 700 bens de interese cultural, pero sabemos que existen máis de 4.000 igrexas parroquiais e uns 10.000 cruceiros; se sabemos ademais que na propia páxina web colaborativa de *patrimoniogalego.net* figuran máis de 6.000 bens inventariados, pois está claro que nos falta por ter unha visión correcta, dimensionada, dos bens de interese cultural que hai en Galicia. Pero é moi fácil entender por que se xoga

con este inventario cando non se sabe perfectamente por que. Pois moi fácil, se hai silencio, non se coñece, é máis fácil proceder a permitir certas desfeitas en nome do que se chama progreso, e sabemos que nesa dialéctica entre infraestrutura e progreso acaba, loxicamente, perdendo o patrimonio cultural. Vémolo claramente co que aconteceu coa necrópole de Coeses, vímolo co que aconteceu co castro de Noia, na punta onde se asentou o viaduto e estámolo vendo noutros moitos aspectos que, ademais, son plenamente silenciados.

Ademais, hai que ter en conta que se a todo este proceso lle sumamos a política desastrosa da Xunta de Galicia en materia de manter poboación nos núcleos rurais nas provincias interiores, está claro que o patrimonio que existe nesas provincias interiores está padecendo tamén un proceso de destrución por abandono, por desertización, e, polo tanto, está claro que falla totalmente a política no seu conxunto.

É máis, vostedes néganlle, incluso, nese proxecto de lei á cidadanía –que é a única que se está mobilizando, porque están indo eles mesmos a percorrer determinados núcleos abandonados para manter o patrimonio– ese recoñecemento, e néganlle mesmo a participación real nos órganos que poden decidir, porque o fundamental en todo isto é que as comunidades locais estean representadas e poidan participar. Agora ben, baixo responsabilidade da Xunta de Galicia, e vostedes aquí están fuxindo absolutamente da súa responsabilidade política en materia de salvagarda, prevención e protección en materia cultural, porque unicamente vostedes consideran os bens de interese cultural, en función dunha especie de sinonimia, ben de interese turístico, e, polo tanto, un ben de interese mercantil que ten que producir unha rendibilidade económica determinada. E así o fan, no seu propio proxecto de lei, cando falan da libre iniciativa económica recoñecida como liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado. Cando iso se introduce nun texto destinado a protexer o patrimonio cultural, está claro que nesa confrontación vai perder o patrimonio cultural.

O mesmo acontece con ese famoso artigo 14 que figura no proxecto de lei actual, que fala do censo, onde se fala dun censo de forma etérea e se incorpora de forma literal “sen que isto supoña necesariamente conservación física”. Pois ben, nós dicimos que os bens de interese cultural, o noso

patrimonio, hai que coñecelo, hai que estudalo, hai que difundilo e hai que preservalo, porque así saberemos perfectamente manter a nosa memoria como pobo e a nosa identidade como sociedade, como colectividade.

Para nós ese artigo é un disparate normativo e ademais provoca unha enorme inseguridade xurídica. Polo tanto, con base nestes aspectos e outros que seguramente sairán na discusión que teñamos precisamente mañá na Comisión de Educación e Cultura cando se fale do Proxecto de lei de patrimonio cultural, con base niso apoiamos a iniciativa, sabendo perfectamente que a lectura do Partido Popular é ben outra diferente, porque interesa silenciar para poder actuar en nome do mercado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta. Moi bo día.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG celebramos o debate desta iniciativa, que nos permite volver falar sobre a situación que ten o patrimonio cultural galego; un patrimonio rico, extenso, que ten a cualidade, ademais, de que conxuga desde obras que teñen un gran interese desde o punto de vista arquitectónico, até un patrimonio máis vinculado coa nosa tradición, con petos de ánimas, con hórreos, con manifestacións do que é o valor patrimonial. Que é, desde logo, un patrimonio moi extenso, moi rico e que está neste momento con graves problemas sobre el.

Hai unha cuestión que están sinalando todas as persoas expertas, e é que hai un deterioro acelerado dos bens patrimoniais galegos. E un síntoma moi claro é ese dato de que tres de cada dez bens declarados como bens de interese cultural están neste momento en ruína ou ben xa non existen. Polo tanto, ese é un síntoma dun deterioro máis grave que padece unha moi boa parte do noso patrimonio cultural, porque mesmo hai bens que non teñen a catalogación de BIC, e deberían de tela, que están absolutamente desproteixidos, desamparados. E nese sentido, nós entendemos que

hai un incumprimento das obrigas que ten a propia Administración.

É evidente que a Lei de patrimonio cultural é unha lei publicada, pero que non está tendo eficacia práctica, e iso ten para o Bloque Nacionalista Galego consecuencias moi graves. Poderíamos falar de cantos bens se teñen destruído ao longo do último século no noso país, mesmo recentemente, pois vimos como construcións que dende o punto de vista simbólico e desde o punto de vista do seu valor eran derrubadas. Unha das últimas que lembro, mesmo por memoria, puido ser o derrube do Gran Teatro de Lugo para construír un edificio. É dicir, que hai actuacións que se foron facendo sobre bens que deberían ser conservados e que o que nos están demostrando é que o patrimonio é moi fráxil e que hai que manter unha conciencia social moi forte.

Fronte a iso, nós o que vemos é a pasividade da propia Administración. Non temos que ir moi lonxe para falar de problemas de conservación no noso patrimonio, moitos deles denunciados neste Parlamento. Poderíamos falar das obras do río Sarria, do castro do Cura en Silleda, con autorización da propia Xunta de Galiza para facer unha actuación que danou o castro do Cura. Poderíamos falar de como mesmo en lugares como Campo Lameiro a propia actuación da dirección do campo provocou a destrución dun petróglifo, por moito que quixera minimizalo a Administración. Problemas coas pinturas de arte rupestre na cova de Eirós, e nestes últimos días tamén vimos colectivos nos que hai unha implicación social moi importante, como pode ser Mariña Patrimonio, que denunciaron un dano no castro do Monte de Arca, en Mondoñedo, un castro catalogado, que ademais foi un dano provocado por maquinaria pesada por plantación de eucalipto, e están alertando de que hai máis de 200 bens catalogados na Mariña en parcelas que neste momento teñen eucalipto e que están claramente en perigo. Vimos esta semana como nun concello moi próximo a onde eu son de orixe a propia Comunidade de montes dos concellos do Incio, de Samos e de Sarria, estaba requirindo que se sinalizaran cales son as mámoas que están incluídas dentro dun ben de interese cultural, porque non saben exactamente onde están. Queren facer traballos de mantemento forestal e, claro, se os fan, poden danar os bens, e se non os fan, hai unha perda económica. Polo tanto, este

é un síntoma claro do desleixo da Administración, que nin tan sequera actúa cando hai peticións por parte dos propios administrados.

Evidentemente, eu creo que hai un desleixo evidente e unha falta de medios clarísima na Dirección Xeral de Patrimonio para poder facer fronte ás obrigas que ten a Administración. Sería positivo que nos dixera o propio portavoz do Partido Popular cal é a dotación de recursos dentro da Administración para controlar os bens de patrimonio. A nós parécenos un escándalo que nunha provincia como a da Coruña só haxa un técnico, un arqueólogo, para poder facer seguimento de todas as actuacións que se teñen que facer, de cal é o estado de conservación dos bens e de como se foi deteriorando ese servizo e a propia Dirección Xeral de Patrimonio, que hoxe claramente é un ente eu diría que en estado latente, porque nin está nin actúa nin ten recursos.

Nós dixémolo aquí durante o debate da Lei de patrimonio. É un escándalo que teñamos 8 millóns para investimento en patrimonio para toda a dirección xeral, para investimento en patrimonio na conservación dos bens, e que se estean destinando 12 millóns de euros para a Cidade da Cultura. É un síntoma de onde ten a Xunta de Galicia as súas prioridades.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

Non hai dúbida, efectivamente, tal como xa se ten manifestado nesta tribuna, de que a lingua, o territorio, a historia e a cultura, e dentro dela o patrimonio cultural, constitúen sinais de identidade dun pobo. Non hai dúbida tampouco —máis ou menos así se veu recoñecer— de que, se hai algo que sobrevive na historia e permanece nesa mesma historia, é a pegada cultural dos pobos, entendendo por tal a construción colectiva que engloba a totalidade do coñecemento.

Neste senso, é unha obviedade dicir que todas as medidas e accións de defensa do patrimonio son necesarias e son sempre ben recibidas. E tamén nese senso presenta hoxe o Grupo Parlamentario Socialista unha iniciativa que, como ben aventuraba o señor Ron, nosoutros non imos apoiar porque nos parece que é unha iniciativa, en teoría, en defensa do patrimonio, pero que na práctica carece completamente de virtualidade a eses efectos. E xa saben vostedes aquilo que dicía Pavarotti, de que pretender aprender música estudando solo teoría musical es igual que pretender hacer el amor por correo. E algo diso parece que é o que pasa coa iniciativa que vostedes presentan. Dende o punto de vista práctico, serve de moi pouco, por non dicir para nada.

En primeiro lugar, porque trae a colación un mecanismo de actuación que na experiencia parlamentaria produce, loxicamente, arrepiós. Esa experiencia parlamentaria, respecto doutras comisións de estudo realizadas, indícanos que concretamente as comisións de expertos e de sabios que no Goberno bipartito se estudaron para dotar de contido a Cidade da Cultura quedaron cunha Cidade da Cultura totalmente baleira de contidos.

A comisión de estudo que se creou no ano 2006, a raíz da vaga de lumes, acabou como un auténtico seminario que non tiña outra virtualidade que tratar de desviar a propia responsabilidade. Por iso a nosoutros parécenos que a iniciativa do Grupo Socialista, que saudamos na forma e agradecemos ao señor Vázquez a súa intervención, na práctica non é nada máis que un auténtico brinde ao sol.

Pero ademais é unha iniciativa absolutamente innecesaria. Innecesaria porque Galicia xa ten instrumentos públicos encargados da xestión, conservación e protección do patrimonio; unha función concretamente estipulada e atribuída para a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que por certo conta cun elenco de profesionais e expertos técnicos e funcionarios que poden desempeñar e veñen desempeñando –dentro, loxicamente, dos recursos disponibles– perfectamente esta función.

Non é verdade, por outra parte, que a Xunta estea a incumplir a obriga de actualización do catálogo, que si se está a realizar. Pero o que chama a atención e non deixa de sorprenden é, en certo modo, a desconsideración –por

non utilizar outro termo máis contundente– que esta iniciativa representa para eses profesionais e técnicos da Consellería de Cultura que veñen desempeñando esta función.

E tamén sorprendería, pero non sorprende por reiterativa, a contradición de que os que se din normalmente defensores da xestión dos intereses públicos, cada vez con máis reiteración traen a este Parlamento iniciativas nas que se pon esa xestión en mans privadas, ao máis puro estilo liberal que vostedes critican.

Polo tanto, señorías, non sabemos cal é a razón da presentación desta iniciativa neste momento, xusto cando se está a tramitar –como xa se aludiu aquí– a Lei de patrimonio cultural. Unha lei de patrimonio cultural que, en gran medida, trata de dar respostas a estas circunstancias; unha lei que, entre outras actuacións, determina as necesarias para a identificación dos bens do patrimonio cultural, as tipoloxías de intervención, os niveis de protección, e que tamén establece como autoexixencia o prazo de 5 anos para identificar e concretar os BIC, e o prazo de 2 anos para divulgar a relación de BIC e bens catalogados.

Polo tanto, non se entende esta iniciativa salvo que se pretenda unha cuestión de oportunismo político, traendo a debate algo que saíu nos medios de comunicación; que se busque protagonismo no debate da lei ao insistir na crítica reiterada –que xa se fixo na sesión de control ao presidente– da actuación presupostaria da Xunta de Galicia, e á que xa respostou o propio presidente, e que, polo tanto, me aforra a min ningún comentario.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: En calquera caso, o que transmite esta iniciativa é a sensación de que vostedes carecen de proxecto propio de patrimonio, de actuación cultural, poñen en mans alleas a solución dos problemas, e pretenden que outros llelos resolvan. Polo tanto, permítanme resumir dicindo que esta iniciativa é unha “cucada” no máis puro sentido do cuco, ese paxaro que cantaba Suso Baamonde, que canta no mes de abril, e do que o aserto popular di aquilo tan claro de: “Soy de la opinión del cuco, pájaro que nunca anida, pone el huevo en nido ajeno, y otra ave se lo cría.”

Poñan vostedes os ovos no niño que lles pareza oportuno, pero non esperen que nosoutros llelo criemos con iniciativas coma esta, que na práctica non teñen virtualidade ningunha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Baamonde.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer, como non pode ser doutro xeito, o apoio do Grupo Mixto, do BNG, e da AGE a esta iniciativa, e teño unha vez máis que lamentar a negativa do Partido Popular. Sobre todo, lamentar os argumentos que aquí se expuxeron, que non son argumentos nin se dan explicacións, simplemente se poñen excusas para non apoiala, o cal non nos sorprende, como ben adiantaba o voceiro da AGE. O problema é que, unha vez máis, se segue a dar as costas á realidade do noso país e o noso patrimonio segue a estar condenado, abandonado, e a deteriorarse co tempo.

Durante estes anos, señor Baamonde, co Goberno do Partido Popular o noso patrimonio non só sufriu unha perda orzamentaria –como expuxen antes– de xeito progresivo, senón que tamén se atopou con desleixo en materia de conservación; e a súa intervención dá boa mostra da falla de sensibilidade que este goberno ten con algo tan valioso como é o noso patrimonio cultural.

De pouco serve que poñamos de manifesto o estado no que se atopa ata o 30 % dos BIC. De pouco serve que se poña de manifesto que, grazas ao traballo de diversos colectivos e asociacións, se estea a coñecer o deterioro ao que está sendo sometido o patrimonio, deixando en evidencia o papel desempeñado polo Goberno de Galicia, que é o responsable e que debe velar pola súa conservación. Ademais de que a restauración patrimonial –como ben dixen antes– pode ser un nicho de emprego para o noso país.

Vostedes néganse a recoñecer a realidade, e o peor disto é que ten graves consecuencias que, por desgraza, a diferenza

doutras políticas, non teñen arranxo e teñen carácter irreversible moitas veces.

Resulta curioso que, ao mesmo tempo que vostedes reclaman consenso para aprobar un proxecto de lei de patrimonio, nin sequera sexan capaces de apoiar unha iniciativa que o que busca é algo tan sinxelo e importante como constituír unha comisión que emita un informe sobre o estado de conservación no que se atopan os bens de interese cultural, e sinala cales requiren de actuacións inmediatas, para establecer un plan de actuacións.

Como xa lles temos dito, o problema do patrimonio non é un problema lexislativo, dino todos os expertos. E moito menos cando se impulsa un proxecto de lei que, lonxe de avanzar na protección do patrimonio, abre serios interrogantes sobre a regulación e a protección de moitos bens, e, polo tanto, que supón un retroceso neste ámbito.

É unha cuestión de medios, señor Baamonde, porque, efectivamente, fan falla medios para conservar o patrimonio. Pero tamén é unha cuestión de sensibilidade, de educación, de autoaprezo e autoestima, e, por suposto, fai falla que funcionen e se impulsen os mecanismos de protección. A concienciación, a educación, son fundamentais, pero ademais fai falla unha conciencia colectiva de que eses bens son unha cuestión que nos afecta a todos.

Ter un inventario –como dixen– é moi importante, xa que dificilmente se pode protexer algo que non se sabe que existe. Pero sen unha actualización continua do estado dos bens, e por suposto sen diagnose, non se poden impulsar as medidas que poñan fin a esta situación. E isto era o que pediamos hoxe aquí, actuacións concretas que eviten danos irreparables que é evidente que sofren moitos bens que esta Cámara aproba que sexan considerados BIC, sen que iso teña ningunha consecuencia, máis que aparecer nunha lista da páxina web da Xunta de Galicia, pero sen que se poña en coñecemento o seu estado e sen buscar remedios que aseguren a súa conservación. Así é que lamentamos, unha vez máis, que insistan na súa política de abandono do patrimonio, que sigan a contribuír á perda irreparable de moitos bens que se atopan nunha grave situación.

A verdade é que, vendo a súa postura aquí hoxe, será difícil de crer, cando debatamos nesta Cámara o proxecto de lei de

patrimonio, que o Goberno galego traballa pola conservación do rico patrimonio cultural de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa se presentaron dúas emendas, unha do Grupo Mixto e unha do Grupo dos Socialistas.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e voceira, Carmen Iglesias Sueiro, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva o seguinte texto.

“Elaborar un programa que contemple unha serie de medias para manter e facilitar a permanencia no posto de traballo das mulleres maltratadas que conte coas seguintes actuacións:

- 1. Redución e/ou reordenación do seu horario e calendario laboral sen que isto supoña unha mingua no seu salario.*
- 2. Adaptacións das súas funcións laborais ás posibles secuelas físicas ou psíquicas derivadas da súa condición de vítima.*
- 3. Reserva do posto de traballo durante 1 ano prorrogable a 3, cando a muller se vexa na obriga de cesar no desempeño laboral ou cambiar de poboación como consecuencia dos malos tratos.*
- 4. A non consideración das faltas de asistencia e/ou puntualidade derivadas da súa condición de vítima cando así o acrediten os/as profesionais competentes.*

5. Preferencia na mobilidade de posto de traballo para as mulleres traballadoras vítimas de violencia de xénero.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei (doc. núm. 46746).

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que modifique a Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, establecendo:

- 1.- Unha partida orzamentaria específica, distinta, suficiente e cunha dotación permanente para atender dentro destas achegas as vítimas da violencia de xénero.*
- 2.- E que ademais, para as vítimas, se estableza sempre unha contratación cunha duración de doce meses, a tempo completo e co prazo de solicitude aberto durante todo o ano.”)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Oubiña Solla.

A señora OUBIÑA SOLLA: Bos días a todos e a todas.

Antes de empezar a intervención, quería unha vez máis condenar e rexeitar os últimos dous casos de asasinato por violencia machista, que un deles tivo lugar na provincia de Lugo.

Dito isto, empezo a miña exposición dicindo que a Lei galega de violencia de xénero do 2007 aprobouse neste Parlamento por unanimidade de todos os grupos parlamentarios.

Esta lei do 2007 preveu unha actuación integral sobre este grave problema social, tanto na súa prevención como no tratamento ás vítimas.

Este tratamento debe basearse, como todos sabemos, nun sistema coordinado de servizos, de recursos e de medidas; un sistema que, cando este goberno chegou ao poder, consistía na rede de centros de información á muller, na rede de casas de acollida, o convenio co Colexio de Psicología para a atención psicolóxica, e as axudas periódicas para facilitar a independencia económica.

Todos estes medios, certamente, supuxeron avances importantes na súa atención, pero todos eles tiñan marxe de mellora. Así, nestes últimos anos, a cobertura dos CIM estendeuse ata 167 concellos, e mellorará coa nova regulación en trámite. A rede de casas de acollida, que se integrou na rede estatal a través dun convenio asinado no 2014 polas comunidades autónomas, permite traslados por todo o territorio nacional cando isto sexa necesario. O convenio co Colexio de Psicólogos, dende o 2014 inclúe tamén a atención a aquelas mulleres con discapacidade auditiva ou de fala. E as axudas periódicas, este ano incrementaron o seu orzamento nun 16 %. Sen ir máis lonxe, na anterior convocatoria foron atendidas 339 mulleres, un número superior a calquera exercicio previo ao ano 2009.

Para que este modelo de atención sexa realmente integral, non basta con mellorar o xa existente, foi necesaria a creación de novos servizos. Así, dende o 2011 regulouse a escolarización inmediata de fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero que necesiten ser atendidos no centro por mor desta situación.

Dende o 2012 existe unha rede de entidades locais contra a violencia de xénero, con actuacións coordinadas en toda Galicia. Dende o 2013, o servizo de comedor escolar é gratuito para fillos e fillas de mulleres que sufriran esta violencia. E dende o ano 2013 hai tamén un servizo gratuito de transporte aos centros da Rede Galega de Acollemento, mediante un convenio con Fegataxi, así como un sistema de tramitación abreviada para as vítimas de violencia de xénero.

Dende o 2014 está en marcha o Centro de recuperación integral en Santiago de Compostela, con persoal especializado, e distintas áreas de actuación, na recuperación de mulleres que lograron deixar atrás a situación de violencia.

Dende o 2015, dous convenios co Estado permiten á Policía Autonómica prestar atención directa ás vítimas de violencia e teren acceso á base de datos Viogen.

Igualmente, dende hai poucos meses, a Xunta ofrece un servizo de aplicación móbil, con orientación e recursos para as vítimas, froito dunha colaboración co Colexio de Enxeñería Informática.

Por todo isto, este sistema integral de atención ás vítimas de violencia é hoxe moito máis integral e moito máis completo do que o era hai sete anos. Pero cremos que seguen sendo necesarios novos avances en eidos ou en ámbitos que son tamén fundamentais.

Un deses eidos é a inserción laboral das mulleres que teñen sufrido violencia machista; inserción laboral que lles permita iniciar unha nova vida independente, libre de violencia e lonxe do ámbito do agresor.

É certo, igualmente, que a Xunta de Galicia xa daba prioridade ás vítimas en todas as súas convocatorias de axuda, tanto para formación como para a contratación de mulleres vítimas desempregadas, tal como se recolle no informe anual de seguimento da lei do 2007.

Mais, segundo os distintos documentos elaborados pola Xunta nestes anos, tales como o VI Plan de igualdade, ou a Estratexia de inclusión social, recomendan dar un novo impulso ás políticas de inserción laboral destas mulleres vítimas de violencia, que pasan pola colaboración co tecido asociativo e pola atención especializada, con itinerarios específicos e tamén adaptados.

Nesa obriga se enmarca esta proposición non de lei, que vén complementar aínda máis a rede de servizos e recursos á disposición das vítimas de violencia na comunidade.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia xa está incluída unha partida económica por un importe de 975.000 euros para os anos 2016 e 2017, que teñen como obxectivo seguir incrementando máis medidas para as vítimas de violencia, co fin de acadar esa integración laboral.

Polo tanto, ¿que propoñemos a través desta proposición non de lei? Propoñemos un programa de inserción laboral, subvencionando ás entidades sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor na axuda, na recuperación e tamén no acompañamento ás vítimas, para o desenvolvemento desas medidas de inserción laboral dirixidas ás mulleres da comunidade

autónoma de Galicia que o acrediten a través de calquera das fórmulas previstas no artigo 5 da lei galega.

¿Que debe ter en conta este programa?

En primeiro lugar, a creación dun itinerario de inserción laboral que inclúa o deseño dun plan personalizado, con entrevistas individualizadas que permitan obter información acerca dos recursos de que dispón; é dicir, aptitudes para o emprego, dispoñibilidade, formación, experiencia laboral, etc.

Orientación profesional e asesoramento laboral para o emprego, como son a elaboración de curriculum, técnicas de busca de emprego, asesoramento informativo, obradoiros e demais.

Busca activa de emprego con acompañamento e tamén seguimento, tanto na busca como no posto de traballo.

Intermediación laboral e contrato con empresas, xestionando aquelas posibles ofertas de emprego que se adecuen mellor ao perfil laboral das aspirantes.

Seguimento desa inserción laboral e tamén avaliación do traballo realizado, así como tamén daquelas outras cuestións dirixidas a incrementar e mellorar a empregabilidade das mulleres vítimas.

No segundo punto, propoñemos a formación para o emprego, incluíndose neste apartado accións formativas para adquirir as competencias clave, formación en coaching, e formación social tamén para as mulleres inmigrantes.

En terceiro lugar, propoñemos actuacións de apoio á conciliación, poñendo á disposición todos os servizos de atención persoal, e tamén familiar, que faciliten a participación das mulleres vítimas da violencia naquelas e estas accións comprendidas nese itinerario de inserción laboral, ou tamén de formación, necesarias para o acceso ao emprego.

Polo tanto, esas son as cousas que propoñemos nesta proposición non de lei. Esperamos contar coa colaboración e o apoio dos grupos da oposición, co fin de poder desenvolver novas medidas de inserción laboral para as vítimas de violencia de xénero.

En canto ás emendas presentadas, posicionareime no turno de réplica.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día, señorías.

Moitas grazas, presidenta.

O texto expositivo desta iniciativa do PP –unha iniciativa absolutamente baleira de contido pero chea, abarrotada, de buenismo paternalista–, argumenta que a integración social e laboral das mulleres que sofren maltrato é a mellor forma de lograr a independencia económica, así como a recuperación da autoestima que lles permita reiniciar unha nova situación afastada da situación de maltrato.

Ben, ata aí de acordo. Pero, tal e como está o mercado laboral despois das reformas executadas polo Partido Popular, esta deputada dubida moitísimo de que un contrato temporal a tempo parcial, en precario, sexa a ferramenta ideal para acadar a independencia económica das mulleres maltratadas. Sobre todo, se esta muller maltratada se atopa no caso de ter descendencia ou persoas dependentes ao seu cargo.

A precariedade laboral está feminizada, señorías, cunha fenda salarial dun 17,8 % por riba da media europea, e fai que as mulleres accedan a un posto de traballo en peores condicións que os homes. Ademais, vense na obriga de realizar as súas funcións sen que existan medidas reais e efectivas para a conciliación laboral e persoal, unha cuestión imprescindible no caso dunha traballadora vítima de violencia de xénero. Ademais, as políticas de austeridade do Partido Popular relegaron a moitísimas mulleres aos tradicionais roles de subordinación e coidados.

En resumo, son as mulleres as que máis sofren a precariedade laboral. Engrosan as listas do desemprego, da precariedade, da temporalidade, do traballo a tempo parcial, do traballo de coidados, con salario parcial e xubilación parcial, nunha

vida laboral limitada no tempo e na calidade e que xera salarios e pensións insuficientes. Ante este panorama, permítame, señora deputada, que dubide do contido desta PNL.

Por outra parte, vostedes parten dunha falsa realidade que responde a un mito socialmente establecido, que a violencia de xénero a sofre un tipo concreto de mulleres, con características moi estereotipadas: muller pasiva, muller inculta, sen traballo remunerado, que comparte vida, supostamente, cun alcohólico ou un parado. ¡Nada máis lonxe da realidade! Non contemplan que calquera muller poida sufrir este tipo de agresións, cando o certo é que non existe un perfil de muller que tenda a ser maltratada. Un recente estudo sobre 300 mulleres traballadoras que sufrían malos tratos demostra que o 91 % destas mulleres que tiñan posto de traballo non realizaron denuncia por medo a perder o posto de traballo.

Por iso, e pola importancia que ten o emprego para unha muller vítima da violencia machista, presento esta emenda, encamiñada a garantir e facilitar a permanencia no emprego das mulleres que o tiñan anteriormente ou/e durante o proceso de maltrato. Sobre todo estoume a referir á empresa privada.

A emenda que eu presento contempla os seguintes puntos: Redución e/ou reordenación do seu horario e calendario laboral, sen que isto supoña unha mingua, en absoluto, ningunha mingua, no seu salario. Adaptación das súas funcións laborais ás posibles secuelas físicas ou psíquicas derivadas da súa condición de vítima. Reserva do posto de traballo durante un ano, prorrogable a tres, cando a muller se vexa na obriga de cesar no desempeño laboral ou cambiar de poboación como consecuencia dos malos tratos. A non consideración de faltas de asistencia e/ou puntualidade derivadas da súa condición de vítima, cando así o acreditan os profesionais competentes. E preferencia na mobilidade de posto de traballo para as mulleres traballadoras vítimas de violencia de xénero.

Por todo o dito, espero que o Partido Popular acepte esta emenda, se a súa preocupación é a liberación dos malos tratos a través da inserción no mercado laboral.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente. Bo día, señorías.

Señora deputada, menos condolencias e máis propostas. Pero ademais propostas serias e comprometidas, e non esa tomadura de pelo –por ser correcta politicamente– que nos trae vostede hoxe. Menos publicidade e menos autobombo, pois, señora deputada, lamentablemente as vítimas asasinadas –niso felicítoa porque xa non son mortas, algo conseguimos– medran cada día.

Segundo os datos do Informe de violencia de xénero do ano 2015 que acabamos de coñecer, datos da propia Consellería do señor Rueda, foron 5.210 as mulleres que denunciaron estar padecendo maltrato por violencia de xénero, por suposto que vítimas hai moitísimas máis. Pero, segundo o mesmo informe, foron só 25 vítimas as que atoparon emprego a través dos plans de cooperación, 2 vítimas máis co autoemprego, e outras 2 atoparon un traballo a tempo parcial; total, señora deputada, 29 vítimas de 5.210 denuncias.

Eu non sei se a vostede lle parecen estes uns datos bos, pois 29 empregos paréceme que non supoñen unha solución para ese número de vítimas. Eu non sei se con eses datos lle parece a vostede oportuno que o grupo parlamentar que apoia o Goberno traia unha iniciativa das características da súa; é dicir, un itinerario de inserción, máis formación e apoio á conciliación. ¿A vostede parécelle que isto vai solucionar o problema que evidentemente temos?

Claro que do compromiso do Partido Popular co traballo da muller temos un exemplo clarísimo: o modelo do señor Baltar. E o compromiso do señor Feijóo co traballo das mulleres vítimas de violencia de xénero tamén ten un exemplo moi claro: o das mariscadoras de Noia. Ou sexa, nada de nada. Pero por se a alguén non lle chega con eses exemplos, imos analizar o que –como vostede dicía– se atoparon cando chegaron ao Goberno. Mire, voulle dicir o que atoparon vostedes cando chegaron ao Goberno.

Atoparon unha lei galega, unha lei autonómica, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que contempla un réxime de axudas e subvencións para o fomento do emprego das mulleres que sofren violencia de xénero

no noso país, a través, señora deputada, dos programas de cooperación. Ademais atoparon vostedes a Orde do 29 de decembro de 2008, que regulaba esas achegas e establecía que as solicitudes de subvención para a contratación de mulleres vítimas de violencia nesas programas non estarían suxeitas ao prazo de presentación previsto e que terían sempre unha duración de doce meses. E tamén atoparon vostedes que, no último exercicio orzamentario do Goberno do señor Touriño, se destinaban preto de 60 millóns de euros, 59.479.000 euros, para eses programas.

¿E como melloraron vostedes o existente, o que se encontraron? Pois moi ben, dígollo eu. O señor Feijóo modificou tres cousas nos programas de cooperación: a contía, a duración e o prazo para solicitálo; por certo, tamén para as vítimas de violencia. De maneira que o señor Feijóo no ano 2015 destinou a eses programas 1.300.000 euros, nada que ver cos 60 millóns do ano 2008.

O prazo de solicitudes, señora deputada, é só de 30 días, do 31 de decembro ao 30 de xaneiro, tamén para as vítimas de violencia. E a duración dos contratos non poderá superar os tres meses, cando sexan a tempo completo, ou seis se son a tempo parcial; insisto, tamén para as vítimas. Así que o recorte dos plans de traballo de Feijóo para as mulleres vítimas é obvio. Dun contrato dun ano a tempo completo, e no momento do ano no que se acredita a condición de vítima, a só tres meses e só un mes para poder acceder. Pero é que non podemos esquecer que a duración do contrato condiciona as prestacións ás que a vítima pode acceder unha vez rematado ese contrato. Ou sexa, señora deputada, que co Bipartito se garantía un horizonte de protección de 34 ou 42 meses para as mulleres vítimas, dependendo da idade desa vítima, e agora co señor Feijóo, e coas melloras do señor Feijóo, só 6 no caso de ter cargas familiares.

Esa é a situación real, señora deputada, e por iso presentamos a nosa emenda, na que pedimos volver á situación que vostedes se encontraron. Esperemos que, se de verdade queren axudar as vítimas e facer algo polo traballo das mulleres e de todas as vítimas de violencia de xénero, acepten a nosa emenda.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que, un pouco na liña do que xa expuxeron as anteriores voceiras, resulta contraditoria esta iniciativa que nos trae o Partido Popular hoxe aquí. Contraditoria porque semellan preocupados polo emprego feminino, e das mulleres vítimas de violencia de xénero en particular, cando é precisamente –como xa se dixo– a destrución de emprego e de emprego de calidade, propiciada maiormente pola reforma laboral do Partido Popular, a que está a causar un maior incremento desa pobreza feminina, e, por tanto, un incremento da desigualdade que sufrimos as mulleres.

Temos sobre a mesa –témolo debatido– unha fenda salarial dun 22 %, que é máis dun 45 % nas mulleres maiores de 65 anos, que ademais teñen as pensións máis baixas. O groso de mulleres galegas cobra entre 0 e 1,5 salarios mínimos interprofesionais; entre 0 e 1,5. Continúa a perda de ocupación entre as mulleres mozas; está en todos os estudos recentemente publicados polo 8 de marzo. E de todas as galegas, xa son un 23,1 % as que traballan a tempo parcial, case un cuarto da totalidade das traballadoras galegas.

Resulta, ademais, contraditorio cando o Partido Popular ten defendido as súas políticas en violencia de xénero. De feito, a voceira que defendeu esta iniciativa defendeu ao tempo as políticas do Partido Popular neste eido, entendendo que si están a facer cousas en materia de inserción socioeconómica das mulleres que sufriron violencia de xénero. Sen embargo, presentan esta proposición non de lei semellando deixar claro –ou o parecía lendo o texto, pola intervención non– que o Grupo Popular asume que na actualidade non hai políticas dentro da inserción activa laboral destas mulleres, a pesar de que –como recoñeceron na propia iniciativa e teñen reafirmado as comparecentes na Comisión de Igualdade– este asunto é imprescindible para que unha muller vítima de violencia de xénero poida abandonar o agresor se depende economicamente deste. Agora que remata a súa lexislatura é cando vostedes deciden propor algunha medida de formación sociolaboral para a inserción, asesoramento e medidas de axuda para a conciliación. Agora, dúas lexislaturas despois.

Tampouco o dato orzamentario é, a verdade, para presumir. En 2015 –díxoo a señora Acuña xa–, segundo os datos contidos no propio Informe da Secretaría de Igualdade, foron en Galicia recoñecidas en torno a 5.000 vítimas de violencia de xénero. E se temos en conta esa partida que dá como dato o Partido Popular na iniciativa, daríanos a conta de 130 euros por cada muller. E eu pregunto, ¿que van facer vostedes con 130 euros? ¿Como van insertar laboralmente ou formar para unha inserción laboral a unha muller con 130 euros? Dá para unha xornada dun día, para unha xornada de formación dun día. Entón pregunto, estaría ben que a deputada propoñente nos aclarase como van desenvolverse esas medidas con ese exíguo orzamento, con 130 euros por muller, se temos en conta só as do 2015, porque, obviamente, pode haber mulleres de anos anteriores que sigan nesa situación de desemprego e sexan vítimas de violencia de xénero.

E, obviamente, esta iniciativa é contraditoria porque vostedes levan votado en contra durante todos estes anos, e nos últimos meses, de todas as propostas presentadas polos outros grupos en materia laboral e noutras materias relativas ás vítimas de violencia de xénero nesta lexislatura. E semella que, finalizada a lexislatura, precisamente o Partido Popular quixese aparentar certa preocupación por esta materia, preocupación que non evidencian as súas políticas reais.

Hai que lembrar que non hai medidas. Vimos na comparecencia da secretaria xeral de Igualdade sobre o Informe de violencia de 2015 que non había nin unha soa medida tomada neste eido; non figura no informe. E alén deses plans de igualdade nas empresas, que, por certo, teño que lembrar que outro ano máis –e levamos xa tres–, a pesar de que se lle preguntou que efecto tiveron eses plans de igualdade, se serviron para unha maior contratación, se serviron para un emprego máis estable das mulleres, non houbo ningunha resposta, e levamos xa tres anos consecutivos sen respostas neste eido.

Ningunha análise do impacto de destrución de emprego público tampouco, maioritariamente feminino, sobre todo en educación, sanidade e benestar. E resulta chamativo que non propoñan nada vostedes neste eido.

Entendemos, polo tanto, que a proposta é meramente cosmética; con escaso contido, porque non concreta nada. E gustaríanos saber se con ela –como dixen– o Partido Popu-

lar motiva que o Partido Popular do Goberno, que non fixo nada nestas dúas lexislaturas, pretenda agora facelo con 130 euros por muller vítima da violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Señora Oubiña, debo confesarlle que o 8 de marzo tiven verdadeiros problemas políticos, incluso intelectuais, para entender o anuncio do señor Feijóo de que a Xunta aprobaría un programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero, dotado con 600.000 euros, e que foi exactamente o que vostede explicou agora un mes despois dende esta tribuna. De feito, saíu en todos os xornais. Eu despois fun á páxina da Xunta, á Secretaría Xeral de Igualdade, para comprobar como estaba deseñado este plan. Está sen deseñar, segue estando. Pode entrar na páxina web e verá que seguen simplemente os titulares. Coa propia secretaria xeral de Igualdade debatemos sobre ese plan; bueno, sobre o informe de violencia, e falou do plan. Pero claro, voulle dicir por que teño verdadeiros problemas.

Cando vostede fala da Lei galega de prevención e tratamento da violencia de xénero, recordará que no seu artigo 35 e no artigo 36 delimitan –ou intentan, polo menos– centrarse no ámbito laboral; no ámbito laboral que, cando se confectiona a lei e cando se aproba nesta Cámara, se considera que debe ser transversal. É dicir, o que non debe asumir a propia Secretaría Xeral de Igualdade, cos seus escasos recursos, case sempre, en todos os gobernos de todas as cores e de todos os espazos do mundo mundial, é a inserción laboral das mulleres, senón que a Consellería de Traballo en todos os seus plans e en todos os departamentos que teñen ordes de subvencións e que están xerando traballo para autónomos, para emprendedores, para innovación, deben asumir esa contratación das mulleres vítimas de violencia de xénero. Ese é o espírito co cal se diseña a lei.

Con base niso, e xa coa lei na man, o artigo 35 establece exactamente: “a) Establecemento das mulleres que sofren violencia de xénero como colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal”. –¿feito? Non–; “b) Establecemento dun réxime de axudas e subvencións específico para as empresas que contraten as mulleres que sofren violencia de xénero, establecendo medidas e accións para fomentar a súa contratación con carácter estable”–a medias–; “c) Establecemento dun réxime de axudas e subvencións para as mulleres que sofren violencia de xénero cando decidan constituírse como traballadoras autónomas. Nestes casos estableceranse tamén axudas para garantir apoio e seguimento titorial personalizado do seu proxecto” –si, con reticencias, vimos os datos, acaban de dalos, e non se fomenta, non aparece recollido na Lei de emprendemento, que aínda que se puxera como unha emenda, non foi aceptado, non está como colectivo preferente en “Galiza emprende”, non está, se non me falla a memoria, no Programa muller e ciencia, non está recollido noutros espazos onde se está fomentando o emprendemento, cando está claramente na lei, que non fai falta ir a ningún plan específico porque isto había, necesariamente, que desenvolveo–; “d) Establecemento dun réxime de axudas e subvencións para o fomento do emprego das mulleres que sofren violencia de xénero a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración das entidades locais” –xa o explicou perfectamente a señora Acuña, non me vou deter nisto porque vostede o coñece, ademais–; “e). Integración preferente das mulleres que sofren violencia de xénero en todos os programas de formación profesional, ocupacional e continua, e de inserción laboral que se poñan en marcha desde a Xunta de Galicia.”–¿feito ou non feito? Non, ou a medias na metade deles– “Os cursos de formación profesional e ocupacional deberán prever axudas económicas para as mulleres que sofren violencia de xénero segundo as condicións que regulamentariamente se establezan; 2. O Servizo Público de Emprego de Galicia garantirá en todos os procedementos de selección que se efectúen a través das oficinas de emprego a preferencia das mulleres que sufran violencia de xénero sempre e cando cumpran a totalidade dos requisitos. 3. A competencia da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e saúde no traballo integrarán activamente entre os seus obxectivos e as súas actuacións o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e investigarán a influencia da violencia de xénero na aparición e agravamento das enfermidades profesionais”–¿feito? Non–.

“Artigo 36. Plans de igualdade nas empresas”. Son catro puntos que non me dá tempo a desenvolver porque me quedan 38 segundos. Claro, é que cando vexo a iniciativa, eu, sen acritude, intentando simplemente lela literalmente e sen ter feito ningunha referencia a que o señor presidente o anunciara o 8 de marzo como gran medida, tendo en conta que levan votado en contra da elaboración dun plan de emprego feminino, obrigatorio pola vixente Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e promesa do señor Feijóo na toma de posesión do ano 2009, claro, ¿que temos que votar nesta iniciativa? Pois o Grupo Parlamentario do BNG decidiu non votar, simplemente. Claro que non estamos en contra da inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero, claro que si, como vostedes, que tamén apoiaron esta lei. Desenvolvan a lei, non nos teñan aquí –con todo o respecto– nun tema tan importante debatendo, é unha tomadura de pelo. Eu simplemente digo que non o entendo. Ou non se coñece a lei ou non se quere desenvolver.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo autor da iniciativa. Señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLÁ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que lamentamos que os grupos da oposición non teñan a sensibilidade de poder apoiar esta iniciativa. Eu creo que vostedes confunden aquí dúas cousas, confunden o que é un plan de emprego co que nós hoxe propoñemos, que é un programa de medidas de axuda á inserción laboral. E creo que iso o confunden, ao mellor, de maneira torticera.

Creo que esta iniciativa se enmarca na necesidade de que as mulleres vítimas de violencia deben ser atendidas co fin de superar a situación de maltrato e poder iniciar esa nova vida. Tanto en servizos como en recursos e medidas e medios económicos xa dixen aquí que todos eles foron incrementados nos últimos anos. Señora Acuña, non confunda vostede a estrutura que tiña a Xunta anterior e a estrutura que ten a actual. Polo tanto, cremos que seguen sendo necesarias novas medidas, sobre todo no ámbito laboral.

En canto ás emendas presentadas, hai que dicir, en relación coa señora Acuña, do Partido Socialista, que, bueno, que nos

parece que os datos que vostede dixo que non son así os debemos mellorar, nisto resulta que está esta proposición non de lei. O que vostede nos presenta como emenda non ten nada que ver coa iniciativa que hoxe nós presentamos. A nosa iniciativa propón un programa de medidas de inserción laboral para as vítimas a través daquelas entidades sen ánimo de lucro, como son as medidas de axuda, recuperación e, sobre todo, de acompañamento. Vostede pide modificar as bases para modificar unhas subvencións de fomento do emprego ás entidades locais, e nós queremos seguir colaborando coas entidades locais no fomento do emprego para as mulleres vítimas de violencia; polo tanto, non podemos aceptar esa iniciativa.

En canto á emenda que nos fai o Grupo Mixto, volvo repetir que isto, señora Iglesias, non é un plan de emprego, senón que é un programa de formación e, sobre todo, como dixen antes, de acompañamento. E aínda que comparto na maior parte todas as medidas que vostede propón, neste senso cómpre recordar que as vítimas de violencia de xénero sempre tiveron e terán un tratamento preferente nas políticas de emprego.

A Xunta vén de activar a Axenda 20 de emprego, que xa se debateu aquí noutro pleno, coa posta en marcha dun plan de emprego en igualdade, un programa, como vostede sabe, de empregabilidade preferencial para aquelas vítimas de violencia. Polo tanto, non podemos tampouco aceptar esta emenda, pero convidámolas a que recapaciten e apoiem o que hoxe nós acabamos de presentar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Oubiña.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do

disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a viabilidade de ampliar a cobertura de saúde e prevención bucodental a novos colectivos de persoas, aumentando progresivamente a idade de atención, e tamén en relación con procesos patolóxicos que afecten á cavidade oral e que impliquen a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía ou o seu tratamento.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver o Plan de saúde bucodental dende Atención Primaria para amplialo ás persoas pensionistas, enfermas crónicas ou discapacitadas, facendo especial insistencia nos aspectos preventivos.

2. Incrementar os centros de referencia de atención bucodental cirúrxica, especialmente, para as persoas con discapacidade.

3. Incorporar á Carteira de Servizos as enfermidades periodontais en colectivos de alto risco (discapacidade, inmunodeprimidos, revisións a pacientes para transplantar).

4. Elaborar plans de prevención das periodontopatías e do cancro oral.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Os coidados bucodentais nunca foron o prato forte na sanidade galega nin tampouco na española, que xunto con Romanía é o país onde menos se visita o dentista. Non é de estrañar, dado que a asistencia pública non cobre apenas nada, en contraposición co modelo sanitario bucodental doutros países europeos, e o elevado custo que a saúde bucodental ten para as familias, que deben custearse unha atención privada. En Francia, por exemplo, a sanidade pública faise cargo do 70 % da tarifa que o sistema fixa tanto para empastes, endodoncias e limpeza, e o 100 % das ortodoncias se o dentista respecta as tarifas oficiais que rexen no sistema sanitario francés. En Alemaña tamén, por exemplo, o Estado cobre as ortodoncias e os empastes primarios que non teñan unha finalidade estética.

En España a protección bucodental acada os menores de entre 6 e 14 anos, e unhas cantas operacións que non inclúen a ortodoncia, sendo estas vantaxes para a poboación infantil, por outra banda, moi desiguais dependendo da comunidade autónoma. Pero para a poboación adulta só as extraccións e algunha operación de urxencia teñen cabida no sistema sanitario público. A crise profundou as súas raíces en todos os aspectos e sectores, e o sector odontolóxico viu desaparecer nestes anos boa parte da súa clientela por falta de diñeiro para custear un servizo que ten prezos libres e que é un luxo ao que non todas poden acceder. Un 90 % da poboación maior de 65 anos só conserva unha medida de entre 6 e 12 pezas dentais, descenderon as revisións un 35 % e máis da metade da poboación no foi ao dentista entre o ano 2011 e 2012, segundo os datos do Colexio Oficial de Odontólogos.

Esta situación foi o caldo de cultivo para a aparición de clínicas dentais entendidas como negocio, montadas con criterios empresariais e de márketing por persoas que nada teñen que ver coa saúde bucodental, e que a prezos *low cost* ofrecen servizos en precario, tanto en canto a materiais como en canto ao persoal que atende as usuarias. O que fai a diagnose moitas veces –e o plan de financiamento– é un comercial, e os profesionais sanitarios que operan nestas clínicas fano nunhas condicións laborais en canto a salarios e horarios que

non son as máis idóneas para unha boa praxe. Hai casos de salarios menores de 1.000 euros para horarios de 10 horas diarias.

Os casos Vitaldent e Funnydent son exemplos das malas prácticas deste tipo de empresas, e deberíamos fixarnos e telos como exemplo do que nos espera se desmantelamos o sistema público sanitario que nos viña protexendo e llo entregamos ao empresariado e ao sector privado.

Segundo o Colexio Xeral de Odontólogos, en Galicia hai un dentista por 25.000 galegas no sistema público de saúde. Isto a pesar do número de dentistas no paro, contratados en precario polas clínicas antes mencionadas ou, no mellor dos casos, na emigración. E cada vez increméntase máis este número de dentistas, porque o 60 % proceden da universidade privada, que fai oídos xordos á demanda de números clausus dos colexios de odontólogos para equilibrar a oferta e a demanda.

A realidade é que un odontólogo da sanidade pública se ve na obriga de atender unhas 30 persoas por consulta para extraccións, non lle queda tempo para outra cousa. Os que requiren cirurxía son derivados á Unidade Maxilofacial, que en Galiza é unha unidade itinerante. Así as cousas, e sen unha tarifa oficial, as galegas que precisen de empastes, endodoncias, próteses ou outras medidas preventivas de saúde bucodental vense obrigadas á extracción da peza, acudir á sanidade privada ou a clínicas moi aparentes pero supostamente fraudulentas.

Resulta lamentable que os gobernos non se teñan preocupado de crear unha atención bucosanitaria primaria pública para a poboación adulta do mesmo xeito que para a poboación infantil; un paquete básico na Seguridade Social que debería cubrir, polo menos, o empaste, a endodoncia e as próteses, e excluindo, como xa dixen antes, as que teñan finalidade estética. Unha medida que melloraría a calidade, xa que a saúde dental inflúe no estado xeral da saúde dunha persoa. Xubiladas coas pensións das máis baixas do Estado, cuxa economía non permite o coidado preventivo e correctivo da súa saúde bucodental, abundan no noso país. Son secuelas dunha crise que sementou de caries os dentes dos nosos maiores e deixou os seus sorrisos desdentados. Ademais, unha boa saúde xeral pasa ineludiblemente por unha boa saúde bucodental, dada a influencia que exerce no resto

do sistema inmunolóxico, sendo moi frecuentes, e por todos e todas coñecidos, malestares aparentemente ou evidentemente illados, como dores de cabeza, infeccións e outros problemas cuxa causa ten que ver co mal estado dental, incluso a alopecia.

Polo tanto, a prevención da saúde bucodental, dado que ten unha influencia definitiva na calidade de vida e no resto de doenzas, debería ser prioritaria no sistema público de saúde. Coido, coida esta deputada desde a miña humildade, que cunha boa prevención poderían aforrarse custos e recursos sanitarios que veñen producidos polas deficiencias e mal estado bucodental. Por iso lles pido que se considere esta proposición non de lei e teñamos unha sanidade eficaz e xusta, que atenda problemas reais, sanitarios, para todas e todos. Coido que esta iniciativa vén a pór remedio a unha débeda social que afecta a toda a sociedade do benestar.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Vimos hoxe como o señor Feijóo está utilizando esta Cámara para facer campaña electoral. Fai tres minutos de intervención como presidente e outros tres minutos como candidato. E non é que nós teñamos ningún problema coas campañas electorais, señor deputado, como vostede nos dicía onte. Pero temos moitas cousas en contra dos partidos que se perpetúan no poder financiándose e facendo as campañas electorais con cartos e con recursos públicos, como presuntamente está a facer o Partido Popular.

Pero, dende logo, nos temas de saúde non debería de funcionarlle, pois en Galicia sabemos moi ben que o Partido Popular, primeiro coa señora Farjas, despois coa señora Mosquera, agora co señor Almuíña, e sempre co presidente Feijóo, recortou e deteriorou todo o que puido o sistema sanitario público coa desculpa da crise. Mentres, por certo, gastaba millóns e millóns de euros, señorías, de fondos europeos e tamén de fondos propios en privatizar tecnoloxía, servizos e ata hospitais.

Os galegos e as galegas teñen moi claro que o señor Feijóo, nada máis chegar ao Goberno, suprimiu dun plumazo todo aquilo que se puxera en marcha durante o goberno do señor Touriño para mellorar a nosa saúde e todo aquilo que se incrementara na carteira de servizos do sistema sanitario público galego. E, por suposto, a saúde bucodental non foi unha excepción.

Durante o Goberno bipartito incorporárase á carteira de servizos o programa de saúde bucodental. Para iso ampliáranse a 89 as unidades de saúde bucodental, dotándoas dos recursos humanos e dos recursos materiais necesarios para funcionar con normalidade. Contratáronse máis de 30 persoas, exactamente 11 persoas odontólogas e 21 hixienistas. E no Plan de mellora da atención primaria pretendíase e contemplábase incrementar as persoas hixienistas na atención primaria.

En definitiva, dotouse o sistema público dos recursos necesarios para poder atender as novas prestacións, e estou a falar da hixiene oral, os empastes, as fisuras e as endodoncias dos nenos e nenas ata os 14 anos, e do coidado da boca das mulleres embarazadas, incluíndo a limpeza dental con ultrasóns. E pretendíase, señorías, seguir ampliando eses coidados de forma progresiva nos anos sucesivos, empezando por estendelos ás persoas pensionistas, ás persoas con algunha discapacidade ou enfermidades crónicas. Pero, claro, chegou o PP e todo iso desapareceu.

Por iso dende o Grupo Parlamentario Socialista nos sumamos á proposta que nos fai hoxe a señora Iglesias, pois, efectivamente, pensamos que hai que continuar implementando dentro das prestacións da sanidade pública o coidado da saúde bucodental. Sen dúbida, señorías, que temos que retomar esa prestación dende onde a deixou a chegada do señor Feijóo ao Goberno. Nós pensabamos entón que habería que ir introducindo esa atención de forma progresiva, e hoxe neste contexto económico que vivimos seguimos pensando o mesmo. E iso é exactamente o que reflectimos e o que propomos na nosa emenda: ampliar o Plan de saúde bucodental, empezando polas persoas pensionistas, con discapacidade, enfermidades crónicas e enfermidades crónicas, incluíndo as enfermidades periodontais dos colectivos de alto risco, sen esquecer, por suposto, a prevención destas patoloxías e do cancro oral. Ademais, pensamos que é necesario incrementar os centros de referencia de atención bucodental cirúrxica. Estas

son as nosas propostas que recollemos nesa emenda, que esperamos que sexa tida en conta polo grupo propoñente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

A min gustaríame comezar felicitando a señora Iglesias pola presentación desta iniciativa. A verdade é que eu teño claro que unha eiva do magnífico sistema sanitario público do Estado español é a saúde bucodental, niso estamos absolutamente de acordo penso que todos os grupos, os deputados dos grupos da oposición pero tamén os deputados do grupo do Goberno.

Pero a verdade é que non fun capaz de entender moi ben a súa proposta cando lin o texto da iniciativa. Porque nela di vostede que os colexios oficiais de dentistas reclaman que, asumindo que a Seguridade Social non pode atender todas as demandas da poboación, debería de haber un mínimo de atención bucodental aos adultos que a equipare á atención, polo menos, da poboación infantil. Parece que se asume que non é posible atender toda a demanda de saúde bucodental por parte do servizo público, e quero entender que os colexios de odontólogos piden que se cofinancie a atención en clínicas privadas concertadas, como se fai en varias comunidades autónomas do Estado en relación coa saúde bucodental dos nenos e nenas. Nembargantes, na parte resolutiva vostede insta a Xunta de Galicia a incorporar aos tratamentos sanitarios públicos a saúde e prevención bucodental cunha cartilla que chame a revisións dentais periódicas, en función do caso, e que se financien selados, limpezas e empastes no sistema público sanitario galego á poboación adulta.

Eu non sei que modelo quere, se quere o modelo público que se está a utilizar agora mesmo na atención infantil en Galicia, Madrid, Cataluña, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Valencia e as cidades de Ceuta ou Melilla, se quere que se financie na privada cos modelos PADI de atención infantil, como ocorre no País Vasco, Navarra, Andalucía, Aragón, Baleares,

Canarias, Estremadura ou Murcia, onde se concertan os servizos co sector privado cun pago por capitación para asistencia básica e cun pago por acto a tarifa concertada para os tratamentos adicionais ou especiais, ou o modelo mixto das dúas Castelas, onde hai unha atención pública pero que se deriva á privada a realización de determinados tratamentos.

Isto é o que fai hoxe a nivel de odontoloxía infantil nas distintas comunidades autónomas, pero eu supoño, coñecéndoa, señora Iglesias, que vostede defenderá o modelo público galego. Dou por feito que tamén será consciente da imposibilidade de estender de xeito xeral a toda a poboación a atención en saúde bucodental dun modo inmediato. Primeiro porque non sería sostible e, en segundo lugar, porque habería que crear unha rede específica de infraestruturas, tecnoloxía e persoal que parece evidente que é a día de hoxe totalmente inviable a curto prazo.

Hai como vostede ben sabe e dixo unha carteira básica e común de servizos en atención primaria, hai actividades asistenciais, diagnósticas e terapéuticas e hai actividades de promoción de saúde, educación sanitaria e preventiva dirixidas á atención da saúde bucodental. Basicamente faise información, educación e adestramento en materia de hixiene e saúde, tratamento de procesos agudos, extraer as moas e patoloxías da articulación temporomaxilar, feridas na boca, biopsia desas feridas, e inclúe consello bucodental, tratamento farmacolóxico, exodoncias, exodoncias cirúrxicas, cirurxía menor de cavidade oral, revisión para lesións premalignas e, como lle dicía, biopsias. Tamén falamos da exploración preventiva que está na carteira de calidade oral das mulleres embarazadas, e basicamente das medidas preventivas e asistenciais para a poboación infantil, de acordo cos programas establecidos polas administracións sanitarias: a aplicación de flúor, as obturacións, os selados de fisuras e outras. Nos casos de persoas con discapacidade que non poden ser atendidas porque, por causa da súa situación e enfermidade, sen tratamentos sedativos non poden ser atendidos, son remitidos a ámbitos asistenciais onde se lles poida garantir a súa correcta realización.

Estamos de acordo, señora Iglesias, que hai que mellorar e estender a atención á saúde bucodental a outros grupos de idade, pero pensamos que ten que ser dun xeito progresivo. Sabe vostede que a principal función da atención dos rapaces e rapazas de ata 15 anos que se fai na atención primaria

é a prevención. Esta hai que implementala nesas idades. A atención bucodental a persoas en idade adulta pasa de ser preventiva a ser practicamente asistencial en exclusiva.

O pasado 8 de xullo do ano 2015 publicouse unha orde do Ministerio de Sanidade cunha actualización da carteira de servizos comúns que inclúe os implantes dentais para pacientes oncolóxicos con afección da cavidade oral que implique a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía ou co seu tratamento, e pacientes con malformacións conxénitas que cursen con anodoncia. Nós queremos, desde o Grupo Popular, que esta normativa se aplique en Galicia do xeito máis amplo posible. Por iso, no senso de mellorar a saúde bucodental dos galegos e galegas presentamos unha emenda que insta a Xunta de Galicia a estudar a viabilidade de ampliar a cobertura de saúde e prevención bucodental a novos colectivos de persoas, aumentando progresivamente a idade de atención dos nosos rapaces e rapazas, así como repoñer as pezas dentarias perdidas por procesos patolóxicos, ou polo seu tratamento, que afecten a cavidade oral.

Esperamos a aceptación da nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda,

Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós, independentemente da aceptación ou non das emendas, imos apoiar esta proposición non de lei. Imos apoiala porque, ademais, é aposta deste grupo camiñar cara á implantación na carteira de prestacións tanto a saúde bucodental para a poboación xeral como pode ser a prestación en canto aos lentes e aos audifónos, que son moi importantes para todo o mundo, obviamente, pero sobre todo para as persoas maiores e a infancia, para as que en moitos casos non hai facilidades por problemas económicos para poder acceder a este tipo de necesidades que son básicas, que non son un luxo nin un capricho.

É importante, ademais, atendendo á iniciativa que nos trae hoxe aquí, pola implicación que ten, como xa se dixo, non

só para a propia dentición, de dores, de infeccións ou de problemas bucodentais, senón tamén para a alimentación. A propoñente falaba das persoas maiores, e na maior parte dos casos a ausencia de pezas dentais é un sinónimo de risco de malnutrición en moitas persoas maiores, que teñen máis dificultades para alimentarse correctamente cando lles faltan ou teñen problemas coas pezas dentais. E é bastante habitual velo no noso medio.

Pero, ademais, tamén está demostrada xa a relación que teñen as enfermidades da cavidade oral en moitos casos con outro tipo de enfermidades, como poden ser problemas cardíacos, que serían neste caso enfermidades graves que en certa porcentaxe probablemente se poderían previr cun tratamento adecuado neste sentido. E, polo tanto, deberíamos observalo como a prevención dun problema futuro, e ademais incluso dun gasto futuro, atendendo á planificación sanitaria e económica.

A dificultade é xeral para toda a poboación, pero é, sobre todo, para aquela que ten problemas económicos polo elevado gasto das atencións privadas, que motivou precisamente, como se expuxo aquí, o crecemento dun competitivo negocio da odontoloxía, nunha burbulla que se nutría ademais de prezos máis económicos que outro tipo de clínicas dentais, con créditos con importantes intereses que ao final remataron, como nalgúns casos que aquí se exemplificaron, estoupando nesa burbulla de negocio liberal no que, ademais, os profesionais traballaban nunhas condicións suficientemente precarias como para entender que estes negocios deberan cuestionarse. Entendemos que non son un modelo a seguir.

E semella que é probable que toda esa burbulla non tivese xurdido e non tivese estoupado se tivésemos unha adecuada prestación pública ou polo menos para meirande parte das atencións que poida necesitar, na saúde dental, a poboación.

Non semella saudable que con todos estes datos a cobertura sexa practicamente nula –trasladouse aquí–. Soamente temos unha cobertura infantil parcial, e, nas persoas adultas, como xa se dixo, pouco máis que as extraccións, e, ademais, dada a lista de espera que hai, é practicamente inviable ter que recorrer a ela, porque de feito eu mesma a única vez que solicitei ou que preguntei para realizar unha extracción no centro de saúde a lista de espera era de en torno a un ano. Ou sexa, depende da carteira de cada odontólogo ou odontólo-

ga, pero a realidade é que, obviamente, atenden outros problemas urxentes antes, hai outro tipo de necesidades antes, como a carteira infantil, e realmente non hai profesionais suficientes para cubrir estas necesidades, que, obviamente, isto é practicamente como dicir que non hai nada.

Comprendemos que a iniciativa é unha boa proposta de comezo porque atende as intervencións máis básicas –revisións, selados, limpeza e empastes– e, obviamente, habería que camiñar cara á necesidade incluso de ampliar a necesidade, por exemplo, das próteses dentais, aínda que fose o modelo máis básico, sobre todo para esas persoas maiores, que ademais teñen logo problemas de alimentación.

Advertimos, de todos os xeitos, que, obviamente, a asunción desta medida precisaría por parte da Consellería de Sanidade dun incremento de medios e de persoal que debера de comprometer no caso de que esta mesma se aprobase. Así que, como xa trasladéi, imos apoiar esta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

O Bloque Nacionalista Galego tamén vai apoiar esta iniciativa, e parécenos que, igual que noutras ocasións, é acaído o debate para ver as posicións e se hai vontade política para abordar esta situación, porque a saúde bucodental inflúe dun xeito moi determinante na calidade de vida das persoas. Parece que é inversamente proporcional a importancia que lle dan moitos sectores a ter unha boa saúde bucodental, pero o que si é certo é que afecta a saúde física. Xa se falou aquí, pero é evidente que non é simplemente unha cuestión que afecte exclusivamente o tema dental senón outro tipo de patoloxías, como a saúde psíquica, porque mellora a autoestima, mellora as posibilidades de relación social, e con iso tamén afecta a vida social, pois unha boca sa, limpa, permite unha relación social aceptable e que as persoas se sintan ben. Dende logo, consideramos que non acudir á consulta do dentista é un risco para esa saúde bucodental e para esa saúde en xeral.

Cremos que hai que abordar este debate porque o acceso aos servizos de saúde bucodental non pode ser un luxo que moitas persoas non poden permitirse. E, desgraciadamente, dende o inicio da crise, diferentes estudos puxeron de relevo, puxeron de manifesto, que hai unha estreita relación entre a situación socioeconómica de moitas persoas e o empeoramento desa saúde bucodental.

Diante dunha situación dunha precariedade de ingresos moi elevada de miles de persoas, priorizan outro tipo de gastos, e acudir ao dentista vaise deixando para cando a maioría das veces xa é algo irremediable. Segundo o propio INE, non chegan ao 40 % as persoas que acoden aos servizos de odontoloxía.

Por iso, parécenos que neste contexto é acaída a reivindicación que se realiza nesta iniciativa; unha reivindicación histórica do aumento da carteira de servizos odontolóxicos dentro da carteira pública de servizos. É unha reivindicación que non é nova, mais que non acaba de ter reflexo nesa carteira de servizos. Garantir que a poboación en xeral teña unha asistencia sanitaria no referido á sanidade bucodental parécenos que é básico. É evidente que, se hai que priorizar, a poboación infantil e os grupos de risco deben ser os prioritarios, mais tamén é evidente que hai outro amplísimo grupo de poboación que non ten esa asistencia sanitaria. Co cal, eu agardo que máis unha vez o Partido Popular non se agoche diante de escusas, e que se tome a decisión de que hai que avanzar nesta dirección. Hai que avanzar con pasos decididos, non soamente con declaracións de intencións. E, dende logo, avanzar significa tomar a decisión de que debe haber a cobertura na sanidade pública e que logo esa decisión ten que ir parella coa dotación de recursos para que esa decisión política se converta nunha realidade. Recursos significa profesionais que neste momento, dende logo, son escasos, e dotación económica.

Co cal, imos apoiar a iniciativa. Parécenos importante dar este debate porque, se a saúde en xeral está sendo unha das grandes damnificadas dos recortes levados a cabo polo Partido Popular, hai determinados servizos, como o que estamos a tratar hoxe, que dende logo están en situación de mínimos, mínimos, mínimos.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da iniciativa, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Si, señor Centeno, esta deputada defende a sanidade pública, como é de esperar dunha persoa de esquerdas.

Dito isto, eu creo que quedou claro na miña exposición que pido un paquete básico na sanidade pública. Non sei se no texto expositivo que recibiron vostedes non está claro. Pído-lle desculpas se non lle quedou claro, pero estoullo aclarando agora, se lle vale.

Con respecto ao empaste preventivo ou non, quero indicar que eu considero que é preventivo porque prevé a perda da peza. Se temos un desgaste nun xeonllo, non nos amputan a perna, arreglan a peza, o xeonllo, para a súa funcionalidade. Non podemos esquecer que os dentes son ósos.

Con respecto ás emendas que me presenta o Partido Popular e tamén á emenda que presenta o Partido Socialista, a emenda do Partido socialista está aceptada, e co Partido Popular espero chegar a un acordo de transacción para que esta iniciativa que todos os grupos parlamentares consideran tan importante, tan oportuna, vaia para adiante. Así que espero que nas negociacións que manteñamos o señor Centeno e máis eu cheguemos a un acordo de transacción, que lle pasaremos á Presidencia do Parlamento.

Moitas grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a mesma ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

“Hoxe encóntrome aquí, señoras e señores deputados, apelando á sensibilidade de todos vostedes para que desta Cámara saia o compromiso firme e decidido de crear os mecanismos legais pertinentes para o recoñecemento do sector naval como un sector estratéxico –que o é– para a economía da nosa comunidade. E estou aquí co aval e coa forza que poden transmitir as 18.600 sinaturas conseguidas; 18.600 sinaturas que nun 82 % foron conseguidas sen saír da ría de Ferrol. Un número de apoios que pon de manifesto e sen a máis mínima dúbida o sentimento de todo un pobo de cara a intentar recobrar unha actividade para o estaleiro de Fene, que foi a súa razón de ser como pobo e que, ademais, e a través dos anos, sempre se considerou e considera como a actividade fundamental para o desenvolvemento e o futuro para as nosas tres bisbarras” –extraído do *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia* do 28 de decembro de 2009–. Efectivamente, estas eran as palabras, o extracto das palabras da Comisión promotora da Lei de fomento do sector naval.

De todo ese articulado, en reiteradas ocasións os grupos da oposición desta Cámara, e nomeadamente o Bloque Nacionalista Galego, fomos extraendo partes e artigos nos cales, a través de proposicións non de lei, volvemos debater o que xa estaba aprobado nesta Lei de fomento do sector naval. Realmente o que quería poñer de manifesto esta lei son as reconversións, as constantes reconversións, sufridas por parte do sector naval de Galiza e, en concreto, do seu sector público, por Navantia.

Temos falado abondo, en innumerables ocasións, tanto na Comisión de Industria como no hemiciclo, a respecto da situación do sector naval. Incluso onte, cando o conselleiro de Industria falaba de innovación, de investigación sobre aeronáutica, sobre os drones, lle recordabamos que ten un sector esmorecendo e que nestas dúas lexislaturas de Feijóo simplemente o que fixo foi esmorecer máis. Recentemente estaban no Parlamento os representantes da CIG para explicarnos a situación da ría de Ferrol; tamén da ría de Vigo, incluso esta semana. ¿Como podemos, e cos datos na man, falar dunha situación de emerxencia, de que non existe carga de traballo? Sabemos do flotel. Falaremos esta tarde incluso deses famosos floteis, tanto en Ferrol como en Vigo. Pero a realidade é que a día de hoxe non existe case carga de traba-

llo e a partir do verán non existirá carga de traballo en Navantia.

Os datos dos propios traballadores son claros: Navantia Ferrol, 300 persoas en plantilla; 113 con máis de 60 anos. Este é un dato que creo que nos debe facer recapacitar. En Fene, 120. Aquí tamén xa temos debatido respecto da eólica mariña dicindo que non é a solución, que esa non vai ser a solución para ter carga de traballo.

Por iso, o plantexamento desta iniciativa hoxe case é de mínimos: o primeiro, dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4 da Lei do sector naval de Galiza para que a Xunta de Galiza negocie co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galiza que, pola súa natureza, poidan ser obxecto de traspaso. ¿Por que consideramos tan importante este punto do articulado? Porque en reiteradas ocasións xa o trouxemos á Cámara e xa preguntamos cales eran as accións que se realizaran, e agardamos que por fin sexa o Goberno do Estado agora ou dentro duns meses o que asuma a necesaria participación do Goberno galego alí onde se toman as decisións sobre a carga de traballo; ou, por exemplo, sobre o segundo punto desta iniciativa, sobre posibles plans industriais ou posibles informes industriais ou posibles, realmente, agochamentos de plans de reestruturación. Porque, polo pouco que coñecemos da situación, o interese da empresa é manter un *staff* de persoas vencelladas ao ámbito da enxeñería ou do deseño e subcontratar a empresas auxiliares, fundamentalmente da construción, o que sería realmente un completo e absoluto desmantelamento dos cadros de persoal de Navantia, que, como dicíamos antes, xa son claramente exiguos. De feito, na propia exposición desta Comisión promotora da Lei do sector naval recordaban o momento en que existían da orde de 11.000 traballadores. Eles xa falaban de 1.000 e nós, neste momento, estamos falando de 500; é dicir, case estamos falando da perda total de traballadores na empresa, co que iso significa para unha das comarcas con maior índice de desemprego en toda Europa, de emerxencia social e de problemas derivados da falta de emprego.

Por iso, cando escoitamos falar dese polo aeroespacial onte, dixemos: ¿por que non se coidou algo que si que estaba funcionando, que si que tamén estaba ligado á creación de emprego, á creación de empresas auxiliares e á creación de I+D+i? A situación das empresas auxiliares tamén é lamen-

table. Neste momento son empresas foráneas, empresas de fóra de Galiza, as que están conseguindo maior volume de contratación. Debateremos no seu momento unha iniciativa a este respecto tamén na Comisión 6ª porque entendemos que as empresas auxiliares galegas deben ter presenza, como a tiveron ata agora en Navantia, e non a están tendo.

Miren, señores deputados e deputadas, ¿realmente o Goberno galego durante estes sete anos non tivo interese en participar dos consellos de administración ou é que, efectivamente, Navantia non tivo interese en que se participara?

¿Que pasa cos petroleiros? ¿Por que non se pelexou polos petroleiros?, ¿por non ter presenza nese consello de administración? Vostede dálle á cabeza, señor Tellado, pero sería bo que nos explicara por que non se pelexou polos petroleiros. ¿Por que soamente con ese flotel se intentou amagar que existía carga de traballo?

Péchase a lexislatura en breve. O balance no sector naval do señor Feijóo é nefasto, ¡é absolutamente nefasto! Son dúas lexislaturas perdidas, porque, fóra de todos os anuncios de Pemex, dos que onte falamos —e que é bo que recordemos porque a memoria é moi importante—, a realidade é que, entregados os floteis, a carga de traballo segue sendo ningunha, e non soamente iso, senón que as empresas auxiliares se ven abocadas ao peche. E, como dicía antes, no sur as empresas privadas seguen ou nos ERE de extinción ou nos ERE permanentes, e Navantia o que está deseñando é un informe, un plan de reestruturación, de prexubilación ou de eliminación de moitos postos de traballo.

O BNG oponse totalmente a que exista unha nova reestruturación no sector público do naval, oponse radicalmente; considera que a obrigación, agora que está levantado o veto, é a construción civil, a construción civil en Navantia. Non coñecemos ningún plan de futuro, non coñecemos cales son as propostas do Goberno; de feito, revisamos moi polo miúdo a propia comparecencia do conselleiro sobre o sector naval de Galiza en xullo do 2014, e alí el comprometéase literalmente a que existira carga de traballo, a que existira financiamento para o naval, a que existira financiamento para as industrias auxiliares e a que existira formación para os traballadores. Bueno, pois ningún deses compromisos que se adquiriron nesta Cámara en xuño do 2014 se levaron a termo: nin existe ese financiamento —

estamos falando do sector privado, pero temos varios casos en Vigo onde non existe ese financiamento, e non está funcionando o *tax lease*— nin existe financiamento para as industrias auxiliares nin existe apoio a esas industrias auxiliares que dan traballo a boa parte do sector nin existe a formación adecuada para os traballadores —que, na maioría, cando están cualificados e son novos, como explican os sindicatos, están emigrando, están marchando fóra de Galicia, con todo o talento acumulado que iso significa— nin existe carga de traballo.

Os floteis remátanse, ¿e que vai vir o día despois? ¿Cal vai ser a situación de Navantia? Hoxe agardamos un acordo: o de que por fin se poida participar dende o Goberno galego nos consellos de administración e o de que se coñeza exactamente cales son as propostas de Navantia para o futuro do 2016 ao 2020 deste sector público naval. É importantísimo, non só para a ría de Ferrol, senón, como onte falabamos a respecto do aeroespacial, para toda Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: A situación económica pola que atravesamos Navantia e o envellecemento do seu cadro de persoal levou á dirección da compañía a anunciar un plan industrial para o período 2016-2020 cun programa de rexuvenecemento do persoal.

Como empresa pública, os seus máximos responsables son nomeados polo Goberno, e aínda que a cúpula directiva dos estaleiros públicos podería abrir de inmediato unha mesa de negociación cos sindicatos, a decisión final sobre calquera medida ten que tomarse nos estaleiros públicos e necesita o aval do Goberno, que neste momento está en funcións. É necesario que Navantia presente o plan de futuro anunciado para despegar cuestións pendentes que afectan os cadros de persoal.

Os encargos actuais de Navantia en Galiza xeran emprego e ocupación nunha bisbarra tan necesitada como Ferrolterra, pero non é comparable á actividade que xera a construción naval, que comprende un gran número de gremios.

Ademais de clarificar cal vai ser o futuro dos distintos centros en Galiza e Andalucía, débese explicar como se vai dar resposta á necesidade de rexuvenecemento dos cadros de persoal, que afecta moi directamente o naval público, como xa dicía a señora Adán.

No estaleiro de Fene, nestes intreos, o 48,83 % do cadro de persoal supera os 60 anos. Polo tanto, é importante ter ese plan para facer xa un plan de contratacións de persoal novo que substitúa este persoal que xa ten máis de 60 anos, e, polo tanto, un plan de formación e de reciclaxe, que abandonou totalmente Navantia en Fene, cando antes había unha escola naval en Navantia que ía formando os próximos traballadores. Levamos moitos anos sen esa formación, e, polo tanto, topámonos cun baleiro.

Dende o primeiro trimestre do ano, Navantia efectuou reparacións na ría ferrolá en 14 barcos mercantes, 9 dos cales eran gasistas. A punto de entregarse o flotel para Pemex e a posta de quilla do BAM, o naval de Ferrolterra emprega unicamente 700 traballadores das compañías auxiliares. A esta cifra hai que sumarlle 400 empregos de subcontratas, que atenden as obras da división de reparacións, e 50 que están traballando na construción de compoñentes da eólica. Ese gran proxecto que ía ser a salvación de Ferrolterra dá lugar a 50 contratos. Ese é o éxito do señor Feijóo e da súa aposta por reconverter o naval noutra cousa. En conxunto, suman 1.600 traballadores das auxiliares, menos da metade dos que tiñan ocupación nas plantas de Ferrol e Fene hai tan só un lustro, cando aínda contaban con pedidos para a fabricación de buques.

Ante a situación de desemprego da comarca de Ferrolterra e a necesidade urxente de revitalizar o sector naval público galego, resulta incomprensible que a Xunta non teña xa negociado co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais, integradas no sector naval de Galiza, como se require na iniciativa presentada polo BNG, así como que non teña reclamado a Navantia a revisión do plan 2016-2020, presentado ante o seu consello de administración.

O Goberno galego debería liderar a reclamación dun plan industrial para o naval público que garanta a carga de traballo na construción naval para os estaleiros de Galiza e os investimentos necesarios para garantir o seu futuro.

Lonxe disto, o único que podemos observar na Xunta é unha total desatención do sector naval e unha aposta por afundir o sector naval público galego, fundamentalmente o estaleiro de Fene, e por manter o estaleiro de Ferrol coma un estaleiro secundario aos estaleiros en Andalucía, en Cádiz. Disto nos dá un claro exemplo todas as veces que neste Parlamento o Goberno do Partido Popular e o grupo que o sustenta votaron en contra da construción do dique flotante de Ferrol, e incluso votaron en contra da construción dun dique seco, que parece, polo que se escoita, que agora Navantia si que introduce neste plan.

Polo tanto, pregamos ao Partido Popular que vote a favor desta iniciativa, aínda que só sexa por manter unha mínima dignidade dun goberno que abandona os sectores produtivos e que agora se dedica, como sempre fai en campaña, a vender fume e a vender drones, que non se sabe moi ben para que acabarán sendo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bo día.

Grazas, señor presidente.

Hai catro elementos fundamentais que marcan o rumbo desastroso do sector naval en Galicia, fundamentalmente do sector público, e concretamente de Navantia.

O primeiro deles é o desastre organizativo da dirección establecida en Navantia, con dous eixos fundamentais: unha presidencia inexperta, un presidente que provén do grupo Prisa e que, polo tanto, non ten experiencia nin coñecementos en todo iso que se dá en chamar hoxe en día o *know how*, que, evidentemente, está a ter unhas consecuencias lamentables no funcionamento e na operatividade de Navantia; e, en segundo lugar, dentro deste mesmo eixo do desastre organizativo, un cambio na estrutura organizativa e funcional, imposto, improvisado e inaxeitado, de xeito que resulta descontextualizado para a realidade e a historia dos estaleiros.

En segundo lugar, outro elemento importante: unha política comercial e de contratos nefasta, a protagonizada polo Goberno galego, ignorando a situación de socios comerciais naturais, como foron Brasil, Venezuela ou Arxentina, que renovaron nos últimos anos as súas frotas e aos que, con base nun fundamentalismo político irresponsable, se lles deu as costas, priorizando outros socios comerciais; co cal, prescindíuse de importantes contratos.

A falta de pulso político, de peso político, por parte dos gobernos do Partido Popular é evidente, e a actuación do Ministerio de Economía e tamén do Ministerio de Asuntos Exteriores neste campo é evidente. O Goberno galego, pola súa banda, simplemente luciu pola súa ausencia.

Un terceiro aspecto fundamental é o abandono absoluto dos cadros de persoal. Temos unha compoñente maioritaria de traballadores que levan anos sen traballar, practicamente sete anos sen traballar, cunha idade media nos estaleiros de Ferrolterra que alcanza case os 60 anos, e, no aspecto da formación, temos un abandono evidente por parte do Goberno galego. Eu repasei as ofertas de formación profesional, de FP, e non existen módulos específicos para o naval en Ferrolterra.

O sector naval non só precisa de enxeñeiros, necesita soldados, remeiros... Como nos trasladan os traballadores do naval, xa non quedan traballadores con experiencia en botaduras, non só, evidentemente, pola ausencia destas botaduras, senón tamén porque a maior parte deles xa se xubiláron.

Esa é a realidade, unha realidade que só se pode xustificar desde o punto de vista de que o que se teña previsto é desmantelar, posto que non se está a apostar pola renovación dos cadros de persoal e das plantillas.

En cuarto lugar, unha situación financeira desastrosa. A situación de Navantia é practicamente de quebra financeira; polo tanto, hai que abordar o financiamento público deste sector estratéxico para o noso país.

¿E todo iso, todos estes elementos, onde teñen que reverter? *(Murmurios.) (Prodúcese un fallo na iluminación do salón de sesións.)* Temos drones, pero non temos luz...

O señor PRESIDENTE: Un fallo técnico.

Suspenda un momento, señor Vázquez, compensarémolle o tempo.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, decotío o Pleno non ten moita luz, pero hoxe parece que menos. Así que suspende o presidente, segundo me comunica.

*(Suspéndese a sesión durante uns minutos.) (Murmurios.)
(Pronúnciase palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, que non estamos en UCI do hospital. *(Pausa.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Vázquez, se quere, pode reanudar, porque eu creo que agora, aínda que sexa a media luz, podemos seguir. *(Risos.)*

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bueno, en AGE estamos acostumados aos apagóns informativos, co cal, os que teñen que ver coa luz non nos afectan, porque imos facer a intervención igualmente polo ben do tema que se trata, que nos preocupa neste momento, que é o sector naval.

Falabamos de que había catro compoñentes fundamentais que marcaban o rumbo desastroso do naval galego: un era o desastre organizativo produto dunha presidencia e duns cadros de dirección absolutamente inexpertos e ineficientes; unha política comercial e de contratos nefasta; o abandono absoluto dos cadros de persoal, fundamentalmente no que ten que ver coa idade media dos traballadores, que alcanzan practicamente os 60 anos, e tamén co aspecto formativo, sobre todo no que ten que ver son só co ámbito das enxeñerías senón tamén coa formación profesional, co que ten que ver coas titulacións medias; e unha situación financeira agónica por parte de Navantia.

Todos estes motivos –dicíamos– xustificaban a necesidade do establecemento dun plan industrial nun sector que consideramos fundamentalmente estratéxico para Galicia polo seu valor engadido, pola súa incidencia no I+D+i, pero tamén, fundamentalmente, pola súa capacidade para xerar emprego en Galicia. É unha situación na que, evidentemente, como todos sabemos, en Ferrolterra os datos nos falan dunha comarca que alcanza practicamente o 30 % do paro e que, polo tanto, vive nun contexto agónico.

O pasado mes de marzo, no Congreso dos Deputados, por proposta de En Marea, aprobose, co apoio de todos os grupos, un plan industrial e un plan de inversións no sector naval de Navantia. Polo tanto, cremos que o Goberno galego ten a responsabilidade de dar a cara neste sector, a pesar de ter votado en contra durante todos estes últimos anos, para apoiar un dique seco ou mesmo este plan industrial. E, polo tanto, nós cremos que o Goberno galego ten que implicarse, primeiro, en exixir que se garanta a titularidade e a xestión pública dos estaleiros galegos; en segundo lugar, en facer un plan para renovar as plantillas, un plan integral de formación para os traballadores; en incidir en que se potencien as liñas de negocio tamén no sector civil...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...fundamental para a supervivencia dos estaleiros; na creación dun polo de investigación e innovación en contacto coa universidade –aquí si, non como no caso dos drones, onde é puramente fume–; nunha renovación dos cadros directivos; e nun plan, dende logo, de financiamento que garanta a sostibilidade dos estaleiros públicos.

Estes son os retos dun sector verdadeiramente estratéxico e no que Galicia é líder mundial e ten potencialidade para ser líder mundial, e non noutros sectores onde, evidentemente, o Goberno galego quere facer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...un exercicio de propaganda.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa, como non pode ser doutro xeito.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, o Grupo Socialista vai apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Intervir os mércores pola mañá sempre é un exercicio de autoestímulo. Eu de novo síntome, despois de escoitar o presidente, unha mestura de Finlandia, Holanda e dalgún outro estado con estaleiros. Estiven buscando as taxas de desemprego de Helsinki, de Hamburgo, de Rotterdam e de Le Havre, que son os catro centros con estaleiros máis importantes de Europa occidental... *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* –señor Trenor, se quere intervenir, pode competir co señor Tellado na portavocía da industria naval– ...e está por debaixo do 5 % en todas elas. A verdade é que, tendo en conta que en Ferrol estamos no 29,7 %, pois, bueno, parece que algún problema hai.

O señor Feijóo falou, efectivamente, de Galicia, desa Galicia mítica –non sei se filla de Breogán, pero, desde logo, mítica–, e esqueceuse dalgunhas cousas. Esqueceuse de que temos a renda per cápita nun 80 % da media da Unión Europea a 28 –insisto, a 28–, iso significa con Bulgaria, con Rumanía, con Eslovaquia, con Lituania, con Letonia, con Estonia... E non falemos se contamos só os países da antiga Europa occidental.

E se baixamos a Ferrol e a Ferrolterra –sei que a herencia que recibiu o señor Rajoy no ano 2011 dos gobernos de Zapatero foi absolutamente dramática e que a magnífica xestión do señor Rajoy enderezou este rumbo dunha forma cuasí milagrosa–, quero dar algún dato. Os ocupados na industria no cuarto trimestre do ano 2011 en Ferrol eran 5.000; no cuarto trimestre do 2015, 2.200 –insisto, cito a fonte porque non sei se era cosmética ou algún outro produto industrial, pero en todo caso a EPA: 5.000, 2.200–; unha caída nos catro últimos anos do 56 % na ocupación industrial de Ferrol –con floteis, sen floteis, con fragatas australianas, de Arabia Saudí, *con el barco BAM, el otro, los jackets...*–; con todo iso: 5.000, 2.200. A taxa de actividade no mesmo período baixou 4 puntos, a taxa de ocupación, 7 puntos, e a taxa de paro subiu 8 puntos –do 19,4 ao 27,9–. Insisto, *los cuatro años de Rajoy el Magno sic Alejandro Magno*.

Os asalariados no sector público baixaron nun 40 % en Ferrol no mesmo período –tendo en conta que os asalariados de Navantia están aí incluídos; no sector privado, directamente relacionado coas auxiliares do naval, nun 17 %. É verdade que a herencia recibida no ano 2011 non era boa e é verdade que o panorama sociodemográfico e laboral de Ferrol neste momento é absolutamente dramático.

O escenario ten tres actores fundamentalmente: ten a Navantia, que cala, supoño que por unha estratexia comercial –eu creo que política, de prudencia política, neste caso–, desde Madrid, cala; os traballadores, que constatan un feito obxectivo –que, por certo, é o mesmo que di a EPA, de 5.000 ocupados na industria a 2.200–... Cada vez que veñen os sindicatos de clase entrevistarse co Grupo Socialista –imaxino que igual que cos outros grupos da oposición– pois cóntanos exactamente estes datos, ducia arriba ducia abaixo. E logo a Xunta de Galicia, é o terceiro actor, *ese es el departamento de publicidad y propaganda. Entonces, tenemos la realidad, el silencio y el teatro*, que eu creo que, como composición estratéxica, non está mal.

Efectivamente, estase a rematar un flotel. Eu quero recordar a publicidade e a propaganda que trouxo consigo este flotel, porque é verdade que agora xa pasamos á fase drone, pasamos ao futuro aéreo, despois do futuro naval; pero quero recordar os barcos menores de Pemex, a base de Langosteira..., a dose de publicidade e propaganda.

E, fronte a isto, señores do Partido Popular –e xa por non falar do dique flotante, que literalmente se volatilizou nese escenario máxico–, insisto, temos un datos de desemprego absolutamente vergoñentos. E xa o digo eu para que non o teña que dicir o señor Tellado, resúltame indiferente en termos de discurso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, si, si; indiferente non; paréceme un drama o 30 % de desemprego en Puerto Real –paréceme un drama–, pero eu estou falando do 29,7 % de desemprego en Ferrol.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu creo que deberían de reflexionar.

E, en relación coa iniciativa, insisto, ímola apoiar. Nós cremos que, efectivamente, este silencio de Navantia debería de estar compensado por unha presenza proactiva da Administración autonómica, porque é verdade que hai temas de comercialización exterior, de innovación, que necesitan masa crítica; pero é verdade que ninguén coñece o terreo sobre o que se desenvolve a actividade económica como a Administración que está máis cerca dese terreo. É unha cousa absolutamente obvia.

E, por certo, demandar o Plan industrial, que a min me parece absolutamente case de perogrullo. É que ¿como unha empresa pública vai escamotear aos cidadáns...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o plan de desenvolvemento que é estratéxico nunha comarca de máis de 150.000 persoas? Ou hai plan B que non se quere contar, e de aí o silencio, ou se non a min gustaríame que os voceiros do Partido Popular ou o conselleiro de Industria nolo contaran.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Eu teño a sensación de que os mércores, logo da sesión de control do presidente, cando lle toca intervir ao señor Abel Losada, éntalle a síndrome ou do ex portavoz ou do tertuliano, que é vir aquí comentar o vapuleo que o presidente lles deu aos voceiros dos grupos da oposición. *(Aplausos.)* Eu, a verdade, entendo que é unha cuestión de que quere vostede continuar o tema.

Mire, fala vostede, efectivamente, da taxa de paro de Ferrol, do 29 %. Oia, vostedes dixeron que ían arranxalo. Con ese lema presentáronse ás eleccións municipais, e a señora Sestayo goberna co señor Jorge Suárez. Ían arranxar o problema do desemprego, e a verdade é que o que vemos é que de momento non crearon un só emprego. O único emprego que está en perigo parece ser que é o da señora Sestayo, que creo que o alcalde a quere cesar. Polo tanto, falar do emprego dende o Partido Socialista é, dende logo, curioso.

Mire, eu non sei se vostede coñece, señor Losada, esta pintada que hai nun edificio de Ferrol nunha rúa moi céntrica –non lle vou preguntar en que rúa, vostede non ten obriga de sabelo porque non é de Ferrol–. É unha pintada que se retrotrae á última reconversión, á que fixeron vostedes no ano 2004, en decembro de 2004... *(Murmurios.)*: “1.400 postos de traballo menos; grazas UGT e Comisións Obreiras”. *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor. ¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo “grazas” queda claro que non é unha pintada do Partido Popular..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...é unha pintada feita dende as bandas de grupos... *(Interrupcións.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio; se non, isto vai para largo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: O problema é que...

O señor PRESIDENTE: Non, non prosiga. *(Interrupcións.)* Señor Tellado, ata que haxa silencio non prosiga...

¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non, o problema é que corre o tempo.

O señor PRESIDENTE: Compénsolle o tempo.

¡Silencio! ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non o fixen eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, pode seguir.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non o fixen eu, ten máis de dez anos. Pero é a mostra gráfica, nunha rúa moi céntrica de Ferrol, do drama do desemprego que se xerou no sector naval sempre que gobernou o Partido Socialista. Todas as reconversións do sector naval teñen o selo do Partido Socialista, esa é unha realidade.

Pero eu hoxe non veño falar do Partido Socialista, veño falar dunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. En xuño de 2010, efectivamente, este Parlamento aprobou a Lei do sector naval de Galicia, froito dunha iniciativa lexislativa popular baixo a convicción –que creo que compartimos todos, agás o Partido Socialista– de que o sector naval é un sector estratéxico para Galicia. E nós mantemos esa defensa do sector naval. A ninguén lle escapa que, efectivamente, o sector naval atravesou graves dificultades nos últimos anos como consecuencia de dous feitos: un, a aprobación dunha reconversión en 2004, en decembro de 2004, polo Goberno socialista, e a inacción, a inactividade, dun goberno que mantivo os estaleiros da ría de Ferrol con cero contratos entre os anos 2008 e 2011. Como dicía a señora Adán, efectivamente, a lei contempla a negociación entre a Xunta de Galicia e o Goberno de España para participar na xestión dos estaleiros públicos. Non é unha cuestión sinxela, porque entrar no Consello de Administración de Navantia supón participar tamén no accionariado e asumir responsabilidades de todo tipo, e, polo tanto, non é unha cuestión sinxela, sobre todo cando a empresa o que fai é acumular perdas –as do último ano son 160 millóns de euros–. Polo tanto, esa decisión iría acompañada dunha asunción de responsabilidades sobre eses números vermellos. Pero nós mantemos o que aprobamos aquí por unanimidade. Nós mantementos que a Xunta de Galicia ten que negociar a entrada na xestión dos estaleiros públicos de Galicia. Polo tanto, xa lle adianto que nós estamos a favor da iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

En relación coa segunda cuestión, eu teño que dicir que a día de hoxe non hai ningún plan aprobado, ningún plan industrial de futuro 2016-2020 para os estaleiros, e que, polo tanto, nós entendemos que non se lle pode pedir a Navantia que nos remita un documento que non está aprobado. Polo tanto, se a señora Adán entende que se pode modificar a expresión dese punto para pedir toda a documentación que haxa relativa a eses plans de futuro que manexa Navantia, pero non un plan que realmente non foi aprobado, nós tamén estaríamos dispostos a aprobar esa segunda cuestión.

E, claro, eu véxemo na obriga de recordarlle ao Partido Socialista que eles deixaron cero contratos nos últimos anos de Goberno socialista na ría de Ferrol, que hoxe hai un flotel que vostedes trataron de torpedear todo o que puideron e

que é un flotel que a vostede lle parece unha coña mariñeira, pero ese flotel deu un millón de horas de carga de traballo e deu traballo a moitas familias. Polo tanto, iso é unha realidade, é unha facturación de 175 millóns de euros. E detrás do flotel chegou o BAM, buque de acción marítima, o primeiro barco encargado pola Armada Española dende o ano 2008. Vostedes gobernaron dende o 2004 ata o 2011, ¿cantos barcos encargou a Armada Española nese período aos estaleiros da ría de Ferrol –estaleiro eminentemente militar–? Cero, ningún. Puideron encargar barcos, puideron dar carga de traballo. Nós encargamos un barco pequeno, efectivamente, e un BAM, pero encargamos un barco no peor momento económico do noso país. E hai máis contratos, o contrato de enxeñería e deseño dun LHD para a Armada de Turquía. É que hoxe as reparacións teñen plena ocupación na ría de Ferrol. Hoxe a plantilla principal de Navantia ronda unha ocupación do 70 %. E hai auxiliares traballando en Navantia.

¿Gustaríanos que houbera máis carga de traballo? Dende logo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pero eu non podo admitir a demagogia que se fai dende o grupo de AGE.

Mire, a semana pasada debatemos unha iniciativa do Grupo Mixto en relación con pedirle ao Goberno de España que non contratase barcos, que non permitise a venda de armas a Arabia Saudí. Miren, saben vostedes que hai o contrato para contratar cinco buques para a Armada de Arabia Saudí, que estamos falando de traballo para cinco anos para máis de 2.000 traballadores. Vostedes, que din que están preocupados polo sector naval, señores de AGE, votaron en contra de que España lle venda armas a Arabia Saudí. Un barco de guerra son armas, lamentablemente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: É o que sabemos facer nos estaleiros da ría de Ferrol. Polo tanto, vostedes non veñan aquí con posturas de cinismo político, porque vostedes piden moitos plans, pero, sempre que falan de plans...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate xa.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...falan (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de prexubilacións e de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...reconversións. Nós queremos carga de traballo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e nós sempre estivemos, xunto co BNG, en contra de todas as...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...reconversións navais.

Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa, se a señora...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...Adán consente esa pequena modificación do texto proposto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Primeiro, sempre que falamos do naval de Ferrol, temos este momento de amor/odio entre o PP e o Partido Socialista, ou de odio/amor. Non sei quen varreu menos a casa, pero o caso é que quedou sen varrer, porque non hai carga de traballo e o futuro é absolutamente incerto a respecto do naval.

Sobre a construción, creo que é certo que o veto á construción civil foi unha penalización a algo que se sabía facer na ría de Ferrol, e cando se escriba a historia do que pasou co sector naval galego haberá que analizar polo miúdo, non sei se para pedir responsabilidades, pero si polo menos para que exista coñecemento do que é o desmantelamento dun sector que era absolutamente prioritario. Aí está, nesa especie de

bucle ou bocadillo, entre, por un lado, os grandes estaleiros de Asia, que baixan as horas de traballo, e a tecnoloxía, que, como dixo o señor Losada, neste momento está no norte de Europa. E, polo tanto, estamos nunha especie de terra de ningúen a respecto da construción civil, da construción civil que se podería estar facendo.

Vostede saca aquí pintadas... Bueno, a min, gústanme os grafitis, realmente, debo recoñecelo, pero nós tamén podemos sacar aquí titulares de todo tipo: "*Senadores gallegos del PP votan en contra del dique flotante*", "*La Xunta se compromete a financiar el dique flotante*"... É que hai tantos incumprimentos, tantos, tantos incumprimentos, en tantos sitios, e hai tanto que revisar a respecto de cando vostede fala de reparacións-carga de traballo que imaxine se tivera o dique flotante; imaxine o que significaría o dique flotante para a comarca de Ferrol, algo que, por certo, xa se desbota completamente, xa nin tan sequera se fala del. Soamente —é certo— os traballadores e os sindicatos están falando do dique flotante, e, en concreto, o sindicato que fala do dique flotante é fundamentalmente a CIG.

Nós entendemos que non existe ese Plan industrial como tal, que si que existen informes e que si que existen documentos a respecto do chamado Plan industrial, que nós entendemos que é un plan de reestruturación. Creemos que o Parlamento galego, e sobre todo a comarca de Ferrol, a cidadanía, debe coñecer eses informes e cales son os verdadeiros obxectivos de Navantia para o 2020. E, en función diso, imos facilitar esa transacción que vostede aquí nos propón *in voce*. Imos aceptala porque queremos transparencia. Queremos que se pertenza a ese Consello de Administración, que non contempla necesariamente asumir as débedas, senón poder ter responsabilidades, poder ter realmente capacidade negociadora. Porque ata agora o Goberno galego —con todo o respecto— foi un convidado de pedra constantemente en Navantia, mentres que non así a Junta de Andalucía —e imos falar outra vez de Andalucía—, que si que se esforzou moitísimo en conseguir carga de traballo, tamén con éxito, aínda que non, digamos, todo o positivo que debería.

Imos aceptar esa transacción. Seguramente non será a última vez que falemos do naval en Galicia, pero agardamos que en algún momento poidamos ver o Goberno galego exercendo como tal no Consello de Administración de Navantia, tal e como marca a lei, por certo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo.

O pasado 18 de marzo os estados membros da Unión Europea finalmente consumaron o seu mesquiño plan a respecto das persoas refuxiadas que chegan ao territorio da Unión Europea. Un plan que non é outro que deportar, expulsar a Turquía, a todas as persoas que están e que chegaron a Grecia. E un acordo asinado polo que todas as persoas refuxiadas que chegan a Grecia serán deportadas a partir de finais de marzo. A Unión Europea pechou o acordo con Turquía para expulsar refuxiados e vaciar os campos da illa de Lesbos, da illa de Quíos, de Cos, de Samos e de Leros, e devolverán estas miles de persoas a Turquía.

A estratexia de que un país externo á Unión Europea faga o traballo sucio e expulse cidadáns estranxeiros do sacrosanto chan europeo, dende logo, non é novo, lévao facendo dende hai tempo España con Marrocos; un acordo polo que España, a Unión Europea, ofrecen a Marrocos beneficios, apoio político, a cambio de que evite inmigrantes refuxiados que chegan a ese país, que crucen a fronteira, Ceuta, Melilla ou o estreito de Xibraltar; devolucións do colectivo de refuxiados, emigrantes en Melilla, prohibidos polo dereito internacional, e temos que denunciar máis unha vez que o Goberno do Partido Popular en funcións volveu realizar non hai demasiado tempo.

Para o BNG este acordo mostra a hipocrísia dunha Unión Europea que lle ofrece a Turquía contrapartidas por asumir o papel de xendarme, o papel de tapón, tanto no control nos fluxos de persoas nas fronteiras marítimas con Grecia e no

mar Exeo como na negación do dereito de asilo a miles de persoas.

¿Que consegue Turquía a cambio? Bueno, reactivar as negociacións de adhesión á Unión Europea, a eliminación do requisito de visado aos cidadáns e cidadás turcos para circular pola Unión Europea e o compromiso de recibir ata 6.000 euros ata o ano 2018 a cambio de proxectos de sanidade, de infraestruturas e educación.

Hoxe con esta iniciativa o BNG queremos denunciar unha Unión Europea que con este acordo vulnera o dereito internacional, a Carta de Nacións Unidas, o dereito de asilo, a converxencia de Xenebra; vulnera absolutamente todo, vulnera a decencia máis mínima. Unha unión Europea que trata como ameaza a seres humanos que só cometen o terrible crime de fuxir da fame, da miseria, da guerra e da persecución. Denunciamos tamén que as deportacións, sexan individuais ou colectivas, son contrarias á lexislación internacional, que establece que as persoas deben ser devoltas a un país seguro. E considerar a Turquía un terceiro país seguro é un auténtico insulto, é unha broma de mal gusto. Turquía vulnera sistematicamente os dereitos humanos, Turquía foi condenada polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos miles de veces. O Goberno de Erdogan viola dereitos fundamentais como a liberdade sindical, o dereito laboral, a liberdade de prensa ou a liberdade de expresión; comete sistematicamente, está a cometer, o exterminio do pobo kurdo. A isto temos que engadir que os refuxiados que están chegando actualmente a Europa, a Grecia, non son novos refuxiados que acaban de fuxir de Siria, senón que na súa inmensa maioría son refuxiados que xa escaparon de Turquía. Aí é onde está o drama.

Asínase un acordo para devolver refuxiados, para expulsar refuxiados a Turquía, que nunha inmensa maioría xa fuxiron de Turquía, sobre todo das zonas de maioría kurda, que foxen da matanza do grupo de ISIS ou foxen dos ataques do propio exército turco, que pretende liquidar a resistencia do pobo kurdo.

Dende logo, é escandaloso que se considere a Turquía ese terceiro país seguro a onde se vai expulsar, a onde se está a expulsar, a homes e mulleres; unha Turquía que está a facer un tapón, una zona segura, que é vaciar de habitantes –fundamentalmente de kurdos– esa zona.

Ao BNG parécenos indignante esta resposta da Unión Europea capitalista ao servizo da oligarquía, ao servizo do gran capital, que deixa claro que a súa principal preocupación non é resolver o drama humanitario, nin moitísimo menos, non é resolver os problemas sociais, económicos ou políticos que están na orixe deste drama dos homes e mulleres refuxiados, senón que a preocupación principal da Unión Europea é blindarse para deixalos fóra. Dende logo, unha Unión Europea que actúa con toda celeridade para frear a chegada de refuxiados e que non está poñendo ningún intento en subsanar os problemas que os obrigan a fuxir.

Por iso presentamos esta iniciativa que, en primeiro termo, o que demanda é que este Parlamento, o Parlamento de Galicia, rexeite o acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía, e inste o Goberno galego a mostrar a súa disposición tanto a acoller persoas refuxiadas como a destinar o máximo de recursos posibles para atender as necesidades das mesmas. Cremos preciso que este Parlamento diga alto e claro que está en contra deste acordo inhumano, xenófobo e que, dende logo, non soluciona ningún dos problemas.

Demandamos tamén que o Parlamento de Galicia inste o Goberno galego a exixir do Goberno español que se mostre totalmente contrario ao acordo xerado entre a Unión Europea e Turquía, que se mostre totalmente contrario. E iso significa que se faga unha emenda por ter asinado ese acordo e que se contribúa a un programa efectivo de axuda humanitaria, porque neste momento é un auténtico drama o que están a vivir miles de persoas. As condicións dos homes e das mulleres refuxiadas que están en Grecia son unha condición neste momento de detidos, de persoas detidas; xa non son considerados refuxiados, son persoas detidas, teñen restrición á liberdade, teñen unha situación de precarización, de degradación das súas condicións de hixiene, de teito, alimentación, e onde máis do 50 % das persoas que están alí son mulleres e nenos. Por iso, parécenos urxente contribuír a un programa efectivo de axuda humanitaria.

E logo o que demandamos é realizar todas as actuacións precisas para que os estados membros da Unión Europea acepten as solicitudes de asilo sen aplicar criterios de selección restritivos, e aseguren vías seguras e legais para o desprazamento das persoas que precisan protección internacional. Porque dentro deses acordos Turquía comprométese a abordar novas rutas de desprazamentos a Europa, e esta acovar-

dada Unión Europea, que teme un aumento de refuxiados de Libia, de Siria, de Afganistán, de Iraq, quere atallalos e fai que Turquía faga de tapón, co cal é preciso permitirles a estas persoas crear rutas legais e rutas seguras.

E, dende logo, o que demandamos nesta iniciativa é a existencia de que a Unión Europea faga un cambio radical e urxente das políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida dignas ás persoas refuxiadas emigrantes.

Demandamos que deixe de aplicar e apoiar políticas imperialistas, de inxerencia e de intervención militar, porque estas políticas son as que están detrás desta situación; que defenda na Unión Europea o Goberno español estas políticas e tamén as poña en práctica; a retirada de todas as forzas militares estranxeiras dos países de Oriente Próximo e do norte de África; que respecte a soberanía dos pobos e avogue pola resolución política e pacífica dos conflitos; ao tempo que pon en práctica unha política de solidariedade internacionalista e non accións antiimperialistas.

Demandamos un non á guerra, demandamos un non á inxerencia e ao non respecto da soberanía dos pobos. Reclamamos, polo tanto, dignidade para as persoas refuxiadas e reclamamos un cambio total nas políticas da Unión Europea, que deixe de actuar aos ditados do xendarme que é os Estados Unidos e que cambie radicalmente esas políticas de inxerencia.

Demandamos que hai que rematar coa política armamentista, que considera a venda de armas como un medio e como un sistema económico para saír da crise. Porque Europa continúa vendendo armas a Israel, Europa continúa vendendo armas a Arabia Saudí, a Qatar, a Kuwait; Europa e o Estado español seguen a vender armas aos responsables desta situación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Demandamos que de inmediato se atendan as persoas refuxiadas, que se lles dea resposta ás súas necesidades, que se lles permitan rutas seguras.

E, sobre todo, demandamos unha outra política que non sexa unha política da demagogia de dicir: “¡que pena nos dan estes refuxiados!”, mais de seguir sendo cómplices e res-

ponsables das causas que causan esta situación dramática dos refuxiados.

Agardando o apoio dos grupos da Cámara, nada máis.
(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Outra vez, bo día.

Dende o Grupo Mixto imos apoiar esta proposición non de lei para tratar de atopar solucións urxentes a este drama e a esta crise humanitaria.

Volvo repetir, como dixen no pleno anterior, que vivimos nunha globalización da indiferenza. E é curioso como estes días que estamos a falar do escándalo dos papeis de Panamá vemos que para o capital non hai fronteiras, mais si hai fronteiras para aquelas correntes de seres humanos que buscan refuxio.

O noso rexeitamento ao acordo con Turquía, onde vemos que Europa si se mobiliza para devolver as persoas refuxiadas a Turquía e activar as reubicacións directamente dende o territorio turco. O que o noso país tamén apoia, ¿non?

A Unión Europea e os estados que a integran son os responsables de acordar a expulsión de persoas, foron incapaces de articular vías seguras para as persoas refuxiadas inmigrantes, de non ter cumprido o compromiso de reasentamento ou de reubicación adquirido, o cumprimento dos convenios internacionais e as directivas e regulamentos europeos en materia de refuxio e asilo, o respecto aos dereitos humanos nas fronteiras e a garantía de protección ás persoas, especialmente ás nenas e nenos e a aqueles colectivos máis vulnerables.

Está demostrado que o peche das fronteiras non só impide o paso da xente, senón que é causa directa de mortes e desaparicións no Mediterráneo, e alimenta as mafias e aumenta a vulnerabilidade.

E agora tamén nos enteramos dos acontecementos que ocorren en Bulgaria, onde hai grupos que se denominan “patru-

llas de voluntarios” que operan na fronteira. Fenómeno recente que nun primeiro momento foi alentado polo primeiro ministro do país e pola policía de fronteiras, e preséntanse como caza de inmigrantes. E isto do que estou a falar non é un xogo, é a cruel realidade.

Primeiro, miraron para outro lado mentres afogaban por miles no mar, despois xuntáronos dentro dun valado, despois disparáronlles ao querer cruzalo e agora gaséanos.

As agresións sufridas o pasado domingo no campamento erguido aos pés da fronteira entre Grecia e Macedonia das persoas en busca de refuxio polas forzas militares macedonias, isto é un escándalo. De feito, foi denunciado por ACNUR, que é a axencia da ONU, criticando o uso de gases lacrimóxenos contra as vítimas máis vulnerables, que son as nenas e os nenos, e pelotas de goma, onde se rexistraron trescentos feridos.

E as ONG, que son a resposta ás eivas e ás responsabilidades que deberían ter todas as administracións e todos os estados que non cumpren, van marchando paulatinamente. E ironías da vida, ¿non? Nestes momentos está chegando axuda humanitaria con produtos básicos e alimentos de primeira necesidade, que non se poden repartir a todo este grupo de refuxiados porque non hai loxística para facer tal repartición.

Mais aquí no Estado español, como xa dixemos outras veces, tamén pasan cousas. Parece que as administracións e os medios de comunicación non están enterados ou non se queren enterar, pero no propio Estado, como, por exemplo, na capital, hai persoas refuxiadas, aínda que non teñen este estatus. No ano 2015, onde houbo 14.600 solicitudes de asilo, a pesar das vergoñentas cifras que coñecemos, non se fíxo nada. E dende o outono pasado foron miles de persoas as que pasaron polas estacións de Madrid intentando facerse camiño e buscando saír cara ao norte de Europa. Moitas destas xentes intentaron quedarse e outras incluso volveron.

Aquí vemos –como dixen anteriormente– que só se está facendo cargo do primeiro auxilio as ONG, cando sería a propia Administración do Estado a que debería facer este tipo de traballo. E agora si, claro, falamos do escándalo que presentan as vallas e a situación extrema do outro lado do Mediterráneo, e non falamos do que acontece na fronteira sur.

O sistema de acollida é escaso, é insuficiente, é ineficiente en prazos e no logro de obxectivos: a inserción e integración social. Son moitas as familias que teñen dificultades tremendas para acceder a unha vivenda e a un traballo que lles garanta polo menos un xeito de saír adiante no Estado español. A axuda a estas persoas non se realiza e non se fai. O único que se fai ás veces é o que están facendo agora mesmo con aquela xente que está confinada en Grecia e en Turquía, que é a primeira axuda humanitaria.

As refuxiadas e os refuxiados en segunda fase precisan apoio continuado no tempo, axuda para poder labrar un futuro aquí, máis alá de centros de atención para persoas refuxiadas ou en situacións de caridade. Entón, entendemos que a proposta que nos fai chegar hoxe o BNG é unha medida moi urxente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

A iniciativa ímola apoiar loxicamente, pois levamos traballando dende hai tempo, denunciando a situación dos dereitos das persoas refuxiadas, mais tamén das persoas emigrantes en toda Europa desde cando menos o ano 2000, en que se empeza a deseñar a Europa fortaleza, e o que está acontecendo coas persoas refuxiadas desde hai cinco anos, xa que a guerra de Siria cumpre cinco anos e desde entón sempre se foi producindo un éxodo de persoas refuxiadas que foron desatendidas.

O Tratado da Unión Europea con Turquía é un tratado criminal, é un tratado ilegal, e hai que dicilo así. Pero non o di simplemente a Alternativa Galega de Esquerda, dío tamén o recente informe de CEAR elaborado despois dunha misión de campo na illa de Lesbos e en Atenas entre o 17 e o 23 de marzo de 2016, onde constataron como se daba unha diferenza entre o que acontecera antes do 18 de marzo e o que acontece xusto despois do 18 de marzo en que se asina ese tratado –repetimos– criminal.

A situación na illa de Lesbos, onde chegaron 500.000 persoas procedentes de Siria, de Iraq, de Afganistán e de Paquis-

tán, era xa caótica e difícil antes do 18 de marzo. Hai que dicir que saían, sobre todo, de Ayvacik, en Turquía, onde había oito campos improvisados e que se contrataban botes dirección Lesbos, sobre todo a través do que se chaman “rutas de contrabandistas”, porque, como non hai habilitadas rutas legais e seguras por parte da Unión Europea, as persoas víanse na obriga de acceder á illa de Lesbos, a Grecia e a outras zonas a través de contratar eses usos de contrabandistas, que se lucran coa desesperación das persoas para acceder a un lugar seguro. Había oito campos improvisados, co acordo 1.300 persoas refuxiadas foron detidas e trasladadas ao centro de internamento e devolución de inmigrantes, con destino incerto para todas elas. En Turquía hai vinte e dous campos de refuxiados. O 10 % unicamente das persoas refuxiadas están neses campos, o resto está en contornos urbanos, no desamparo e na desprotección máis absoluta.

Antes do acordo había problemas serios, faltaba información, había discriminación por nacionalidade, non sabían de forma absoluta de ningunha das catro opcións que se lles poden ofrecer: o asilo en Grecia, a reubicación en Europa –sobre todo en España–, a reunificación familiar, o retorno e expulsión; hai catro programas... Ben, pois non hai constancia –advirte CEAR– de que se ofrezca asistencia legal. Polo tanto, non había ningunha garantía procesual para estas persoas. E falamos antes do 18 de marzo, e había graves problemas cos menores non acompañados. De feito, sábese que despois do acordo asinado o 18 de marzo, 170 menores están detidos, retidos, menores non acompañados, no campo xa de detención de Moria. O que antes era un campo de refuxiados improvisado, pero era de réxime aberto, converteuse nun campo de detención, porque non hai liberdade ambulatoria e hai control policial e militar.

Polo tanto, está claro que as condicións xa eran malas e co acordo as condicións son moito peores. Porque o que é un concepto humanitario, que é o asilo, que é o que permite poder circular libremente cara a un país seguro, solicitar asilo e protección nun país seguro, un dereito consignado xa en 1948, rubricado en 1951, está claro que se está incumprindo.

Hai unha militarización absoluta do que debiera ser un problema humanitario; un tema humanitario pois militarizouse, securizouse. E CEAR, ¿que di? Simplemente vou recuperar o que menciona CEAR no seu informe: ¿Que vulnera o acor-

do da UE-Turquía? As expulsións colectivas expresamente prohibidas no artigo 4 do protocolo 4 do Convenio europeo de dereitos humanos; o principio de non devolución do artigo 33 da Convención de Xenebra, que establece que ninguén poderá ser devolto a un país onde a súa vida corra perigo.

Turquía non é un país seguro porque incumpre dereitos humanos, pero non é só iso, senón que Turquía devolve a outros países persoas que eran refuxiadas, faino cara a Siria e faino cara a outros países. Por exemplo, deportáronse persoas a Kabul, onde corren perigo porque os talibáns disparan.

Toda expulsión dun estranxeiro necesita garantías legais segundo os artigos 12 e 13 da Directiva de retorno, e incúmprese todas. Turquía non é un país seguro –repetimos–, e non garante o principio de non devolución de refuxiados. Incúmprese o principio de non discriminación por país de orixe, porque resulta que agora só as persoas sirias interesan, pero todas as outras persoas que chegaron escapando de países en guerra son tamén refuxiadas e non poden ser tratadas como criminais, que é o que está acontecendo hoxe. E faltan estándares mínimos na acollida de refuxiados mesmo en Grecia, como recoñecía o propio Tribunal Europeo de Dereitos Humanos no 2011.

Repetimos: estamos ante un tratado criminal, un tratado que vulnera todas as convencións internacionais coas que nos dotamos despois daquilo que queríamos borrar das nosas mentes, que foi a Segunda Guerra Mundial, o xenocidio e todo o que padeceron refuxiados republicanos españois, refuxiados xudeus, etc. Queríamos pero volvemos caer nesa pedra, e o Estado español participando, asinando un tratado criminal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados.

Pola mañá o presidente da Xunta, que ultimamente está moi gracioso, cuestionaba as fontes documentais do señor Jor-

quera, e no debate da proposición non de lei anterior o señor Tellado deu un salto cualitativo importante e trouxo como fontes documentais os graffitis pintados nas vallas de Ferrol. É un salto cualitativo que vén moi ben a conta do que hoxe estamos debatendo, porque as vallas na historia do noso país, hai moitos anos, xogaron un papel fundamental. Foron o lugar onde a barbarie fusilaba, privaba da vida a moitas persoas, a moitos miles de persoas, porque pensaban distinto, porque eran ilustradas, porque militaban libremente en organizacións políticas ou sindicais que non gustaban a aqueles que estaban en fronte dirixindo os pelotóns de fusilamento. E iso trouxo como consecuencia que do noso país saíran centos de miles de persoas, o chamado “exilio republicano”. Así, con trazo moi gordo, pero que durante décadas posteriores seguiron sumando e sumando persoas que, igual que hoxe está acontecendo en moitos países do mundo, se botan aos camiños, se botan ao mar, botan ao lombo todo o que teñen, ás veces as súas familias, os seus fillos. E resulta que na civilizada Europa, no noso modelo do que tanto tiñamos presumido, o que atopan son vallas, alambradas, cando non cousas peores.

O acordo que se tomou en Europa é unha vergoña, xa o debatemos aquí no pleno pasado. Este Parlamento ten aprobado xa, tanto en comisión como en pleno, por unanimidade, distintos acordos onde se lle pide ao Goberno que tanto na Unión Europea como nas súas propias políticas teña en conta a nosa propia historia e se lembre das vallas non só para copiar os graffitis, senón do papel que xogaron na nosa historia e dos que alí caeron, e que faga un pouco de memoria histórica. Porque non abonda con ir a Europa simplemente dicir amén, estar de convidados de pedra, incumprir os acordos das Cortes do Parlamento español e ir alí bendicir e axudar a solucionar un problema de política interna alemana, sinxelamente porque toca e porque somos ben guiadiños. Por certo, política interna alemana que preside unha chanceler que procede da extinta DDR e que tamén tiveron que salvar vallas e alambradas, e escapar incluso das balas, na procura da liberdade. Son curiosas as reviravoltas que dá a historia de Europa e o papel que lle toca xogar a cada un.

Temos subarrendado un problema moral a Turquía. Pagamos –tivo un lapsus a señora Prado, non eran 6.000 euros eran 6.000 millóns–, pagamos 6.000 millóns e ademais dicimos unha cousa que é increíble: vaise estudar cada caso de maneira individualizada. A min, que, en fin, –como dirían os meus

avós— instrución a xusta, non me cabe na cabeza que se a varias decenas de miles de persoas as estudamos de maneira individualizada, non sei como despois iso se transforma nun envío conxunto nunha resolución onde todos, exactamente todos, nos dá como resultado que os enviemos nun paquete a Turquía. E polo mesmo procedemento, despois dunha análise individualizada de cada un e da súa situación, abrímoslle a porta teórica a un paquete exactamente igual para que veñan dos que están nos campos de Turquía a Europa. *Me lo expliquen*. Porque desde o punto de vista matemático é imposible, dende o punto de vista ético e moral é unha infamia. Así, literalmente.

E nós, España, temos feito declaracións grandilocuentes. Primeiro, empezamos por aquilo das goteiras, que dicía o noso ministro de Exteriores: Puxéronse reacios, e cando viron que non estaba moi ben visto e que no Parlamento non tiñan a maioría, aceptaron formalmente un acordo parlamentario, que despois incumpriron de maneira flagrante, e ademais polos feitos, porque dos 18.000 que teoricamente deberíamos acoller, o ano pasado exclusivamente acollemos a 18.

Señora Prado, nós só temos unha dúbida, que é o apartado quinto, o último apartado. ¿Por que? Porque estamos convencidos de que nin todos os países de onde proceden os refuxiados son inocentes, nin todos os países da Unión Europea son culpables dalgúns dos problemas que vostede plantea. E é certo que aquí se teñen cometidos erros de vulto; a foto dos Azores é algo que está marcado a lume para as accións posteriores.

Pero os refuxiados, e o señor Ron falou de devolver a Kabul, porque algúns foxen porque se viola, se venden nenas, se trafica con mulleres, quen non practique a miña relixión non ten a condición nin sequera de ser humano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Iso pasa nalgúns países e por iso tamén se foxe. Ou tíranse nalgúns sitios a aqueles que non son hetero —eles chámanlle doutra maneira—.

Polo tanto, nós pediríámoslle, e ademais rogando o Partido Popular, que vai ser o que vai decidir coa súa maioría, tamén para alcanzar outro acordo por unanimidade desta cámara,

polo menos, no noso caso que nos permitira votar por separado ese punto, porque creo que se queremos de verdade mandar unha mensaxe neste momento e nesa iniciativa ese punto sobra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Presidente, deputados, deputadas.

Nesta cámara demos constancia de que en Galicia a través do plan de acollida da Xunta de Galicia tiñamos os recursos e a coordinación necesaria para levar a cabo o procedemento de acollida e a posterior integración das persoas solicitantes de protección internacional. Isto foi en febreiro de 2016 nun acordo por unanimidade, onde tamén solicitamos que se puxera en marcha un mecanismo de repartición dos refuxiados entre os países membros. Defendemos tamén a necesidade de actuar no contexto europeo baixo os principios de solidariedade e responsabilidade. Denunciamos tamén que a Unión Europea pode e debe dar unha resposta rápida e adecuada, pero que os estados membros non o estaban a facer, os estados membros de todas as cores, pero movidos pola ameaza nacionalista e a presión populista. Estados membros como o populista amigo de Podemos, pero tamén os socialistas de Italia, de Francia ou da República Eslovaca.

En abril de 2016, este ano, instamos o Goberno central a dar cumprimento á disposición adicional terceira da Lei 12/2009. Xa neste mesmo mes, no último pleno, apostamos por seguir traballando na coordinación dentro do plan de acollida da Xunta de Galicia e de todos os recursos dispoñibles, e defendemos as políticas construtivas e coordinadas fronte ás ameazas dos controis fronteirizos que se cernían sobre o Espazo Schengen. Apostamos tamén por unha adopción dun acordo respectuoso coa legalidade internacional e os dereitos humanos.

No Consello Europeo que tivo lugar en Bruxelas o 17 e o 18 de marzo, España foi a este cumio provista dunha declaración institucional sobre as negociacións entre a Unión Europea e Turquía, adoptada ademais por unanimidade, xa que entendiamos que era o texto desa declaración institucional o

que debería de servir de referencia, posto que contaba co apoio de todos os grupos parlamentarios.

Eu entendo que antes de facer manifestacións en contra ou a favor, ou manifestar o voto, deberían vostedes de dar resposta a algunhas preguntas, señorías:

¿Están vostedes en contra de que se descarten as expulsións colectivas e de que se respecte o principio de non devolución, como solicitamos nesta cámara dando cumprimento tamén a ese acordo por unanimidade?

¿Están vostedes en contra, señorías, de que se rexistren todos os emigrantes e que cada solicitude de asilo sexa tramitada de forma individual, de acordo coa Directiva sobre procedementos de asilo e cooperando con ACNUR, como solicitamos nesta cámara dando cumprimento tamén ao acordo por unanimidade?

¿Están vostedes en contra de que as institucións europeas axuden Grecia e Turquía para que todos os emigrantes estean protexidos de acordo coa legalidade internacional do principio de non devolución?

¿Están vostedes, señorías, en contra de compromisos específicos e concretos de reasentamento e que se teñan en conta os criterios de vulnerabilidade das Nacións Unidas promovendo medidas de protección, dando cumprimento ao acordo por unanimidade?

¿Están vostedes en contra de que Turquía colabore cos países veciños para que non se abran novas rutas marítimas onde poidan morrer afogados milleiros de persoas?

¿Están vostedes en contra de que se financien proxectos concretos destinados a mellorar a situación dos refuxiados, 3.000 millóns con posibilidade de incremento noutros tantos, para alimentación, señorías, para sanidade, para educación, para infraestruturas, dando cumprimento ao acordo de todos os grupos parlamentarios?

¿Están vostedes en contra de ofrecer ás persoas que teñen dereito á protección internacional unha vía legal segura para solicitar asilo na Unión a través dun procedemento de reasentamento, como o que solicitamos aquí nesta cámara e ao que dá resposta o cumprimento do acordo?

¿Están vostedes, señorías, en contra de restablecer Schengen poñendo fin aos controis temporais nas fronteiras interiores e restablecendo o seu normal funcionamento, como tamén solicitamos nesta cámara?

Señorías, nós estamos a favor de todo o que lles acabo de dicir. Por iso, non podemos votar a súa iniciativa, ou polo menos non podemos votala na súa integridade, polo cal se vostedes aceptan a votación por puntos verán que sobre o que eu me referín o noso grupo estará disposto a apoialos.

Señorías, o que si que non podemos compartir é o ataque que fan vostedes ao proxecto europeo. Europa é sinónimo de democracia, de liberdade e de dereitos humanos; Europa xirou o maior progreso que hai no mundo; Europa fixo un sinal de identidade da defensa do Estado de benestar, dos sistemas de saúde pública, da educación, dos servizos sociais como ningún outro lugar do mundo.

Señorías, apoiaremos todas as iniciativas que fagan un enfoque integral tendo a Unión Europea como referencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...non como inimigo.

Apostamos por unha política de emigración común baseada na solidariedade entre estados, e en Galicia, señorías, estamos dispostos a asumir as nosas responsabilidades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo autor da iniciativa, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, quero agradecer o apoio do Grupo Mixto e da Alternativa Galega de Esquerda a esta iniciativa, e non imos aceptar a votación por puntos.

No pasado pleno, efectivamente, chegouse aquí a un acordo de consenso respecto da parte de solidariedade e de acollemento. Mais neste momento o BNG o que trae é unha iniciativa de conxunto, porque diante dos dramas como o que se está a producir é tempo de dar respostas, de atender e solucionar os problemas. Efectivamente, iso é

unha parte da nosa iniciativa, mais tamén é tempo de denuncia, é tempo de reflexión de por que se producen estas situacións e é tempo de rectificación, e é preciso rectificar porque as causas non pasan por unha maldición bíblica. Toda esta crise dos refuxiados non é porque se lles ocorrera poñerse a andar de repente, é por causa de políticas onde a Unión Europea é consentidora, cómplice e parte, así de claro.

Hai centos de persoas humilladas, persoas desesperadas que buscarán saídas desesperadas se non se actúa nas causas; non se pode atacar un tumor con aspirinas. E estes miles de refuxiados e refuxiadas seguirán chegando se non se pon remedio ás causas, que é esa política imperialista, esa política de inxerencia e de non respecto á soberanía dos pobos.

Un militante do Bloque Nacionalista Galego, o portavoz do BNG no Concello de Lugo, está estes días no porto do Pireo, en Grecia, e trasládame o que alí está a vivir e di:

“Aquí xa hai varios días que non chegan persoas refuxiadas das illas, cando antes estaban a chegar, mais co acordo da Unión Europea e Turquía están retidos nas illas. Aquí están desmantelando o campamento polo tema do turismo, xa que aquí diante chegan os ferris de todas as illas e cruceiros, e non queren que se vexa a imaxe de persoas refuxiadas. Esa Unión Europea tan fantástica non quere ver o problema. Hoxe pola mañá” –estamos falando do día 11– “encheuse isto de policía, viñeron tres buses articulados e enchéronos de kurdos. Leváronos a campamentos do goberno controlados polo exército, situados en zonas afastadas da poboación, para que non se vexan. Os refuxiados non saben onde van, pero soben, porque lles din que é para seguir avanzando cara a Alemaña. A xente sobe aos buses con ducias de bolsas por familia, intentando levar todo o que puideron sacar das súas casas de cara a avanzar cara ao seguinte campamento, e coa mirada posta sempre en Alemaña”.

¿A que lles lembra esta imaxe, señoras e señores deputados?
¿A que lles lembra esta imaxe entrando neste caso en buses, pero noutros momentos foron en trens, sen saber onde ían, dicíndolles que ían a un sitio mellor? É dramático que esa Unión Europea tan fantástica estea a ter estas actuacións, mirando para outro lado cando é consentidora e cómplice da situación.

Polo tanto, hoxe o BNG quere poñer aquí o acento en que hai que atender estas persoas, pero sobre todo poñer o acento en que hai que cambiar de políticas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Non basta con dicir: ¡que pena!, esta situación é tremenda. Hai que cambiar as políticas que dan lugar a esta situación, e ese cambio de políticas é posible, é posible querendo facelo.

Polo tanto, o BNG dixo non á OTAN, non ás políticas imperialistas e militares no pasado, e dicímolo no presente e seguirémolo dicindo no futuro. Non valen oportunismos diante de situacións coma estas, hai que actuar para que non se volvan producir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Perdoe, non lle entendín ben se acepta a votación por puntos.

Non a acepta. Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos coa do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que deber levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detención precoz do carcinoma colorrectal.

Non se aceptan as emendas dos grupos do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e Mixto, polo tanto, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 31; abstencións, 3.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición do Grupo Parlamentario Socialista sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural.

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.

Non se aceptou ningunha das emendas propostas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 3; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Non se aceptaron as emendas do Grupo Mixto e do Grupo Socialista. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Rosa Oubiña Solla e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 27.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Non se votou, non votaron. Perfecto. Queda aprobada. (*Murmurios.*)

Non deixa de ser..., porque o feito máis importante do deputado é votar. Pero, ben, non deixa de ser isto entre outras cousas... (*Protestas.*)

Pero, ben, alá cadaquén. Sorprendeume, é unha cousa que me sorprende, pero nada máis, non ten ningunha particularidade.

Imos votar outra. Votamos a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de dona Carmen Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público.

Hai unha proposta de transacción, na que parece ser que se pide a votación por puntos, se a acepta a proponente. Entón, o primeiro punto, que é o que se transacciona, é: “Estudar a viabilidade de ampliar a cobertura da saúde e prevención bucodental a toda a poboación adulta e aos novos colectivos de persoas no Sistema sanitario galego, para financiar selados, limpezas e empastes, e especialmente procesos patolóxicos que afecten a cavidade oral e que impliquen a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía e o seu tratamento, presentando os resultados dos estudos neste Parlamento.”

Este é o primeiro punto, que imos votar por separado, e despois incorpóranse como emenda de adición os puntos que recollía a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos, polo tanto, o primeiro punto, que é o transaccionado.

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto deste primeiro punto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos os puntos que recollía a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, como emenda de adición. Votamos, polo tanto, estes puntos.

Votación dos puntos de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos de adición a esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración.

Hai unha transacción que xurdiu sobre a marcha, que se nola pode ler a señora Adán Ilo agradecemos.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si.

O punto número 1 queda tal cal está redactado na parte resolutiva.

E o punto número 2 sería o seguinte: “Demandar de Navantia información detallada sobre o seu plan industrial para os próximos anos, especialmente no que atinxe aos centros produtivos localizados en Galiza.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Se nolo fai chegar. Grazas.

Votamos, polo tanto, o que acaba de ler a señora Adán.

Votación do punto 1 e do texto transaccionado do punto 2 da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, co punto 5, de interpelacións.

Interpelación de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas para afrontar a crise do sector lácteo en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural, eu hoxe, que traemos aquí unha interpelación para falar novamente da situación do sector lácteo do noso país, o que lle pediría, a ser posible, é que non nos fale dese Plan de fortalecemento do sector lácteo, que xa temos dito desde esta tribuna e en distintos ámbitos neste Parlamento que ten a súa importancia, pero, desde logo, que non vai contribuír en ningún caso a resolver a situación actual, que é posible que para moitas explotacións ese Plan de fortalecemento chegue demasiado tarde, cando esas explotacións xa non existan, porque ademais vostede e o Partido Popular en xeral, o propio secretario xeral do ministerio, defenden que teñen que pechar moitas máis explotacións no Estado, a maioría delas en Galiza.

Mire, novamente o sector está lanzando todo tipo de alertas para que alguén con responsabilidade, con capacidade de actuar nese ámbito, adopte algún tipo de solución para facer fronte á situación cada vez máis grave que padece o sector lácteo.

Non imos repetir moitos datos en relación coa situación de prezos, porque xa se coñecen de sobra: en Galiza páganse os prezos máis baixos do leite en orixe de toda a Unión Europea; temos unha media de 27 céntimos, aínda que máis do 30 % do leite que se vende no noso país véndese por menos de 25 céntimos, e a práctica totalidade das explotacións cobran o que se pode chamar a parte marxinal, en torno ao 20 % da súa produción, en torno aos 18 céntimos por litro.

Isto ten provocado datos que desde o noso punto de vista son moi preocupantes no noso país, dos que xa temos falado noutras ocasións e que vostede desmentiu, e a min gustaría-me incidir sobre eses datos, que é a perda de peso do sector lácteo galego. Aquí temos feito a afirmación de que en Galiza se incrementa menos que no resto das comunidades e, por suposto, moito menos que no conxunto da Unión Europea a produción de leite. Vostede negouno e a min gustaría-me que me respondese aos seguintes datos:

¿É certo ou non que entre o ano 2013 e 2015 en Galiza se incrementou un 4,8 % a produción de leite, mentres que a media do Estado foi do 7 %, mentres que, por exemplo, en

Castela-A Mancha se incrementou nun 12 %, en Andalucía nun 16 % ou en Navarra nun 15 %? E, curiosamente –eu iso sempre mo pregunto pero aínda ninguén logrou explicarmo–, en contra de todas as normas de mercado, precisamente onde menos se incrementou, que é en Galiza, baixou o prezo moito máis, concretamente, un 26 % neses dous anos –entre o 2013 e o 2015–, mentres que a media do Estado de baixada foi do 20 %. E, curiosamente, en Andalucía e en Navarra, onde máis subiu a produción de leite, menos baixou o leite.

A consecuencia de todo isto, señora conselleira, é que en decembro de 2014 Galiza representaba o 38,8 % do sector lácteo do Estado; en decembro de 2015, o 38,1 %, e en febreiro de 2016, o 37,6 %. ¿Perdeu peso ou non perdeu peso o sector lácteo galego en relación co Estado? ¿Estamos perdendo produción ou non estamos perdendo produción, señora conselleira?

Pero, paradoxalmente, ao mesmo tempo que se produce esa situación, é curioso que practicamente a metade de todos os lácteos que se importan no Estado español veñen parar a Galiza, maioritariamente procedentes de Francia e de Portugal. E isto é así taxativamente, pois, en concreto, máis da metade do leite en latas sen concentrar que se importa vén parar a Galiza, máis de 125.000 toneladas. Ao mesmo tempo que caen as exportacións de Galiza cara a fóra, que é o contrario do que pasa no Estado español.

Polo tanto, estamos ante unha situación que ten unha dupla vertente: unha que posiblemente se poida resolver con ese Plan de fortalecemento, que son as debilidades estruturais que ten o sector lácteo galego e das que hoxe non vou falar. Pero é unha situación conxuntural que vostedes ademais teñen caracterizado en moitas ocasións como unha crise de mercado provocada por un exceso de produción, ao mesmo tempo que baixa o consumo mundial, fundamentalmente atribuído ao parón das exportacións a Rusia e ao parón do incremento de consumo de lácteos en China. E nese contexto temos que dicir que, segundo os últimos anuncios, a Unión Europea o que ten anunciado é que se prevé que durante este ano a produción global da Unión Europea se incremente noutro 5 %, co cal a crise en lugar de resolverse parece que cada vez vai agravarse máis.

E nese contexto, ¿que solucións lles teñen escoitado os gandeiros e as gandeiras galegas a vostede, señora conselleira, e

á señora ministra? A señora ministra di que espera que a Unión Europea arranxe pronto o de duplicar as compras de intervención. E vostede a última que lles dixo aos gandeiros, despois de dicirlles que non era o momento de mobilizarse, é que vai facer un estudo a ver se fai que as explotacións galegas sexan tan eficientes como as andaluzas. Eu xa lle digo: se lles pagan 35 céntimos por cada litro de leite ás explotacións galegas, seguro que son bastante máis eficientes que as andaluzas.

Por outro lado, a Unión Europea tampouco fixo gran cousa para abordar esta situación. Vostedes tiñan demandas que formularon ante a Unión Europea a través do ministerio, e ningunha desas demandas se cumpriu por parte da Unión Europea, e a ministra pois veu tan tranquila para a casa e esperando outra ocasión, e vostede igual. E unha das grandes solucións que aportou a Unión Europea hai algo máis dun mes é que voluntariamente se reducira a produción de leite.

E onte esa recomendación que fixo a Unión Europea hai máis dun mes tomou concreción a través do Diario Oficial da Unión Europea, no que se publicaron dous regulamentos, un de execución, o 559/2016, e o 558/2016, que se refire exclusivamente a que o anterior se pode aplicar tamén no caso das cooperativas. Este regulamento o que vén dicir é que se autoriza a que na primavera e no verán se chegue a acordos nos ámbitos dos estados, no ámbito das interprofesionais ou das cooperativas –en definitiva, no ámbito do sector–, para reducir durante seis meses a produción do leite, e desa forma intentar controlar a crise de prezos. Porque, efectivamente, nos propios considerandos deste regulamento –que son bastante interesantes– di que outros mecanismos non se van poñer en marcha por parte da Unión Europea. E tamén dicir que é curioso, eu recoméndolles que lean este regulamento porque verán como a esta Unión Europea moito lle gusta practicar a autofelación –se me permiten que diga esta palabra a estas horas–, porque di nun dos seus considerandos: “A pesar de la eficacia de las medidas impulsadas por la Unión Europea...”, que xa se ve que a eficacia está sendo moita no ámbito de atallar a crise do sector lácteo, non só en Galiza, senón no conxunto da Unión Europea.

Entón digo eu, señora conselleira, que é unha cousa que me preocupa moito e que xa lle teño preguntado en moitas ocasións: hai máis dun mes que se sabe que esta vai ser a única

medida que vai permitir a Unión Europea en relación cun establecemento dun certo control da produción do leite na Unión Europea. Nós, desde o primeiro momento, dixemos que isto era unha aberración, porque o que vai provocar é que posiblemente en Galiza acabemos contraendo a nosa produción de leite, acabemos reducindo a nosa produción de leite, e, polo tanto, aínda máis o peso do sector lácteo galego, para seguir por esta senda que xa está iniciada de seguir importando leite de Francia. Polo tanto, nós sempre dixemos que isto tiña que ter ámbito europeo e estar controlado desde o ámbito público. De nada vale que isto se circunscriba a acordos entre particulares, por moito que haxa que comunicalos á Comisión Europea e por moito que estean controlados polos estados.

Entón a miña pregunta concreta a este respecto, señora conselleira, é: ¿que teñen pensado vostedes facer a respecto diso? Exactamente, ¿que teñen pensado?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: E tamén: ¿que lle van propoñer ao ministerio que faga en relación con este asunto? E tamén: ¿teñen pensado facer algo máis ante a Unión Europea para que ademais de autocomprarse coa eficacia das grandes medidas que impulsa para controlar a crise do sector lácteo faga algo de verdade? Porque á vista dos considerandos que a propia Comisión establece no seu regulamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...debería adoptar algunha medida bastante máis eficaz. E sobre todo vostede que ten ou debería ter moito interese en que se resolva a crise do sector lácteo...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...debería estar sendo moito máis proactiva...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Paz. Remate xa, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...facendo propostas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Paz, din que o tempo pon e quita razóns, e acontecementos de diversa índole viñeron sucedendo dende que se rexistrou esta interpelación o día 23 de setembro do pasado ano no referente ao sector lácteo; entre outros, que moitas das actuacións establecidas dentro do acordo asinado están desenvolvidas e outras están en camiño de ser publicadas. Ben é certo que eu recoñecín publicamente, e sigo recoñecendo, que oxalá se apresurara máis no tempo do que se vén facendo, pero tamén é certo que hai certas cousas que talvez teríamos que ter feito hai moitos anos —e vostede estivo gobernando— e que imos ser quen de establecer unhas bases firmes nestes seis meses que levamos co regulamento.

Así —e como xa coñecen— a principal razón pola que se asinou este acordo no mes de setembro era estabilizar o prezo, e o prezo está estabilizado dende hai seis meses en Galicia, e falamos de 28,5 céntimos. Si, señora Paz, 28,5, que ben é certo que estivemos nese abano dende ese momento entre os 28,5 e 28,8. E segundo se establecía no acordo e outros de iniciativa desta Consellería, por un lado, e nun momento dos máis críticos neste momento onde a tormenta é perfecta, neste momento onde se cumpre un ano sen cotas —porque outros tiveron a oportunidade de tamén estar gobernando e tiñan cotas, e, polo tanto, o mercado estaba regulado e todos sabemos o que pasou—, acadamos o compromiso da industria de recoller cando menos o mesmo volume que no ano 2015.

Na distribución tamén se acadou o compromiso de non utilizar o leite como reclamo publicitario nas súas ofertas. Normativamente, un dos puntos recollidos no acordo era o contrato tipo homologado para regular as relacións de compra-venda no sector e corrixir a posición de indefinición e incerteza dos gandeiros á hora de comercializar a súa produción, contribuíndo tamén a dar maior transparencia á cadea de valor do leite.

O pasado 29 de xaneiro publicouse no Boletín Oficial do Estado a homologación do contrato tipo de subministración de leite cru e aplicable aos gandeiros inscritos no Rega. A Xunta acadou tamén que a publicación deste real decreto para modificar a normativa sobre declaracións obrigatorias a efectuar polos primeiros compradores se incluíse no campo Rega, porque vostede –que tamén estivo gobernando anteriormente– sabe que había certos problemas. Polo tanto, deste xeito mellorábase a fiabilidade da información e mellórase á hora de poder manexala por parte das administracións.

De igual importancia é a regulación do papel dos primeiros compradores de leite, e o borrador do decreto xa é público. A importancia que ten para nós é fundamental, porque saben vostedes que o 30 % do leite producido en Galicia se recolle a través da figura dos primeiros compradores, e non está regulado como debería. Segundo este borrador todos os primeiros compradores van ter que comunicar á administración os prezos e as cantidades que venden a outros compradores. Ademais, deberán cumprir cun volume mínimo de entregas, o que obriga á redución do número destes primeiros compradores. Hoxe mesmo e agora mesmo estase mantendo no ministerio unha xuntanza cos distintos directores xerais das distintas comunidades autónomas, e entre elas Galicia pide algo máis do que está posto nese borrador, e é establecer garantías de pago.

E, señorías, fundamental para dotar de maior transparencia a cadea de valor do leite e poñer a cada elo da cadea no seu lugar á hora de coñecer os que cumpren e os que non cumpren cos acordos, recollidos no asinado no mes de setembro, está o Real decreto de cesión de prezos, que establece a obriga por parte da industria de facer públicos os datos sobre os prezos de compra, de venda do leite á industria. Así coñeceremos a que prezo compra a industria o leite aos gandeiros, que xa o coñecemos agora mesmo, e a como se está vendendo á distribución. E, polo tanto, dígolles que este é o maior acordo sen dúbida ningunha, que oxalá se tivera publicado anos atrás, porque o sector estaría máis seguro e, polo tanto, non acadaríamos todos estes problemas que vimos arrastrando dende hai tempo. A súa publicación debería ser inminente, e saben ademais que tiveron que informar os distintos ministerios, e ao estar o Goberno en funcións tamén o tivo que facer o Avogado do Estado.

Outra liña na que seguimos a traballar, incluída tamén no acordo, é a inclusión nos envases dun selo distintivo que identifique a procedencia do leite e os seus derivados. E neste sentido dende a Xunta de Galicia seguimos a instar o ministerio nun desenvolvemento normativo nesta liña.

Xa fóra do acordo, pero fundamental –e aínda que, señora Paz, non queira vostede que o diga–, constituíuse por primeira vez o Plan de fortalecemento do sector lácteo, onde todos os axentes relacionados co sector nos sentamos nunha mesma mesa, onde, por primeira vez, se dá toda a información, absolutamente toda a información que ten a Administración, e se fan as avaliacións precisas para tomar medidas a curto, a medio e a longo prazo.

A última reunión tivo lugar o pasado venres e na mesma expúxose ese traballo realizado polos técnicos do Fogga, que nos deixou de manifesto a realidade da situación actual do lácteo en Galicia, pero tamén a realidade en España e en Europa; a actual pero tamén como nos vimos desenvolvendo nos últimos anos.

Señorías, afirmaban tamén vostedes na súa exposición, aínda que só por riba o citaron agora mesmo, que o consumo non era un problema. Eu dígolles que están vostedes equivocados, ou que polo menos este goberno dicía que non podía derivar a problemática do lácteo só no consumo. Por suposto que non é só no consumo, é o contexto no que nos movemos. É un contexto onde non hai cotas, é un contexto onde hai un veto ruso, é un contexto onde o mercado chinés non avanzou como se cría que ía avanzar e é un contexto onde en Galicia se aposta agora e definitivamente pola transformación dos produtos lácteos. Ese é o contexto que vive agora mesmo Galicia.

E falando de consumo, hai unha forte caída, e esa é a realidade, gústenos ou non. E é unha caída que temos que atallar, e témola que atallar a nivel autonómico, témola que atallar a nivel nacional e témolo que atallar a nivel da Comisión Europea. E así se está a realizar.

A nivel autonómico imos pola vía de Galega 100 %, que parece que a algúns de vostedes non lles gusta. Eu convidaríaos a que asistiran a algunhas das charlas informativas que damos coas asociacións de consumidores, que o fixeran, ademais, nalgúns dos eventos deportivos, para que se dean

conta de que hai carencia de información, e que nesa liña habemos de seguir. Foron vinte e cinco actuacións, dende reunións de cen persoas ata reunións de dez mil persoas. E iso está dando os seus froitos; froitos onde se realizan preguntas continuamente sobre como é e como podemos facer para seguir consumindo. É máis: aí temos como responden os colexios, temos como responden os hospitais, temos como responden as residencias da terceira idade, e onde todos están optando pola marca Galega 100 %.

E nesa liña eu dígolles que continuamos e que se continúa tamén dende o ámbito dos colexios. E algo que detectamos é que a maioría dos colexios non facían a solicitude para facer a promoción entre os cativos, porque sabemos que ademais é moi necesario que consuman lácteos, e comprobamos cal era o motivo. E o motivo era, por un lado, que a axuda que se lles daba a eses colexios era de tan só 18 céntimos/litro, que agora se incrementa aos 90 céntimos/litro, e pasouse por parte do ministerio dunha achega de 300.000 euros a unha achega de 5,2 millóns de euros, de maneira que poidan consumir os cativos nos colexios marca de leite Galega 100 %. E, polo tanto, que esa tendencia que viña a ser seguida durante estes últimos anos, de descender o consumo do lácteo e que encima estaba provocando certos problemas neses cativos, se free, e, polo tanto, seguir nesa liña.

Por outro lado, dicirlles que nese ámbito tamén a Unión Europea, e así o detectou –¡xa só faltaría!–, que o consumo a nivel dos países da Unión Europea caía de xeito estrepitoso, de aí a aposta decidida que se está a facer por incrementar a información. Hai investigación feita e hai un problema, e é que esa investigación non se daba a coñecer nos distintos ámbitos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):
...para que a xente poida consumir lácteos, porque, sen dúbida ningunha, é máis que necesario para a nosa saúde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Se mo permiten os xornalistas e as xornalistas que estarán cubrindo esta sesión, é moi fácil facer o resumo desta comparecencia: BNG pregunta pola problemática do sector lácteo, conselleira contesta “laranxas traio”.

Por certo, señora conselleira, eu nunca governei, nunca estiven no goberno. Si estiveron no goberno, na Consellería do Medio Rural, compañeiros e compañeiras do BNG, de cuxas políticas estou profundamente orgullosa. E direilles que se eu tivera que relacionarlles aquí a cantidade de medidas que se adoptaron para estruturar o sector e para intentar estabilizar os prezos, e incluso os logros que se conseguiron, a relación dos prezos e a súa comparación coa media estatal e coa media europea durante aquel período, tardaría bastante máis só en enumerar todo aquilo que vostedes desmantelaron nos seis primeiros meses desde a súa chegada ao Goberno, que vostede en enumerar todo o positivo que fixeron para o sector lácteo. Pero, en fin, ese é outro debate.

En todo caso, eu quería dicirlle que o resumo da súa comparecencia é que vostede veu aquí unha vez máis enumerarnos a cantidade de borradores –que xa é a cuarta ou quinta vez que nos fala dos borradores– que desde hai sete meses está elaborando o ministerio. Pero de momento nada feito, e de momento o que vemos é que a situación do sector se deteriora.

Por certo, señora conselleira, vostede di que o prezo medio é de 28,5 céntimos. Non é iso o que din os informes oficiais do FEGA; o último informe oficial que hai do FEGA di que en Galiza o prezo medio son 27,7 céntimos por litro. É máis: di que durante o ano pasado caeron os ingresos medios das explotacións lácteas nun 7,2 % en Galiza e que perderon moitos cartos os gandeiros, que non teño agora moito tempo de relatarlles.

Pero eu quería facer un apuntamento, señora conselleira, que vostede veu aquí dicirnos practicamente que remataran coa utilización do leite como reclamo dos grandes hipermercados. É que eu non sabía que vostede ía facer esa afirmación, se non tería imprimido isto que non van ver os señores deputados; pero eu cóntolle o que é. É unha foto dun ticket do supermercado, voulle dicir nomes e marcas, porque xa está ben, hai que sinalar aos responsables. Cadea

de supermercados Eroski, 1 de abril de 2016, hai trece días, leite Campobueno –que non sei de onde saíu o “Campobueno” este–, por certo, non sei se o ven, Galega 100%, Galega 100 % Campobueno: regalaban un litro de Campobueno por calquera compra en Eroski; é igual o que compraras, 50 céntimos ou 50 euros, un litro de leite. Concretamente teño aquí o ticket: por comprar unhas bolsas do lixo e unhas compresas Ausonia regaláronlle un litro de leite. ¡E agora dígame vostede que acabaron coa utilización do leite como reclamo nas grandes áreas comerciais!

Pero, señora conselleira, eu díxenlle que non quería mirar para atrás e tamén lle dixen que non quería que faláramos do Plan de fortalecemento, porque iso, en todo caso, dará froitos dentro de tres anos, e o problema que temos é que vai pasar dentro de tres meses. E non o dicimos nós, dillo a propia Unión Europea no regulamento que publicou onte, que vai haber picos estacionais de incremento de produción cando non se vai incrementar o consumo, senón todo o contrario.

E vostede non me dixo nada en relación co que teñen pensado facer co tema en Galiza. A pregunta concreta é: ¿que opina vostede, que defende vostede a respecto de se o Estado español debe promover ou non, amparar ou non que haxa unha autorregulación do sector para os próximos seis meses? E, se iso é así, ¿vai vostede permitir que iso se faga en Galiza?, ¿si ou non? Preguntas máis concretas non lle podo facer, señora conselleira.

E en caso contrario, ¿vai defender vostede ante o ministerio e ante a Unión Europea outras medidas de verdade que sexan xustas e que non teñan como consecuencia que ao final os gandeiros galegos acaben tendo que producir menos para que os galegos e as galegas teñamos que seguir tragan-do leite de Francia, de Francia ou de calquera outro sitio, poño Francia porque é –digamos– o que está asentado no noso imaxinario, que somos os que tragamos sempre cos seus excedentes, pero podería ser de calquera outro lugar?

En definitiva, ¿vai vostede consentir que con estas políticas Galiza siga perdendo peso no sector lácteo?, ¿si ou non?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Tres preguntas moi concretas, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Rolda para o peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Paz, direille, 28,5 é o prezo medio do leite en Galiza, 28,5. Por outro lado, efectivamente, igual vostede non gobernaba pero sentíase orgullosa tal e como dicía dos que gobernaban da súa mesma ideoloxía. Pero mentres que gobernaban os da súa mesma ideoloxía, eu tamén gobernaba, e gobernaba noutro lado ao carón dos veciños e dos gandeiros, e podo dicirlles que as políticas que adoptaron defraudaron, e ademais fixérono moito.

Cando din vostedes do leite que entra de Francia ou de Portugal, despois direille que é o que está facendo este goberno en relación con todo isto. Pero temos un maior problema, e non é o leite líquido o que está provocando o problema neste momento, senón que é a transformación. De aí que este goberno aposta pola transformación e vostede dicíame que estabamos a facer. Pois xa neste momento dígolle que rematou o prazo para que presentaran os proxectos de cara á transformación as industrias e que este goberno habilitou unha partida de 14 millóns de euros, e que se presentaron 155 millóns de euros para desenvolver distintos proxectos de cara á transformación, que é o que debemos de facer, á parte de instar a internacionalización dos nosos produtos.

E, por certo, deixen de proxectar esa imaxe triste e escura, e comproben a cantidade de empresas, que xa temos, transformadoras, e que están acadando uns niveis moi importantes de mercado que van repercutir sen dúbida ningunha de cara a un futuro no ben dos nosos gandeiros. Non hai máis que achegarse a Gourmet ou Alimentaria e ver a cantidade de empresas que temos galegas, cuns produtos boísimos e, polo tanto, que están acadando xa uns nichos de mercado máis que importantes. *(Aplausos.)*

E falando de como protexemos e como non protexemos, falamos tamén de sancións e do que fai este goberno para protexer os nosos gandeiros. É máis, pódolle dar datos. Perfectamente organizado dende as distintas consellerías, dicirlles que res-

pecto da publicidade enganosa que claro que existe, distinto é que nun 99 % iso non se acade, e hai varios expedientes abertos xa coas sancións pertinentes por máis de dez mil euros cada un. Abríronse, ademais, expedientes por venda á perda, e estase levando a cabo a imposición pertinente das súas sancións.

No que se refire á entrada de leite a través da fronteira de Portugal e no que vai do ano 2016, direille, señora Paz, que se teñen efectuado un total de 325 dispositivos, nos que se inspeccionaron 419 camiós e se levantaron corenta actas por algunha irregularidade. A campaña vense activando dende maio do 2015, e ata decembro do ano 2015 leváronse a cabo outras 109 inspeccións, que derivaron en setenta denuncias.

Se vostede me pregunta sobre a cantidade de leite ou as toneladas, tereille que dicir que diminuíu considerablemente no último ano a entrada de leite procedente de Portugal e tamén procedente de Francia. E a isto temos que unir as inspeccións da AICA, Axencia de Información e Control Alimentario, que está a impoñer as súas sancións a compradores de leite en Galicia.

Señora Paz, é moito o traballo realizado e agardamos que este traballo faga sentar as bases de cara a un futuro. E, efectivamente, as organizacións de produtores están chamadas a xogar un papel moi importante. E así o está encomendando a Comisión Europea. De feito, esta mesma tarde hai xuntanza da Interprofesional, onde están os representantes dos gandeiros, onde está a industria, onde está a distribución e onde está o ministerio, para habilitar as fórmulas de cara a regular o que é o mercado en si.

Así se pronunciou Bruxelas e, efectivamente, así saíu publicado no día de onte, e esa é unha das liñas a seguir de aquí en diante. Nese sentido, e a pesar de que ás veces se quere dar a imaxe de que esta conselleira quere demonizar o sector, eu direilles: estou sempre a carón do sector, pero coas verdades. E dentro desas verdades, neste momento, Galicia ten dúas organizacións de produtores e esta consellería está instando a que se unan esas dúas organizacións de produtores. Aínda así, só teríamos organizado o 37 % dos produtores e só eses produtores teñen o 34 % da produción, (*Murmurios.*) pero temos que dar pasos porque eses son os pasos que se están dando non só en Galicia, senón...

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...que xa se deron en distintos países da Unión Europea. Esa é a realidade e iso é o que lles teño que dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...porque me están preguntando que se está a realizar por parte desta consellería, que se está a facer por parte do goberno e que (*Murmurios.*) se fai a través...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...da Unión Europea.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira. Remate xa.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Murmurios.*)

Non quero falar, imos deixar o tema aí. Bueno, non é así pero eu creo que os tempos os... (*Murmurios.*) Non vou dialogar con vostede dese tema. Eu creo que os tempos os compenso e hai exemplos nese grupo e en todos os grupos.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

É igual, tranquilo.

Vaiamos ao tema. Seguinte interpelación. Non imos perder máis tempo.

Interpelación de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga de 129 concesións de transporte público

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos. Bos días tamén, señora conselleira.

O 17 de marzo de 2016, hai case un mes, o Tribunal Supremo fixo pública a sentenza pola que se anula a prórroga masiva das concesións de transportes de viaxeiros por estrada en Galicia. Transcribo literalmente o fallo do Supremo para que a señora conselleira non lle busque as reviravoltas a unha sentenza contundente, diáfana e sen marxe de interpretación. No fallo, que consta de catro puntos, o Tribunal Supremo decidiu:

“Primero. Estimar el recurso de casación interpuesto por la Comisión Nacional de la Competencia contra la sentencia de 24 de mayo de 2012, dictada por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el Recurso contencioso-administrativo 4348/2010.

Segundo. Casar y anular dicha sentencia.

Tercero. Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Comisión Nacional de la Competencia contra la Resolución de la Dirección General de Mobilidade de la Consellería de Medio Ambiente, de la Xunta de Galicia, de 26 de febrero de 2010, por la que se aprueba el Plan de modernización de las concesiones de transporte público regular permanente de personas de uso general por carretera y contra la Resolución de la citada consellería, de 22 de junio del mismo año, de 2010, que inadmitió el requerimiento previo a la interposición del recurso contencioso-administrativo formulado por el presidente da Comisión Nacional de la Competencia y anular las mismas.

Y cuarto. No hacer imposición de las costas del recurso contencioso-administrativo e imponer las ocasionadas por el recurso de casación a las partes recurridas conforme a lo expresado en el fundamento de derecho cuarto.”

Señora conselleira, dei lectura literal á sentenza do Supremo para que vostede non recorra a malabarismos interpretativos tentando transmitir a dúbida de que teñen parte de razón apoiándose na sentenza inicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A dita sentenza, señora conselleira, está anulada. Xa non teñen sentenza favorable que dea cobertura ás súas resolucións.

De feito –e dígoo así–, no pasado pleno, en resposta oral aos grupos parlamentarios do BNG, AGE e PP, fixo vostede xogos malabares trasladados á argumentación neste senso.

Por un lado, agarrábase vostede á sentenza do Superior de Galicia para insinuar que o Goberno popular tiña razón nas súas resolucións. Mais, por outro lado, ante a sentenza clara e rotunda do Supremo, botáballe a culpa ao Goberno bipartito. A sentenza do Tribunal Supremo é clara e rotunda e afecta a tres cuestións:

Primeira. Anula a sentenza do 24 de maio do 2012 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que lle outorgaba a razón á Xunta de Galicia na prórroga das concesións.

Segunda. Anula a Resolución da Consellería de Medio Ambiente do 26 de febreiro de 2010, na que se concretaba a prórroga masiva por un período de dez anos das concesións de transporte de viaxeiros por estrada.

E terceira. Falla contra a Resolución do 22 de xuño de 2010 da Consellería de Medio Ambiente por inadmitir un requirimento formulado polo presidente da Comisión Nacional da Competencia.

Señorías, non vou profundar nos fundamentos nos que se basea a sentenza. Non creo que lle corresponda a esta cámara teorizar sobre as posicións argumentais dos litigantes, nin sobre a vulneración de regulamentos comunitarios na Resolución de 26 de febreiro de 2010 que propiciou a prórroga das concesións. Non nos corresponde o debate xurídico, correspóndenos o debate político. Hai sentenza do Tribunal Supremo, sentenza con fundamento en resolucións de gobernos do Partido Popular, sendo presidente o señor Núñez Feijóo, e con graves consecuencias para o sector do transporte de viaxeiros por estrada e para a mobilidade interurbana do noso país, das galegas e dos galegos.

A sentenza, señora conselleira, sitúa na alegalidade a 129 das 144 concesións, o 89 % das concesións. Só 15 concesións non a teñen extinguida, as 129 restantes, coas concesións extinguidas entre 2010 e 2016, xa están en período de prórroga e, polo tanto, afectadas concesionalmente pola sentenza do Supremo. Señora conselleira, 129 concesións, o 89 % exercendo os servizos en precario, alegalmente, como consecuencia das temerarias resolucións dos seus gobernos. E 144 concesións, o cen por cento, ilegalmente prorrogadas e coas empresas concesionarias atadas ao Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estradas en Galicia.

O sector valora a inversión acometida neste plan en 100 millóns de euros ata o de agora e con contratos asinados para continuar co plan de modernización. ¿Que fan agora?, ¿que lle recomenda que fagan, señora conselleira?, ¿seguen adiante co plan?, ¿seguen a investir nas súas frota co horizonte concesional anulado? ¿Que plan de viabilidade empresarial lles oferta nesta situación provocada por resolucións dos gobernos do señor Núñez Feijóo?

Señora conselleira, vostede non é culpable persoal dos actos que provocaron a sentenza do Supremo, pero é responsable política tanto en canto forma parte do Goberno do Partido Popular que os propiciou. Mais tamén é responsable política pola pasividade coa que ten exercido as súas competencias en materia de transporte. Pasividade en canto a promover, mesmo exixir, unha necesaria coordinación aeroportuaria en Galicia; pasividade respecto á decisión do Ministerio de Fomento de suprimir liñas de paradas de transporte ferroviario de media distancia; pasividade en canto a avanzar nos estudos e implantación dos metros lixeiros de Santiago, A Coruña e Vigo os cales permanecen como hai xa moitos anos; pasividade en canto a dar pasos para facer real o tren de proximidade; pasividade respecto a sentarse, escoitar e estudar as necesidades do sector de transportes de mercadorías por estradas; pasividade ante a necesaria implantación do transporte metropolitano onde aínda non está implantado; pasividade en canto á implantación práctica da intermodalidade –a palabra intermodalidade, fago un receso, ten sido permanentemente invocada polo señor presidente e por vostede mesma como concepto clave no transporte actual, tantas veces invocada como veces ignorada na práctica–; pasividade coa implantación de novos modos de transporte, e pasividade, mesmo conivencia, coas supresións das rutas e frecuencias de transporte público de viaxeiros por estrada.

Señora conselleira, en cuestións de mobilidade só foi vostede activa na renovación da Dirección Xeral de Mobilidade. Tres responsables da Dirección Xeral en pouco máis de tres anos, no demais pouco, moi pouco. Instalouse vostede na mobilidade pasiva, mesmo para incumprir flagrantemente o programa electoral do Partido Popular, o seu partido, no tema de mobilidade.

Señora conselleira, temos un problema, un problema que afecta un aspecto fundamental do país: o transporte público regular de persoas por estrada. Xa non caben máis dilacións,

nin mirar para outro lado como teñen feito os gobernos do señor Feijóo durante os últimos sete anos. Todos sabemos xa o final, aínda que vostedes se negaran a aceptalo. Agora tócalles afrontalo, con axilidade, pero tamén coa máxima seguridade xurídica.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista faille dúas preguntas moi concretas: ¿Que valoración fai o Goberno galego da dita sentenza do Tribunal Supremo? ¿Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para resolver a situación que el mesmo provocou?

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, señor Fernández, as cuestións que hoxe me plantea xa foron contestadas nesta cámara na pasada sesión plenaria a través de diferentes preguntas orais dos seus compañeiros dos outros grupos parlamentarios; dende logo que non foron xogos malabares, foron argumentos claros e concisos. O presidente da Xunta algo dixo sobre unha nova lei. Eu tamén deixei claro que no Goberno galego tramitaremos unha lei para dar seguridade xurídica, garantir o servizo público e, sobre todo, ordenar o transporte interurbano en Galicia. Eu, en calquera caso, agradézolle poder darme esta oportunidade de volver aclarar os argumentos, explicar o asunto, asunto que nos preocupa e, dende logo, que lle imos dar solución.

Señor Fernández, debe saber vostede, estou clara que si que o sabe, a decisión de prorrogar as concesións do transporte no ano 2009 foi como consecuencia da inminente entrada en vigor do regulamento comunitario aprobado no ano 2007. Polo tanto, regulamento comunitario que coñecía todo o mundo, todos coñeciamos no ano 2007 ese regulamento comunitario e o Goberno presidido polo seu partido, o Goberno bipartito, non foi quen de dar solución para garantir o servizo de transporte público nin dar solución para dar estabilidade a esas cinco mil familias que dependen deste sector clave en Galicia.

Tamén coñecía o Goberno bipartito que as concesións de transporte público comezarían a caducar a partir do ano 2008. O certo é que si fixeron, algo fixeron, unha medida para saír do paso, un parche legal, que é a través da Lei de orzamentos: prorrogar un ano; un parche legal. Eu espero que, señor Fernández, aproveite hoxe para explicarnos por que estableceron vostedes esa prórroga dun ano tendo coñecemento dese regulamento comunitario dende o ano 2007.

Neste contexto, o actual Goberno viuse na obriga de dar unha resposta, de buscar solucións inmediatas e razoables, e acordadas co sector. Iso foi o que fixemos: redactar, tramitar, aprobar unha Lei de medidas urxentes en seis meses. Este traballo culminou, como sabe vostede, coa aprobación da Lei 5/2009, de medidas urxentes; unha norma que habilitaba un marco legal para a prórroga das concesións.

Sabe que a prórroga das concesións está nesa Lei 5/2009, no artigo 1, apartado 2, parágrafo 1 –é nunha lei, non nunha resolución da Dirección Xeral–. E tamén fixaba as bases dun plan de modernización do sector, que habería de ser concretado e aprobado con posterioridade –iso si– a través dunha resolución da dirección xeral, que foi –como dicía vostede– o 26 de febreiro de 2010. Establecíase unha prórroga de dez anos respecto á data de vencemento das concesións daquelas empresas adheridas a ese plan de modernización. Porque apostamos dende o Goberno galego polo plan de modernización porque implicaba a prestación dun mellor servizo a todos os galegos: renovación da frota, reducindo tanto a antigüidade máxima como a antigüidade media dos vehículos; polo tanto, maior seguridade viaria, maior comodidade, melloras ambientais, maior accesibilidade e, polo tanto, adaptación progresiva deses vehículos ás persoas de mobilidade reducida, introdución de melloras tecnolóxicas –como sabe, o sistema de axuda á explotación para que os cidadáns, os galegos, teñan en tempo real esa oferta de transporte público– e medidas socio-laborais para garantir o traballo en igualdade e dar estabilidade a eses cinco mil postos de traballo, que supoñen cinco mil familias que dependen deste sector.

Polo tanto, un marco normativo aprobado por este goberno no ano 2009 que obedecía e respondía a un dobre obxectivo: ofrecer un servizo mellor e máis eficiente e tamén mellorar a competitividade das empresas e a estabilidade laboral. O señor Fernández estou segura de que comparte comigo que nun momento como aquel –no ano 2009– de gran crise eco-

nómica, gran recesión económica, era obrigado reforzar e redobrar os nosos esforzos para darlles estabilidade a ese sector e a esas cinco mil familias que dependían deste sector, nun momento tan crítico como era o ano 2009. Unha decisión que tomamos no Goberno galego no ano 2009, con ese marco normativo, coa chegada –como digo– de estabilidade e de melloras sociais a cinco mil traballadores en Galicia.

E, ao mesmo tempo, avanzamos nun obxectivo que era irrenunciante para nós: mellorar o servizo que se prestaba aos galegos. Non é ánimo, por suposto, de triunfalismo pero temos avanzado e así o pon de manifesto o Plan de transporte metropolitano: millón e medio de galegos que xa se benefician; sesenta e cinco concellos destas áreas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo que están en funcionamento. Un plan que sabe vostede que favorece os desprazamentos de miles de galegos no seu día a día para ir ao traballo, aos centros de saúde... E algo tamén moi importante: que favorece e repercute directamente no peto dos galegos, con reducións importantes nas tarifas, 600 euros ao ano de aforros, e, polo tanto, unha importante axuda á economía desas familias. Polo tanto, cifras tamén que avalan o éxito deste plan son as máis de 335.000 tarxetas distribuídas e os 42 millóns de viaxes subvencionadas.

Señoría, sen a lei que aprobamos en novembro de 2009 e sen ese plan de modernización, isto que acabo de referir tería sido, dende logo, imposible. As empresas asumiron compromisos de integrar as concesións ao Plan de transporte metropolitano nos sistemas de pagamento, neste sistema de tarifa zonal. Señor Fernández, se non tiveramos adoptado esta decisión que adoptamos en decembro de 2009, estarían caducadas a maior parte das concesións e, a partir dese ano 2009, irían caendo, dende logo, en cascada cada unha das concesións e dos servizos de transporte interurbano.

Polo tanto, coido que na súa intervención esqueceu un factor fundamental. De non ser pola decisión deste Goberno –que agora critica–, de non ter actuado con responsabilidade e con urxencia e de non ter tramitado esa Lei de medidas urxentes –vostede si que o sabe–, de non ser por todo isto, Galicia tería quedado sen a maior parte do seu transporte interurbano na nosa comunidade.

Non creo que a decisión que tomou Galicia fose, polo tanto, nin desapropiada nin desatinada, porque a solución que ato-

pamos en Galicia para prorrogar as concesións do transporte interurbano, a inminente entrada en vigor do regulamento comunitario, é similar á que utilizaron outras doce comunidades autónomas; comunidades que, con diferentes instrumentos, prorrogaron, aprobaron esas prórrogas das súas concesións. E, señoría, tamén comunidades gobernadas polo Partido Socialista, por suposto, e incluso algunha sen pedir ese plan de modernización ás empresas. Podo poñerlle o exemplo, que é o caso da Comunidade Autónoma de Estremadura.

Polo tanto, coido que non debemos estar equivocados en Galicia se en total trece comunidades autónomas coincidimos nesa solución de adaptar o sector a esa normativa comunitaria que xa coñecían vostedes dende o ano 2007. Tamén quero lembrar, por suposto –que é algo importante ao que non lle dá relevancia–, que a decisión da Xunta de Galicia foi avalada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A min, dende logo, si que me parece importante.

Agora o Tribunal Supremo, pois, interpreta que a renovación das concesións é contraria ao Regulamento Europeo e un fallo do Tribunal Supremo contradí o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que no seu día avalaba a prórroga. Polo tanto, estamos a falar de interpretacións diferentes de órganos xudiciais distintos, dos que respectamos, por suposto, todas as sentenzas, aínda que o certo é que non estamos totalmente de acordo co Tribunal Supremo porque, como insisto, afecta unha lei –o artigo 1 da Lei 5/2009– que é anterior á entrada en vigor dese regulamento comunitario.

Por iso lle reitero, como xa dixen hai quince días nesta cámara, que xa temos analizado xuridicamente o alcance da sentenza; xa temos analizado a marxe xurídica para defender legalmente as decisións da nosa comunidade autónoma, tamén os intereses dos galegos. Estamos traballando, como xa dixen, nunha nova lei, unha nova lei que acordaremos co sector, que achegue seguridade xurídica, para seguir traballando na modernización do transporte e continuar avanzando.

Esa é a nosa aposta, como tamén é a nosa aposta proseguir no deseño da mellora do transporte, do Mapa de transportes en Galicia, co transporte a demanda, co plan de penetracións –que xa dixen hai quince días–, para darlles máis e mellores servizos aos galegos.

Porque, señoría, na Xunta analizamos, planificamos, actuamos e resolvemos. Resolvemos para dar maior benestar aos galegos e defendendo os intereses xerais da cidadanía. Resolvemos incluso o que outros deixaron manga por ombro; porque este é o Goberno que dá solucións e non dá problemas; porque o Goberno bipartito segue dando problemas sete anos despois –iso é así–, pero non só na Xunta de Galicia, senón tamén no Concello de Ourense. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Vostede é de Ourense, saberá que no... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):...Concello de Ourense o Goberno socialista deixou caducado o transporte urbano e, polo tanto, seguen tamén dando problemas no Concello de Ourense. Nós resolvemos o noso e o dos outros.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que non me sorprende a súa intervención. A verdade é que case nunca me sorprende. E se o fai, ademais, é para aportar máis sombras que luces en case todos os temas. Volvo lembrarlle claramente que a interpelación consta unicamente de dúas preguntas moi claras: ¿que valoración fai o Goberno galego da sentenza do Tribunal Supremo? e ¿que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para resolver a situación provocada? E non hai máis temas. Non hai nin metropolitano, nin hai transporte de mercadorías; non hai máis. Hai o que hai.

Vostede fixo referencia a unha decisión do Bipartito de prorrogar un ano as prórrogas, legalmente. E facemos referencia á prórroga do Partido Popular; é un pequeno detalle.

Resolución: ilegal, declarada polo Tribunal Supremo. Un pequeno detalle: unha prórroga legal e unha prórroga ilegal. Unha prórroga legal que fixo o Bipartito e unha prórroga ilegal que fai o Partido Popular; é moi sinxelo. Non cuestiona o Tribunal Supremo a Lei 5/2009, para nada. Nin a cuestionou este voceiro, para nada. O que se cuestionou, tanto por este voceiro como o Tribunal Supremo, é a Resolución do 26 de febreiro de 2010. Ten a sentenza claramente.

Dúas preguntas, señora conselleira, dúas preguntas precisas e claras que invitan na situación en que nos atopamos a que as súas respostas sexan tamén precisas e claras.

Por respecto ao grupo parlamentario que interpela, por respecto a este Parlamento, por respecto ao sector do transporte de viaxeiros por estrada e por respecto aos galegos e ás galegas que residen no rural e tamén no urbano, pídolle concreción na resposta e vostede saínos absolutamente por peteneras, cun relato distorsionado da realidade presente; un totum revolutum dirixido a confundir, a embarullar, a distorsionar, dirixido a non asumir responsabilidades –nin pasadas–, nin as consecuencias das súas decisións; nin responsabilidades presentes da situación actual; nin responsabilidades futuras nas decisións que deu en tomar. Mire, o ton triunfalista –porque foi un ton triunfalista– da súa intervención pon de manifesto a ineficiencia, ineficacia e prepotencia deste goberno, do seu presidente e da responsabilidade en transportes. Tamén amosa a covardía política de quen non reconece os seus erros, non afronta a situación e non concita apoios para acadar solucións.

Graficamente –permítame que o explique así–, entrou vostede nunha glorieta e segue a dar xiros indefinidamente, porque xa non sabe por onde entrou nin por onde ten que saír. Da súa intervención deduzo que non reconece de onde vén nin sabe onde vai. Espero e desexo, señora conselleira, que ao remate da súa intervención lle permitira abandonar a rotación e que na réplica circule vostede –argumentalmente, claro– por unha turboglorieta, moito máis clara para identificar de onde se vén, moito máis explícita para saber onde se está e moito máis segura para saber a onde se vai.

Explícollo outra vez, é moi sinxelo: ¿de onde vén? Vén este goberno de vulnerar o Regulamento 1370/2007, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por

ferrocarril e estradas, a través da Resolución da Consellería de Medio Ambiente do 26 de febreiro de 2010, na que prorrogaba indebidamente, por dez anos, as concesións de transporte de viaxeiros por estrada, tal e como resolve o Tribunal Supremo a través da Sentenza número 585/2006, que vostede ben coñece.

¿E onde está agora mesmo, señora conselleira? Está nunha situación complexa e complicada –e recoñecémolo–, con 129 das 144 concesións de prórroga anuladas, cun sector instalado na incerteza...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...–sector, por certo, ao que vostede tanto apela e ao que tanto dano ten feito esa resolución, porque a situación de viabilidade empresarial na que se atopan é consecuencia da súa resolución–. Como digo, cun sector instalado na incerteza, vítima dos enganos dos gobernos do Partido Popular e do pacto asinado no seu día e prórroga de concesións a cambio do plan de modernización.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Está nesta situación cos gobernos dos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...Nin prórrogas legais, nin modernización da frota, nin mellora dos servizos interurbanos, nin nova Lei de mobilidade...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...nin concurso de concesións. Sete anos para facer isto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Rolda de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Fernández, sabe que a decisión que tomou o Goberno galego no ano 2009 coa aprobación da Lei 5 responde a principios fundamentais de defender os intereses dos galegos, garantirlles aos cidadáns un servizo de transporte acorde coas súas necesidades e as súas demandas e tamén dar estabilidade a ese sector clave, do que –como insisto e volvo repetir– dependen cinco mil familias e dependían cinco mil familias de Galicia no ano 2009, e seguen dependendo.

Señor Fernández, non sei se a vostede eses argumentos lle resultan convincentes; se non é así, debería explicarlles vostede aos traballadores do sector do transporte e aos milleiros de galegos que cada día empregan o transporte público que eses son os motivos que considera vostede para non dicir que fixemos o correcto.

En calquera caso, estamos a falar dunha lei que foi, no ano 2009, dialogada, acordada, participada co sector do transporte; unha lei que estableceu o marco das prórrogas das concesións de transporte para prestar o mellor servizo; unha lei necesaria e imprescindible porque estaba en xogo a viabilidade do servizo, estaba en xogo a implantación dos novos plans de transporte metropolitano e estaba tamén en xogo a estabilidade laboral.

Tivemos para tramitar seis meses; solucionar en seis meses o que vostedes non foron quen de facer en catro anos. Nin sequera foron capaces de deixar Galicia minimamente preparada, sabendo o regulamento comunitario do ano 2007.

¿Que fixeron vostedes? O primeiro borrador, que tivo moitísimas alegacións do sector, rexeitárono; no 2008 outro borrador, que nin llo mostraron ao sector; ao final, a última decisión, un parche legal –como dixen–: a prórroga dun ano a través da Lei de orzamentos, unha decisión coa que tamén a Comisión Nacional da Competencia non dubidou en mostrar a súa desconformidade. Esa foi a súa achega, un parche legal, aínda sabendo o que dicía o regulamento do 2007. E aínda así, como dixen o outro día, vostedes cualificaban o ano 2008 como ano do transporte público en Galicia. Falaban e prometían, non concretaban nin sacaban nada adiante, non resolveron e non deron solucións.

Pola contra, nós redactamos un texto lexislativo de medidas urxentes, dialogamos e resolvemos en seis meses –claro que si que resolvemos–. Vostedes presentaron emenda á totali-

dade do texto lexislativo, e a prása que non tiveron vostedes durante catro anos tivérona despois para as emendas. Querían ese plan de modernización en quince días. En catro anos non tiveron prása; para logo pedir o plan de modernización en quince días si tiñan prása vostedes.

En calquera caso, o que tamén é certo é que se tiveramos contado con tres meses máis, dende logo que a sentenza do Tribunal Supremo non sería a que foi; tres meses máis deses dous anos que tiveron vostedes, ao mellor dende o ano 2008, para facer algo. Se tiveramos tres meses máis, o Tribunal Supremo seguro que non tiña ningunha dúbida de legalidade.

En todo caso, o Tribunal Supremo, é certo –e coincido con vostede– que abre un novo escenario. Estamos a traballar porque –insisto– estamos para dar solucións, porque nós resolvemos. E os servizos xurídicos xa analizaron o alcance da sentenza para defender a autonomía lexislativa, garantir o servizo e para que esta sentenza non sexa un atranco. Xa nos temos reunido co Comité Galego de Transportes: unha primeira reunión inmediata para avaliar conxuntamente as repercusións, un segundo encontro e hoxe mesmo reunímonos co Comité Galego de Transportes.

Señor Fernández, primeiro, analizamos, planificamos, decidimos, actuamos e resolvemos. Así o estamos a facer. Estamos traballando nunha lei con seguridade xurídica –seguir traballando polo sector–, unha lei dialogada e acordada; é o que queremos para garantir a ordenación e a planificación dos servizos de transporte. Continuar traballando co sector para avanzar no deseño e, por suposto, mellorar a prestación do servizo.

En calquera caso, tamén lles avanzo unha cousa: imos presentar recurso contra a sentenza do Supremo. Hoxe mesmo presentamos o incidente de nulidade das actuacións contra o Tribunal Supremo para defender a autonomía lexislativa de Galicia e o interese xeral de todos os galegos. Porque os servizos xurídicos, non a conselleira, os servizos xurídicos, entenden –por suposto que entenden– que vulnera os dereitos e as garantías que nos outorga o artigo 24 da Constitución española, xa que o Alto Tribunal non ten plantexado previamente a cuestión prexudicial ante o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea en relación coa Lei 5/2009.

Polo tanto, porque no Goberno galego estamos convencidos de que fixemos o correcto –insisto–, hoxe mesmo presentamos o incidente de nulidade. Esa é a decisión que temos tomado pola defensa dos intereses dos galegos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis e trinta minutos.

Suspéndese a sesión ás tres e catorce minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a etiquetaxe do mexillón galego

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Ben, moi boa tarde aos que estamos.

Grazas, presidenta.

Señora conselleira, hoxe dende o PSdG presentamos esta interpelación porque consideramos que é preciso falar nesta Cámara para poñerlle voz a un sector vital para a economía de moitas vilas costeiras deste país. Nós cremos que é fundamental falar nesta Cámara de acuicultura, falar do mexillón e da acuicultura que se vén desenvolvendo en Galicia dende hai xa moitos anos. E non xustamente do modelo que presentaba vostede no seu anteproxecto de lei e que, afortunadamente, grazas á presión do propio sector, se encontra hoxe retirado.

E cremos tamén que é preciso falar dun sector que ata o ano 2010 foi o primeiro produtor mundial desta especie, e facémolo, xustamente, no día de hoxe a raíz da publicación dunha sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra asinada, loxicamente, por tres maxistrados e á que vostede e o Goberno galego non lle dan, ou non queren darlle, validez ningunha, a pesar de ser unha sentenza tremendamente clara.

Unha sentenza que vén de tirar por terra todos os seus argumentos durante estes anos á hora de defender un modelo de

etiquetaxe nas conservas, que é claramente ilegal, e voulle dicir o porqué. Na propia sentenza, e de xeito expreso, evidénciase que as alusións –abro comiñas– “Das rías gallegas, Elaborado en Galicia, Envasado en Galicia, etc.”, son de uso exclusivo dos produtos amparados pola DOP, e que ademais o uso de mencións a Galicia ou a simple referencia ou vocación en produtos elaborados do mexillón, aínda que a súa orixe real –repito, aínda que a súa orixe real– sexa Galicia, se non está amparada pola DOP supón unha infracción da normativa europea de protección das DOP.

Isto que acabo de dicirlle está recollido literalmente na propia sentenza, pero é que ademais na súa páxina 10 di literalmente que “resulta evidente que o emprego dun mesmo produto, aínda que baixo unha forma de comercialización distinta,” –no caso do que falamos, da conserva– “resulta incluído no ámbito de protección das DOP”. Porque de non ser así as DOP carecerían dun sistema efectivo de protección que permitiría usar a Denominación “Mexillón de Galicia” para especies producidas noutras zonas e tamén para outras técnicas de produción completamente distintas.

Pero o que chama a atención non é o que di a sentenza, porque é algo que, en definitiva, moitos lle viñamos dicindo dende hai xa bastante tempo, senón que o que chama a atención son as súas reaccións á propia sentenza, por unha banda –e como é habitual–, tardando en fixar a posición do Goberno galego. Primeiro agardou vostede a que falase unha parte de Anfaco, digo unha parte porque tamén hai empresas de conserva que forman parte de Anfaco e están tamén rexistradas baixo a denominación de orixe protexida. Pero esa parte é xustamente a que representa o presidente e o secretario xeral de Anfaco.

Pero é que vostede, ademais de tardar en fixar a súa posición, o que fixo cando falou foi recoller unicamente os argumentos empregados por esta parte de Anfaco. Primeiro, deslexitimando a DOP e o Consello Regulador do Mexillón, dicindo que non sabe que é o que pasa con esta denominación de orixe protexida, que ten moi poucos produtores certificados, que só representan o 14 % da produción do mexillón. E logo, incluso, dicindo que o tribunal interpretou a norma de xeito totalmente distinto ao que se viña facendo até o de agora; falando, ademais, de que se trataba dun tema moi complexo e que era preciso solicitar ditames á Unión Europea para determinar o alcance da DOP e que se clarifique a situación xurídica real.

En definitiva, nós cremos que o único que está facendo vostede e o Goberno galego nestes últimos días é darlle voltas á cuestión para non aceptar e non acatar o que di a sentenza, que, repito –e como xa lle lin antes–, é tremendamente clara. E xustamente está vostede nesta posición, dende o noso punto de vista, porque defende os intereses concretos da parte de Anfaco que lle falei antes, e tamén porque non facelo sería recoñecer que a posición que mantiveron vostedes e o Goberno de Galicia durante eses anos era completamente ilegal. Ilegal, e voulle dicir o porqué, porque vostedes veñen defendendo que o alcance da DOP “Mexillón de Galicia” se limita ao produto en fresco, baseándose nun informe do Comité Científico das DOP do ano 2003.

Ano 2003, señora conselleira, aínda non existía a propia Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia”, que foi rexistrada como tal no ano 2007. Non se ría, teño aquí o documento de Rexistro do 12 de setembro de 2007 polo que se inscribe a Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia” da Unión Europea, ano 2007, e vostede fala dun informe do ano 2003. É fácil comprender, señora conselleira, que un informe do Comité Científico do ano 2003 non pode recoñecer a realidade normativa despois da propia publicación do Rexistro da Denominación de Orixe Protexida. O marco normativo a partir do ano 2007 creo que é claro, e a propia sentenza xa o di: Regulamento 1151/2012, de protección das DOP, publicado no Boletín Oficial del Estado o 14 de decembro de 2012.

Eu estou convencido de que vostede sabe todo isto, porque se vostede non o sabe, e o seu gabinete tampouco, son vostedes moito máis irresponsables do que eu pensaba. E mesmo tamén veñen defendendo a súa postura sobre as mencións relativas á orixe ou procedencia na etiquetaxe en base a que están recollidas no Decreto 124/2010. Así o defendeu o seu director xeral de Pesca, o señor Maneiro, hai poucos días na Comisión 8ª. E teño que dicirlle que é certo, o Decreto 124/2010, do 15 de xullo, fala das mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe.

Pero o que vostedes non din é que no propio artigo 2 dese decreto di, textualmente, que quedan excluídos do ámbito de aplicación deste decreto os produtos alimentarios producidos ou elaborados en Galicia amparados por denominacións de orixe protexida ou indicacións xeográficas protexidas, o propio decreto da Xunta de Galicia. Polo tanto, señora con-

selleira, eu pregúntome a quen están enganando vostedes, ¿a quen queren enganar, señora conselleira?

Nós cremos que deben de empezar a falar claramente e a dicir que é o que defenden, se defenden o mantemento da DOP “Mexillón de Galicia” ou se non a defenden. Ou se están por amparar que unha parte da conserva siga incorrendo en fraude e engano ao consumidor. Polo tanto, deben de aclarar vostedes, dunha vez por todas, se van facer cumprir a lei; non é que llo pida eu, señora conselleira.

Vivimos baixo un estado de dereito onde as sentenzas se cumpren, non se discuten nin se piden ditames aclaratorios. E non llo di este deputado nin o Partido Socialista de Galicia, díxollo a vostede hai poucos días o presidente da Comisión Europea de Pesca, o señor Alain Cadec, que lle dixo, xustamente, que diante dunha sentenza os ditames tiñan pouco valor.

Pero, é máis, piden vostedes ditames aclaratorios a quen non ten competencias para facelo, ao Comité Científico das DOP. Mire, teño aquí o documento de decisión de creación do comité ou do grupo científico de expertos para as denominacións de orixe. ¿E sabe o que di? Pois di, xustamente, que co fin de resolver determinados problemas científicos e técnicos complexos que poidan xurdir durante o exame das condicións que permitan o rexistro previo ao rexistro da DOP.

Polo tanto, o comité científico neste momento non ten competencia para emitir un informe, porque o marco normativo é claro, Regulamento 1151/2012, de protección da DOP, señora conselleira. De verdade que nós cremos que a súa xestión, como máxima responsable da pesca galega, é máis que cuestionable, e que deben de deixar de facer o ridículo nun tema tan claro como o que hoxe estamos debatendo.

E o que nos teñen que dicir dunha vez a nós, a esta Cámara, a todo o pobo galego e á DOP “Mexillón de Galicia” é se van seguir vostedes amparando que se sigan cometendo prácticas ilegais na conserva, ilegais. Dío unha sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Polo tanto, señora conselleira, a cuestión é ben clara. Eu agardo que nos responda detalladamente na súa intervención se realmente van seguir permitindo que se poñan en marcha prácticas ilegais na etiquetaxe do mexillón ou van dar cum-

primento ao que reflicte a sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Para responder ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Val.

Señor Val, como vostede comprenderá, calquera cuestión que lle afecte á mitilicultura galega aféctalle e preocúpalle a este Goberno. Ademais, cando esta vén tamén na liña de distorsionar a cadea mar-industria galega temos dúas preocupacións. E se esta cuestión entra na parte da comercialización, aspecto clave para nós, entón temos tres preocupacións. Por iso estivemos dende o primeiro momento no que xorde a sentenza do Xulgado do Mercantil, alá por xullo do 2015, atendendo esta cuestión. Para a Consellería do Mar dar valor aos produtos e diferenciarlos supón unha fórmula de traballo que pode dar bos froitos, e calquera elemento que entre dentro desa fórmula sempre recibirá a nosa atención.

Pero antes de dar calquera paso nesta interpelación que nos ocupa, e de valorar a sentenza á que alude, creo que debemos de ter en conta varias cuestións ou matices que son importantes e nos que deberemos reparar se queremos levarnos máis pola razón que polo corazón ou polo interese político.

O primeiro que hai que sinalar é que a sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, coñecida hai uns días, non crea xurisprudencia e unicamente vincula as entidades que foron parte no procedemento; é dicir, a unha conserveira en concreto e ao Consello Regulador do Mexillón, e, polo tanto, só ten efecto entre as partes.

Señor Val, xa sei que non lle gusta esta resposta, e, mire, eu tantos coñecementos como vostede sobre xustiza non teño, pero sobre isto estudei un pouquiño.

A segunda cuestión radica en que esta sentenza interpreta a norma en vigor de xeito diferente a como viña sendo inter-

pretada. Por iso, para clarificar a situación e poder actuar en consecuencia, a Xunta pediu un ditame técnico e biolóxico ao Comité Científico da DOP da Unión Europea para que aclare se o mexillón en conserva é o mesmo produto que o mexillón en fresco, xa que o último ditame da Unión Europea reflectía que eran produtos distintos, desvinculando a conserva da orixe que se trata de certificar coa DOP.

Así, dende o primeiro momento da aposta polo mexillón con DOP suscitáronse diversas controversias interpretativas respecto ao ámbito de protección de diversos produtos aos que chega o uso do mexillón, xa que o prego de condicións aprobado pola Unión Europea indica claramente que a DOP afecta unicamente a esta presentación do mexillón en fresco.

Así, quedaría reservada para o mexillón transformado a denominada mención cando esta fose elaborada con mexillón con DOP, e mesmo a Unión Europea prohibe, expresamente, a aposición do logo comunitario na súa etiquetaxe. Este sería o caso das conservas galegas elaboradas coa dita especie, polo só feito de que o seu ingrediente principal sexa o mexillón con orixe na nosa comunidade e que, como todos coñecemos, produce máis do 95 % do mexillón español.

Neste senso –como vostede ben dicía– o comisario Fischler respondía no nome da Comisión o 21 de novembro de 2003 ante unha pregunta do Parlamento Europeo sobre a solicitude de rexistro como denominación de orixe protexida DOP, Denominación de “Mexillón de Galicia”, que facía referencia a un prego de condicións que incluía dous tipos de presentacións, en fresco e transformados.

Naquel entón, ante a consideración de que ese procesado ou transformado tiña suposto que os mexillóns foran sometidos a un tratamento térmico e posteriormente conxelados ou refrixerados, o comisario respondía literalmente que en abril de 2003 o comité científico considerou que o tratamento térmico e a conxelación modificaban as características físicas e organoléxicas do produto fresco.

Segundo indicaba tamén este comité, ese cambio facía desaparecer o vínculo entre a calidade do produto fresco e a zona xeográfica de produción, polo que os tratamentos descritos non parecían ser compatibles co concepto da denominación de orixe.

En consecuencia, o comité emitiu un ditame negativo en canto ao rexistro como denominación de orixe protexida da Denominación “Mexillón de Galicia”, cun prego de condicións que incluía a presentación de transformada, procesada. En cambio, emitiu un ditame favorable respecto do rexistro da DOP con outro prego limitando á presentación en fresco.

Con posterioridade, tal criterio respecto do ámbito da protección da DOP ten sido igualmente compartido pola Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea. Sinalaba que a dita denominación só se podería utilizar na presentación en fresco, non sendo posible empregala nas presentacións en conserva, pasteurizadas, escabechadas ou conxeladas.

Isto, contido nunha carta de resposta aos conserveiros no ano 2008 respecto do ámbito da protección da DOP, viña confirmar o publicado no seu día no Diario Oficial de la Unión Europea a respecto da inscrición da propia DOP. Ademais, e por se fose pouco esta interpretación, foi realizada durante a vixencia do Regulamento 510/2006, do Consello, sobre a protección das IXP e DOP dos produtos agrícolas e alimenticios.

Digo isto porque se xa se sementaban dúbidas na interpretación das normas, estas viñeron aumentarse ao ser publicado con posterioridade o novo Regulamento 1151/2012, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimentarios.

A maiores, e atinxindo á terceira das matizacións que hai que facer, temos que sinalar que unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2010, ratificada en xullo de 2013 polo Tribunal Supremo, sentenciaba a nulidade do pleno dereito do regulamento da DOP “Mexillón de Galicia”, o que incrementaba aínda máis esa complicación interpretativa.

Finalmente, e como cuarto elemento de matiz que cómpre facer, non podemos esquecer tampouco que neste momento o consello regulador só está a certificar coa marca “Mexillón de Galicia” o 14 % do total da produción do mexillón que se cultiva nas nosas rías. Iso deixa fóra da posibilidade de identificar na súa orixe o 86 % do mexillón igualmente galego pero que rexeita pertencer a este consello regulador.

A maiores, hai que ter en conta que o 40 % da produción total vai destinada ás conservas que ata o de agora estaban exentas de ter que utilizar o marchamo da DOP. Esta produción, que como vimos tiña o amparo de Bruxelas para poder identificar igualmente nas súas latas a orixe do seu produto, sempre e cando fose correcta a indicación, faría que quedasen fóra de poder identificar a orixe, tirando polo baixo, unhas 60.000 toneladas do noso produto.

Esta situación, derivada da libre elección dunha parte moi maioritaria dos bateiros de non integrarse no consello regulador, fai que haxa unha cantidade de mexillón que rolda as 220 toneladas que son tan galegas coma as que máis e que non entrarían nunha fraude de orixe. Creo que cumpría sinalar todo isto antes de abordar as súas preguntas, señor Val.

En canto á opinión que me merece a publicación desta sentenza, dígolle que non podo entrar a valorala de forma subxectiva, por canto as sentenzas non se comentan, acátanse. Iso si, sempre estaremos na defensa dos produtos galegos, e creo que o compromiso sempre foi máximo.

Polo tanto, máxima defensa das marcas de calidade e do seu consello, que en moitos casos son o mellor elemento de promoción e difusión dos nosos produtos. Mais vostede comprenderá que dentro desa defensa rigorosa tamén entra o conxunto do sector produtor, da industria transformadora e, especialmente, do consumidor, máxime cando esta situación que sinalaba debuxa un panorama complicado no que a Administración debe actuar con responsabilidade e rigor avogando polo diálogo entre as partes como solución a esta situación de limbo xurídico.

En relación coa súa segunda pregunta, de que imos facer para dar cumprimento ao referido na sentenza, dicirlle que acatala, pero indo máis alá e tratando de salvagardar o interese xeral do sector miticultor e da cadea mar-industria mediante unha clarificación da situación do uso da etiquetaxe da DOP e do fomento do seu emprego como elemento diferenciador.

Para tal fin, como vostede ben sabe, témoslle solicitado ao Goberno do Estado, que tramita a aclaración á Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, competente en materia alimentaria, se a pesar do cambio normativo acontecido no ano 2012 se segue mantenen-

do o criterio sobre o ámbito de protección dos produtos amparados pola DOP “Mexillón de Galicia”.

En concreto, tamén queremos saber se se mantén a consideración de se o tratamento térmico e a conxelación modifican as características físicas e organolépticas do produto fresco co gallo de facer máis exhaustiva a interpretación e gañar firmeza no emprego da marca.

En todo caso, quero dicirlle a todos vostedes que a Xunta de Galicia, desde os departamentos competentes, seguirá traballando para detectar, erradicar e castigar o mal uso do nome Galicia cando o produto é alleo, como se fixo en moitas ocasións, en moitos produtos, incluíndo o mexillón.

Por último, sobre se compartimos o contido desta sentenza, reitero que a Xunta de Galicia comparte todo aquilo que vaia en defensa dos nosos produtos e do recoñecemento da súa calidade, pero sempre dunha forma rigorosa e firme na súa legalidade, xa que temos que saber que aínda sendo importante, esta sentenza non senta xurisprudencia e podería xerar sentenzas noutro sentido.

Por todo isto, tratando de clarear os matices realizados, de integrar os intereses de toda a cadea de produción e transformación e de darlle unidade sensata ao noso sector miticultor, creo que o diálogo é a mellor ferramenta, polo que apostamos por unha DOP que conte cun regulamento e un funcionamento no que caiban todos os selos da cadea, porque todos son importantes e todos se precisan entre si.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, o certo é que non ten vostede argumentos ningún para debater as cuestións que eu lle acabo de plantexar, segue falando e dándolle validez a un ditame do comité científico do ano 2003. Repito, catro anos antes do rexistro da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia”. Polo tanto, ¿como vai ser aplicable un ditame emitido catro

anos antes do rexistro da propia marca “Mexillón de Galicia”? Eu preguntolle iso, ¿como vai ser se non recolle a realidade normativa que existe a partir do rexistro da denominación de orixe no ano 2007?

O marco normativo é claro, señora conselleira. Regulamento 1151/2012, lea o que di a sentenza. Di que resulta evidente que o emprego dun produto, aínda que baixo unha fórmula de comercialización distinta, neste caso en conserva, resulta incluído no ámbito de protección das DOP. Polo tanto, non ten ningún sentido que vostede veña aquí dicir que existe un limbo legal; non, non existe.

Hai un regulamento específico de denominación de orixe protexida e que vostedes, ademais, no seu decreto así o recollen no artigo 2, señora conselleira. Fala, cando fala das mencións de procedencia galega na etiquetaxe, no artigo 2 do seu regulamento, e di que quedan excluídos do ámbito de aplicación, de posibilitar estas mencións, aqueles produtos que estean amparados baixo denominacións de orixe protexidas. Se vostedes o teñen recollido no seu regulamento, ¿cal é o problema?, ¿onde está a dúbida, señora conselleira? Eu creo que é bastante simple de entender.

Hai un regulamento da Unión Europea no que vostedes teñen recollidas as limitacións que teñen no seu propio decreto, e vostede vén aquí darlle voltas. Diga realmente que desde o minuto un estiveron en contra da denominación de orixe protexida, dígao, dígao e quedará moito mellor, e será moito máis valente dicilo aquí.

Pero o que non pode é vir aquí dicir que o que quere é que se certifique como galego todo aquilo que é mexillón galego, porque temos a ferramenta para facelo, e vostede o que tiña que facer, en lugar de emitir dúbidas e cuestionar a denominación de orixe protexida, era animar os produtores a rexistrarse e certificarse baixo a denominación de orixe protexida. E así estaríamos falando dunha denominación de orixe que, seguramente, sería a primeira en España en volume de quilos. Seguramente unha das primeiras de Europa.

Iso sería o responsable, señora conselleira, e non facer o que vén facendo vostede durante todos estes anos. Si, señora, non lle dea á cabeza, porque é o que está facendo. O que está facendo vostede é mezclar cousas, ¿que ten que ver que o Tribunal Superior de Xustiza e o Tribunal Supre-

mo eliminaran o regulamento do consello regulador? ¿Quéreme dicir que non ten un regulamento o consello regulador agora? ¿Non está vixente o do ano 2000? Que vostede veña aquí dicir iso a verdade é que chama poderosamente a atención.

O certo é que mañá, mañá, o consello regulador podería volver presentar o mesmo regulamento que está anulado dándolle o trámite de audiencia a Anfaco, e volvería ser legal, porque foi anulado por un defecto de forma, non por ningunha cuestión de contido, señora conselleira, esa é a realidade. Vostede non aposta pola denominación de orixe protexida e así nos vai, así nos vai, señora conselleira.

Mire, voulle dicir por que este é o seu modelo. Un modelo que fixo que en Galicia perdésemos o primeiro posto como produtor desta especie a nivel mundial dende o ano 2010. E mire, fíxese, ademais, que o modelo que vostede defende fixo que cambiase a tendencia á hora de comercializar mexillón. Tradicionalmente, a conserva absorbía máis do 60 % do mexillón, e o 40 ía para fresco, e agora é xustamente o contrario, destínase para fresco máis do 60 % e a conserva galega tan só absorbe menos do 40 %.

E preguntárase por que, ¿por arte de maxia? Non, porque as empresas conserveiras están importando produto foráneo que vostedes lles están consentindo, e estallles consentindo que fagan fraude e enganen o consumidor poñendo referencias a Galicia cando non o poden facer. E hai unha sentenza –que é certo que non crea xurisprudencia, é certo, ata aí chegamos– pero que lles dá a vostedes capacidade para poder aplicar todo o que di o regulamento de protección das DOP, dálle a vostede capacidade xurídica e o soporte xurídico para poder aplicar e sancionar, porque non fai falta máis que ir por calquera supermercado e darse unha volta polo lineal de conservas para ver cantas referencias hai e alusións a Galicia que son ilegais, señora conselleira, “¡i-le-gais!”, non o di este grupo, dío unha sentenza.

Vólvolle ler o que di, que as alusións “De las rías galegas”, “mencións”, son unicamente posibles a través do produto certificado pola DOP; a simple mención de Galicia está vulnerando o Regulamento 1151/2012 da Unión Europea. E iso vostede sábeo. E se non quere facelo, dígao aquí, diga que están en contra da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia”, e dígallo á sociedade galega.

Mire, o mellor exemplo que hai de que o Goberno galego non está a favor da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia” e do seu consello regulador é que nos orzamentos deste ano vostedes dedican cero euros, cero euros, para gastos de funcionamento do consello regulador. Se iso é apoiar un consello regulador e unha denominación de orixe, pois a verdade é que nós cremos que non é o camiño.

Pola miña parte máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Ten a palabra a conselleira do Mar

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor Val, por moi nervioso que se poña non vai conseguir que eu diga que non apoio a denominación de orixe, non o vai conseguir. Porque se alguén apoiou a Denominación do “Mexillón de Orixe” foi o Goberno do Partido Popular.

Mire, cero; voulle dicir, para que non se poña nervioso. Alá polo ano 1994 recoñeceuse a denominación produto galego de calidade para o mexillón, por orde do 15 de xullo de 1998 recoñeceuse a Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia”, por orde do 17 de outubro de 2000 aprobouse o primeiro Regulamento da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia” e o seu consello regulador. Iniciamos a primeira solicitude de inscrición no rexistro no ano 2003, que é de cando vén esta resposta.

Aprobouse o regulamento, como vostede ben dicía, no ano 2000, no ano 2003 iniciouse o rexistro ante a Unión Europea, foi cando nos dixeron que non lle aplicaba o transformado, e publicouse en 2007 o procedemento que nós deixamos iniciado no ano 2005. E como consecuencia de aprobar ese regulamento no ano 2007, aprobouse un regulamento novo no ano 2008.

No ano 2008 voulle dicir soamente o que di a exposición de motivos, para que non se poña nervioso, señor Val, tranquilo. A exposición de motivos do regulamento do ano 2008 di: “Coa orde do 17 de outubro de 2000 aprobouse o Regulamento da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia-Mejillón de Galicia” e do seu consello regulador. A devandita denominación foi aprobada por orde do 15 de xullo de 1998 da Consellería de Pesca. Daquela ese regulamento

axustábase a unhas prescricións técnicas que hoxe en día” –ano 2008– “non se corresponden coas novas prescricións técnicas publicadas, polo tanto, cómpre facer un novo regulamento.” Regulamento que no ano 2010 tumbou para abaixo unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Regulamento que despois xa volveu tumbar o Tribunal Supremo, e no ano 2010 esta conselleira chamou ao consello regulador e díxolle: é o momento de facer un novo regulamento no que nos sintamos todas as partes incluídas. Dixeron que non, que ían facelo. Están funcionando cun regulamento do ano 2000.

No regulamento do ano 2000 non se recoñece a posibilidade de poñer na conserva o concepto de mexillón denominación de orixe, non se recoñece, porque hai unha dúbida que di que a transformación tanto para conserva coma para conxelado, coma para pasteurizado, fai cambiar as características físicas e organolépticas do produto. Polo tanto, desvincúlase coa súa orixe.

Nós entendemos que si se pode poñer a mención elaborado en Galicia ou de Galicia sempre que o mexillón sexa galego, iso para nós non sería unha fraude, porque non emite, señor, ningún tipo de engano nin de fraude aos consumidores galegos.

E mire, xa está ben de dicir tantas tonterías de que eu non apoio a denominación de orixe, ¿pero como que non a apoio?, ¿que quere que lle faga eu ao sector que non quere formar parte da denominación de orixe? Non ao conserveiro, como vostede ben di, ao sector produtor, ¿que van facer os conserveiros se o sector produtor non se inclúe dentro do consello regulador? Se soamente podemos certificar un 14 % da nosa produción.

Mire, as importacións, o ritmo de importacións de mexillón de fóra, a media anual na etapa onde vostede era delegado da Xunta de Galicia, da Consellería de Pesca, era un 76 % superior á importación que se está a producindo dende o ano 2009 ata o de agora. Importábase moito máis mexillón antes que agora, pero é que é igual, a min non me importa que se importe mexillón, eu creo que o consumidor ten que poder diferenciar o mexillón noso do mexillón de fóra.

Se nós non pedimos esta clarificación, estaríamos indo xusto polo camiño contrario, o que conseguiríamos sería que de-

saparecera o nome de Galicia da inmensa maioría do mexillón envasado, porque non lla aplica, iso é o que din todos os informes que temos neste momento. Eu xa sei que vostede debe ser catedrático en xurisprudencia, eu non o son, pero eu soamente digo: quero e defendo a denominación de orixe do mexillón, claro que a defendo, pero deféndoa para que se inclúan todos os produtores.

Nestes momentos todos os produtores están establecendo mesas de diálogo, xa estiveron reunidos comigo, están falando co consello regulador, queren buscar unha fórmula na que se sintan todos representados e poder poñer unha produción na que tamén poidan despois, xa, os nosos conserveiros poñer o seu produto no mercado diferenciándoo, por suposto, de todo o que vén de fóra.

E mire, nós si que facemos controis das latas de conserva que se envasan utilizando mal o nome de Galicia, e sanciónanse. Pero non é tanto, porque polas actas que temos soamente o 1,23 % foron identificadas envasando mexillón de fóra e poñendo mexillón de Galicia. E unha desas conserveiras me parece que foi esta.

Na defensa do noso produto non nos van dar leccións nunca, eu sempre defenderei o sector bateiro, a súa denominación de orixe, pero que abranca a todos, a todos, señor Val, a todos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto 7, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Constitucional na que se declaran inconstitucionais varios artigos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, acábao de enunciar a señora presidenta. O 30 de decembro do 2013 o BOE publicaba a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, Larsa, que modifica a Lei de bases de réxime local de 1985.

Esta lei, en opinión da práctica totalidade do municipalismo español, supuxo un ataque sen precedentes a iso, ao municipalismo español, porque atenta contra a súa autonomía local, non respecta as competencias municipais e obvia os principios de proximidade e equidade na prestación dos servizos públicos.

Esta lei, ademais, fai cousas realmente increíbles, como atribuír competencias en favor de órganos de elección indirecta, como son as deputacións provinciais, e considera que os concellos de menos de 20.000 habitantes son menores de idade e que non teñen nin capacidade política, nin económica, nin intelectual para xestionar os recursos dos veciños dese termo municipal a través dos seus órganos de goberno recoñecidos pola Constitución e por todas as nosas normas básicas.

Esta lei foi recorrida, señor Rueda, sábeo vostede moi ben, por 50 deputados e deputadas, senadores e senadoras; por 3.000 concellos de toda España, superando amplamente o que exige a lei, que é o 7 % dos municipios e o 6 % da poboación; polas comunidades autónomas de Andalucía, Asturias, Cataluña e Canarias, e os parlamentos de Extremadura e de Navarra. E aquí, permítanme, a estas horas estamos todos así como un pouco adormilados, facer unha mención a Sabina, e á nosa comunidade autónoma na súa persoa, e recordar aquilo que dicía Sabina “sólo faltas tú”.

É dicir, aquí recorreu todo o mundo, pero a Comunidade Autónoma de Galicia, comunidade histórica que debería ter un celo especial por defender as súas competencias, non o fai. Porque a sentenza di que só as comunidades autónomas poden prohibir aquilo que é da súa propia competencia, e, polo tanto, os servizos sociais, a sanidade básica, a atención aos cidadáns..., pois resulta que debería ser a comunidade autónoma quen fixara, e ademais tenos transferidos, evidentemente, e por iso o Tribunal Constitucional di que non é o Estado competente. Máis claro, imposible.

Polo camiño quedan discusións, informes, unha lei que fixeron vostedes, en lugar de recorrer, para tapar as eivas do señor Montoro, e a conclusión, señor Rueda, eu creo que é

básica. E aquí falamos dun debate político, non doutra cousa. ¿Que consideración política lle merece a vostede esta sentenza, señor Rueda? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Soneira.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Soneira, seguindo con Sabina, “só faltabas ti”, 4 de 17. Iso quere dicir que 13 comunidades autónomas non recorreron. Fala vostede de comunidades históricas, o País Vasco, ata onde sei, tamén o é e tampouco recorreu; ao mellor fixo o que fixemos en Galicia, que foi traballar.

Vostede dixo non, é que o que fixeron foi, en vez de recorrer, unha lei para superar a situación que se estaba dando. Pois, efectivamente, buscamos unha solución onde outros buscaban non un conflito, porque ao recorrer non ten por que se buscar un conflito, pero non fixeron nada; ou se o fixeron, fixeron o mesmo que fixemos aquí, o que pasa é que vostedes aquí presentaron unha emenda á totalidade e alí, outras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista, ou aprobaron unha lei igual que a que aprobamos aquí –que vostedes votaron en contra, insisto, cunha emenda á totalidade–, ou se era unha comunidade do Partido Popular a que facía esa lei, o Partido Socialista ou a apoiaba ou, cando menos, non se opoñía, e moito menos cunha emenda á totalidade.

Mire, señora Soneira, a valoración política que me pide. Eu alégrome de que se recoñecera que algunhas cousas que nós dicíamos que non estaban ben, efectivamente non o estaban. Tamén outras estaban ben, porque postos a facer unha valoración política, téñolle que dicir que unha das cousas polas que a lei non se anula na súa totalidade –como vostede estou seguro de que coñece, cando menos igual de ben ca min– é porque hai cousas moi interesantes que di tamén a sentenza.

A sentenza di que todo aquilo que ten que ver coas fusións, dígoo porque é o que vostedes demonizan, e din que non se poden facer, e tal como está plantexando a Xunta de Galicia,

non vai a ningunha parte; oia, pois nós estabamos seguindo o modelo de promoción de fusións que se promocionan tamén nesa lei, e mire por onde o Tribunal Constitucional di que iso ten todas as garantías legais do mundo, que por aí hai que seguir, que é un xeito de racionalizar a Administración local. Polo tanto, a valoración política nese eido, valoración positiva.

Efectivamente, alegrámonos de ter razón, de aplicar a lei nunha parte na que o Tribunal Constitucional dixo que non ten ningún problema, e de confirmar de que por aí ten que ir o camiño do futuro da Administración local, cando menos de xeito voluntario. Primeira parte da valoración política.

Segunda parte. Oia, pois como lle dicía, aquí había dous camiños, que era recorrer e non facer nada ou intentar solucionar os problemas. Nós xa dixemos, e teramo escoitado nesta Cámara –porque creo que non é a primeira vez que debatemos sobre este tema–, que había unha extralimitación competencial da lei, que había cousas que dicía que non podían facer os concellos e outras que os concellos podían seguir facendo, que non tiñan que ser cousas das comunidades autónomas. Estabamos de acordo as comunidades autónomas e os propios concellos. E para superar esa eiva, porque o problema o tiñamos encima, porque xa había interventores municipais que estaban dicindo que non se podían prestar servizos, tivemos que facer unha lei.

A diferenza é que mentres nós intentabamos solucionar o problema, vostedes aquí –insisto– presentaron unha emenda á totalidade, vostedes e o resto dos grupos.

Simplemente por dicir o que pasou noutros sitios. En Andalucía houbo un decreto lei, alí teñen decretos leis, que dicía exactamente o mesmo que dicía a nosa lei, promovida polo Goberno socialista de Andalucía. En Asturias, vostede citou estas dúas comunidades autónomas, exactamente o mesmo. O PSOE votou a favor en Castela-León, cunha lei igual que a nosa, e na Rioxa. E en Murcia non votaron a favor, non a promoveron, pero creo que, cando menos, se abstiveron.

É dicir, diferentes posicionamentos, curiosamente, do mesmo Partido Socialista, en función da responsabilidade ou non, ou de saber ler unha situación...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que derivaba desta lei e que a nós, na parte tivemos que facer unha lei, non nos gustaba para nada. A opción era recorrer ou arreglar o problema. Nós optamos polo segundo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: A verdade, señor Rueda, que eu non sei se realmente sabe vostede, eu teño unha dúbida. ¿Vostede a que se dedica? Dígollo en serio, porque no ámbito municipal vostede non recorre unha lei que vostede mesmo recoñece que tiña unhas eivas importantísimas, e entón vostede di: nós non buscamos conflito, imos legislar e facer unha norma que supere todo este sensentido do señor Montoro. Oia, e fixérono outros tamén, si, pero os outros –á par que facían iso– recorrían tamén.

Vostede renuncia a unhas competencias que son da Comunidade Autónoma. Vostede, como principal responsable da Administración local no Goberno da Xunta de Galicia, resulta que non recorre para preservar a autonomía local.

Eu aconséllolle, señor..., non ten que ver con isto, pero ten que ver, ten que ver con esta teima de Montoro con respecto aos municipios. Recomendolle que lea hoxe un artigo que sae na edición de *La Voz de Galicia* de Carballo. Aí hai concellos de todo signo político, incluído o seu alcalde da Larcha. Hai concellos... Cando vostede non exerce, pasa o que pasa, e en Madrid pensan que isto é jauja. Hai concellos que teñen a imposición fixa nun banco o triplo do seu orzamento anual, ¿sabe por que? Porque o señor Montoro dixo que todo o remanente hai que destinalo a amortizar débeda. ¿E se non tes débeda?

E, mentres tanto, os concellos non poden tirar de recursos para infraestruturas. Pequenas empresas municipais que podían ter unha vía de saída aí, pechan e os seus traballadores á Suíza, onde foron seus pais e seus avós.

Póñolle isto de exemplo porque vostede é o principal responsable da comunidade autónoma nesta materia. E vostede

non pode estar salvándolle a cara ao Goberno amigo, por encima dos intereses da comunidade autónoma.

Vostede puxo antes o exemplo de Andalucía. Si, pero recorreu. ¿A vostede que lle impedía recorrer? Porque vostede non é o conselleiro do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SONEIRA TAJES: ...vostede é o conselleiro de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: ...dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira, moitas grazas.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Soneira, eu si que sei a que se dedica vostede. Eu dedícome a traballar, vostede dedícase, por exemplo, a saír, como saíu onte, dicir aquí nesa tribuna, e está no *Diario de Sesións*, que todos os departamentos que dependen do señor Rueda lle deron axudas a Fesan, do que estamos falando. Nin o primeiro, nin o primeiro.

Agora, unha cousa é verdade, outra cousa é o que vostede di aí, que se dedica a mentir de xeito parlamentario, entón debe pensar que non ten tanta importancia, que pode dicir o que lle dea a gana. A iso se dedica vostede, e un bo exemplo é isto, son afirmacións, o resto son consideracións como as que fixo agora, pero ao final é todo o mesmo.

Mire, ¿aquí de que falamos, de solucionar problemas ou de ter plantexamentos políticos que non van a ningunha parte se non solucionamos o problema? ¿Aquí de que falamos?, de no es no e quedarnos aí, e como hai que explicar o no es no, que está tan de moda agora no Partido Socialista, ou dicir que o que hai que facer é que en vez de dicir que todo está mal e que non hai que facer nada, e que a negativa é o que

leva a ningunha parte, en cambio dicir que hai que traballar e que hai que solucionar problemas.

Porque dígame, señora Soneira, acaba de saír a sentenza do Tribunal Constitucional. ¿Houbo que facer algunha actuación en función desa sentenza dende Galicia? Non, porque o traballo xa estaba feito. Non, porque o problema xa estaba solucionado. Claro, vostede di, iso é o de menos. O que había que facer é non solucionar o problema, é plantexar o recurso e montar liorta, e dá igual que o problema estea solucionado, e mentres os interventores dicindo que non se podían prestar os servizos sociais, que non se podían prestar os servizos educativos e que non se podía atender a violencia de xénero dende os concellos.

Porque iso é o que estaba pasando. A vostede iso dálle igual. O que había que facer era recorrer, facer unha lei para solucionar, non, e se se fai, emenda á totalidade. Ese é o seu plantexamento, que non é o plantexamento responsable doutros grupos socialistas noutras comunidades autónomas, afortunadamente para esas comunidades autónomas. Pero o seu é dicir aquí por que non recorreron, porque iso era o importante, o demais é o de menos.

Mire, eu alégrome de que o Goberno do Partido Popular na Administración xeral do Estado en España acometera unha reforma en profundidade da Administración local, que xa era hora, o que pasa é que non o fixo todo ben, e dixémolo dende o principio, como o dixemos doutras cousas que non se estaban facendo ben, e, polo tanto, tiñamos que traballar desde aquí para intentar emendalas, para que estean arregladas aquí, que é o que nos importa, e é a nosa obriga, o noso deber, e é o que nos pide a xente, para iso nos pon no goberno e a vostedes na oposición, para que voten en contra e non queiran arranxar ningún problema. Esa é a diferenza.

Porque mire, 13.000 millóns de euros no Plan E. ¿Que arranxaron? Vostede fálame de que non se podían ter tantos concellos con tanto aforro e non podían facer nada. ¿Sabe por que hai aforro? Porque o primeiro que tivo que facer o Goberno do Partido Popular ao chegar é poñer un fondo de pagamento a provedores para que todas as débedas que tiñan os concellos se puideran pagar. *(Aplausos.)* De aí viñeron moitos aforros. ¿Onde están os 13.000 millóns de euros do Plan E? ¿De que serviron?

Ao tendeiro, ao que ten unha ferretería, ao que ten unha librería, o concello debíalle cartos, ¿onde están? ¿Que lle aproveitaron do Plan E? ¿Onde foron eses 13.000 millóns de euros? ¿Onde están os postos de traballo que se crearon? ¿De que lles serviron aos concellos?

Os problemas estaban aí o día que tivo que chegar un goberno á Administración central do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e intentar arranxar os problemas, intentar arranxar o pagamento a provedores...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e a partir de aí que todo o problema sexa, señora Soneira, que os concellos teñen moitos cartos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e que non os poden dedicar a outra cousa que a pagar a débeda. ¡Que todo o problema sexa ese!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para remitir-lles aos deputados solicitantes unha copia do anteproxecto da EDAR do Souto, en Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, vimos hoxe a este Pleno cun tema que nunca debeu vir, e é un tema que a nós nos parece unha cues-

tión grave, sobre todo polo que significa de falta de respecto a este Parlamento na persoa de tres deputados, de falta de respecto á Lei de transparencia e do bo goberno e de falta de respecto ao conxunto dos cidadáns.

A cuestión é moi sinxela. Con data 6 de novembro este deputado e outros dous pedimos coñecer o proxecto da estación depuradora de augas residuais do Souto, que se atopa depositado na súa consellería. Pasaron os trinta días hábiles e nin puidemos acceder, nin contestación, nin xustificación.

O 18 de decembro volvemos pedir ese acceso. Pasaron os trinta días hábiles e nin contestación, nin xustificación, nin acceso, nin unha chamada telefónica. O 28 de febreiro, señora conselleira, volvémonos dirixir á súa consellería, e a vos-tede neste caso, pedindo o acceso a ese proxecto. Estamos en abril e nin acceso, nin expediente, nin nada de nada.

O que non sabemos, señora conselleira, é que hai un compromiso entre o Concello de Santiago, o Ministerio de Medio Ambiente e a súa consellería do ano 2013, polo que se decide construír unha nova depuradora non no lugar de Silvouta, onde está a vella, senón a un quilómetro, no lugar de Souto. Sabemos que hai un convenio aprobado pola xunta municipal de Goberno, o día 8 de abril de 2013, onde se establecen uns compromisos de investimento plurianual, creo lembrar que de 13 millóns no 2014, 38 millóns no 2015 e 7 millóns no 2016.

Sabemos que hai un compromiso de pago no que o Estado pagará un máximo de 41 millóns, a Xunta un máximo de 8.996.000 e o resto o Concello de Santiago. Pero sabemos que o proxecto está na súa consellería, a obra non saíu a licitación, non se fixo absolutamente nada nese lugar e non hai ningunha explicación que se lle dea a ninguén. Polo tanto, nós o que queremos saber, señora conselleira, é algo moi sinxelo: o día e a hora na que estes deputados poden comparecer na súa consellería e poden ver ese proxecto.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Sei que é vostede un político experimentado, máis alá de que tamén sei que vostede foi o alcalde de Santiago e que, mesmo cando vostede era alcalde de Santiago, foi cando iniciaron os trámites para o estudo desa alternativa dunha depuradora tan necesaria no concello de Santiago. E sei tamén, firmemente, que vostede está utilizando esta ferramenta, que é esta pregunta, para tentar falar neste parlamento de algo que probablemente a vostede lle preocupe, pero que a min me ocupa, que é ter un procedemento de saneamento no concello de Santiago.

Pero, apelando a esa experiencia que vostede me consta que ten por todos os anos que leva vostede de político, deputado, e mesmo tamén de alcalde, sabe perfectamente que este é un proxecto de interese xeral do Goberno central, e sabe perfectamente que é un anteprojecto, o que vostede pide, de titularidade do Goberno central, e sabe perfectamente quen é o propietario, mesmo quen foi o redactor e onde está toda a información que vostede precisa.

É máis, mesmo incluso lle diría que vostede sabe moi ben, coma min, que ten vostedes 90 deputados no Congreso da nación que, efectivamente, lle poderían pedir, polo artigo que diga o Regulamento do Congreso, esa información que vostede está a pedir, da que eu non son titular, pero que, efectivamente, si coñezo, para facer o informe preceptivo para a declaración de impacto ambiental.

Isto, evidentemente, non é inxenuidade. Sei que vostede coñece como ninguén a quen lle ten que pedir a información e, sobre todo, quen é dono da información. O que si me importa é falar do que estou convencida que a vostede tamén lle preocupa, e é do compromiso do Goberno da Xunta de Galicia cunha depuradora –vólvo repetir– de interese xeral, cunha deputada cuxo anteprojecto é de propiedade do ministerio, neste caso do Magrama, do Ministerio de Agricultura e Pesca, e cunha depuradora coa que este Goberno, dende o ano 2009, por suposto está absolutamente comprometido, e aquí teremos a oportunidade de reiterar o noso compromiso para que vaia adiante, sabendo, como sabe vostede moi ben, que quen leva adiante o proxecto é o Goberno central.

Pero ten que ter en conta unha cousa que estou convencida de que a coñece. Se hoxe non hai unha depuradora no concello, obviamente non é por responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia. Se houbo atrancos na tramitación da depuradora do concello de Santiago non é polo Goberno da Xunta de Galicia, e vostede coñece todo o procedemento que, dentro do concello de Santiago, houbo, primeiro, para seleccionar unha depuradora nun lugar que despois se entendeu como erróneo, e entendeuno así o organismo de concas de auga do Estado, posto que era un lugar que tiña posibles conflitos con inundacións, para logo tentar ter outro lugar máis axeitado, que é o do Souto, e un compromiso cun anteprojecto xa presentado, cunha declaración de impacto ambiental xa aprobada e cun presuposto por parte do Goberno do Estado...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...xa comprometido. Se quere falar da EDAR de Souto, falamos, pero non diga que estamos a ocultar información porque non é verdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica. Señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Só lle fixen unha pregunta. Día e hora para ver ese proxecto.

Señora conselleira, eu teño aquí na miña man o convenio suscrito por don Angel Currás, don Agustín Hernández Fernández de Rojas e dona Liana Ardiles López, no que se asume ese compromiso de investimento.

Falamos dun proxecto, dun servizo público, non de ningún documento reservado que deba ser mantido oculto aos cidadáns, e moito menos aos representantes públicos, que somos os deputados. E voulle dicir onde está parte dese problema. Eu teño datos do proxecto que vostede ten, pero non conseguidos por vía oficial. Por exemplo, sei que en lugar de 59 millóns, como se di aquí, custa 89.839.939, porque en lugar de ter que escavar 400.000 metros cúbicos, como se di aquí, hai que escavar 936.293. Porque nunca zona que se chama O Souto, que é unha zona virxe, unha zona de arbolado, hai

que construír unha carretera dun quilómetro, hai que construír un colector de máis dun quilómetro, e falo dun colector de 1,80 metros de diámetro, é dicir cunha sección de 3 metros cadrados. Hai que levar unha liña de media tensión, é dicir, hai que destrozala completamente.

E encima, alonxámola dun núcleo de Santiago que se chama Silvouta e que me parece moi ben, porque é onde viven miña nai e miña irmá, pero a poñemos ao lado de tres núcleos do concello de Ames que tamén teñen os seus dereitos. E, por certo, o Concello de Ames descoñece ese proxecto.

Señora conselleira, non participe nesta tarefa de engano e ocultación. Poña día e hora para ver ese proxecto. O resto son contos chinos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sánchez Bugallo.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Como dicía o outro: como queira, onde queira e do que queira, señoría. *(Aplausos.)* E non son fan.

O que si é verdade é que ten vostede á disposición da súa señoría, e de todas as señorías deste Parlamento, todos os expedientes dos que esta consellería é competente, ¡absolutamente todos! Pode vostede preguntarme por calquera expediente que esta conselleira ten que tramitar, e, obviamente, ten vostede compañeiros de formación política no Congreso aos que estou convencida que lles poderá dicir que lle pidan onde o ten que pedir, que é ao dono e ao titular do anteprojecto, este proxecto. *(Interrupcións.)*

Señoría, eu xa sei que ten 90 compañeiros que non lle chegan para formar goberno no Goberno central, ¡xa o sei! Pero chéganlle para pedir o anteprojecto da EDAR de Santiago. *(Aplausos.)* Chéganlle, e pódenlle facilitar esa información. Para o resto, ten vostede na consellería abertas as portas –insisto– cando queira. E terá a oportunidade de ter toda a información.

Pero falando do realmente importante, que é o que estou convencida de que a vostede como santiagués lle preocupa,

que é levar adiante un proxecto tan importante como é a EDAR do Souto, o que lle teño que falar é en nome do Goberno da Xunta de Galicia. E en nome do Goberno da Xunta de Galicia pódolle garantir que estamos en disposición de asinar ese convenio tan necesario, que ten que liderar o Goberno central, e onde tamén terá que participar o Goberno local.

Estou convencida de que vostede, tamén a través dos seus compañeiros concelleiros, volverá facer a mesma reivindicación que está vostede facendo aquí para esa aportación que terán que poñer, por certo, a cifra dáme igual, pero aproximadamente vai ser o 20 % do que vostede di. Do que vostede di, que non é a cifra que teño eu. Pero vai ser o 20 % o que terá que poñer o Concello de Santiago, e eu ofrézome para ir con vostede a pedirlle ao Concello de Santiago que poña tamén esa financiación, porque o que lle podo garantir é que o Goberno da Xunta vai poñer a parte que lle corresponde ao Goberno da Xunta de Galicia, e para iso poderemos facer uso do novo programa operativo dos fondos Feder, que xa están a disposición de quen ten que liderar este convenio a tres partes, que é o Goberno do Estado.

Mentres tanto, o que si ten que quedar claro é que non hai ningún atranco por parte do Goberno da Xunta de Galicia para facilitar información, señoría. Non se trabuque, non minta, non conte o que non é verdade. Ten á súa disposición os expedientes titularidade da Xunta de Galicia que teñen todos o seu nominativo. Están á súa disposición, pero cando queira coñecer un expediente do Estado, e vostede o sabe moi ben, ten que pedirlo ao Estado. E estou convencida de que o Estado, na mesma dilixencia, tamén lle fará chegar ese expediente. Por certo, expediente que vostede debería de coñecer desde setembro do ano 2013 porque foi posto a exposición pública. É dicir, non tanto o señor Sánchez Bugallo, senón toda a cidadanía, igual que está a pasar agora coa ría do Burgo...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...tivo oportunidade de coñecer e facer todas as aclaracións e alegacións. *(Interrupcións.)* Non, tivo oportunidade de facer todas as aclaracións. Señoría, vostede sábeo moi ben. Ese proxecto estivo no seu poder...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...e vostede non o utilizou. Vostede saberá por que.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a garantía do pagamento por Pemex dos floteis construídos nos estaleiros galegos segundo o acordado

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente. Boa tarde.

Señor conselleiro, boa tarde.

Despois da resaca aeroespacial que temos de onte... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, está no uso da palabra a deputada do Bloque.

¡Silencio, por favor! Silencio.

Cando queira, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Vexo que o tempo foi pasando e fómonos facendo vellos no camiño, pero... prosigamos.

Señor conselleiro, dicíalle que temos resaca aeroespacial e volvemos preguntar hoxe tamén por un medio de transporte máis antigo, coñecido pola humanidade, como é o naval. E preguntamos exactamente por Pemex e os floteis. E non o facemos, dende logo, por unha perspectiva nietzscheana de eterno retorno –sabemos que estamos pleno tras pleno falando deste tema–, senón pola importancia que ten tamén comprobar ata onde chegan as noticias e os compromisos do Goberno galego.

Lembra vostede que desde 2012 ininterrompidamente se fala dese acordo con Pemex. Pasouse de 21 buques a dous floteis, exactamente dous floteis. E coñecemos unha nova hai pouco sobre dificultades que atravesa a empresa para facer fronte aos pagamentos aos seus provedores e dificultades que supostos representantes da propia empresa poñen enriba da mesa para poder facer fronte ao pagamento dos floteis.

Vostede sabe –coñéceo perfectamente, ademais– que na ría de Vigo, hai escasamente unha década, estaban contratados no sector naval 10.000 traballadores. Hoxe chegan escasamente a 1.000. É dicir, os mesmos que existían en Vulcano hai dúas décadas. Para que nos situemos na problemática da que estamos falando. Pasou de ser unha comarca na que no sector naval creaba o 30 % da riqueza a estar en claro devalar.

E hoxe a pregunta é a seguinte, e ademais é unha pregunta absolutamente sinxela, de contestación si ou non: ¿Está o Goberno galego en disposición de poder afirmar que Pemex fará fronte aos pagamentos dos floteis en tempo e forma? É moi fácil. É dicir, se van ser entregados o 16 de xullo –se non me trabuco esa é a data de entrega– se se vai facer fronte a eses pagamentos. Vostede segundo podemos coñecer a través da prensa, di que van en tempo e que van ser entregados, pero a pregunta vai máis alá. Despois de tantas fotos, despois de tantos debates, despois de que vostedes nos deran tantas veces por vendidos os floteis que escasamente crearon 500 empregos en Ferrol e outros 500 na comarca de Vigo, ¿vostede pode asegurarnos hoxe que se van pagar en tempo e forma?

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Adán, despois da súa referencia ao debate de onte, e desde a cordialidade, e sabendo que vostede é unha gran cinéfila, permítame que hoxe recorra ao Evanxeo. Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos e meto o meu dedo no lugar dos cravos, e meto a miña man no seu costado, non

crerei. Ese é, efectivamente, o escepticismo do Bloque Nacionalista Galego respecto de calquera proxecto que sexa bo para Galicia.

Efectivamente, ao Bloque Nacionalista Galego dálle igual o medio de transporte. Se é aeroespacial, desconfían. Díxoo onte. Se é terrestre, automoción, desconfían. E se é naval, tamén desconfían. Dálles igual. Ante calquera proxecto que sexa bo para Galicia, vostedes sempre pretenden xerar a dúbida sobre este tipo de proxectos. E no caso de Pemex, véñeno facendo dende o primeiro minuto, non lle deron ningunha marxe a este goberno.

Vostedes hai catro anos, desde a oposición, desconfiaron dos contratos dos floteis; desconfiaron das expectativas de carga de traballo que ían xerarse con eses floteis, desconfiaron tamén da entrada de Pemex no capital de Barreras. E hoxe, señora Adán, con contratos, con máis dun millar de empregos e con floteis fondeando nos nosos estaleiros, pretenden xerar a desconfianza sobre a súa entrega e tamén pretenden xerar a desconfianza sobre se se van pagar ou non os floteis. Dálles igual o que sexa, a cuestión será xerar sempre desconfianza na poboación sobre calquera proxecto que sexa bo para Galicia.

Pois, falando de Pemex, o que si lle podo dicir é que Pemex mantén o seu compromiso con Galicia, que Pemex segue impulsando a construción dos dous floteis e a carga de traballo tanto en Barreras como en Navantia, e dende logo este Goberno ten toda a confianza en que Pemex siga cumprindo os seus compromisos, porque cumpriu todos os compromisos que trasladou. Polo tanto, seguiremos traballando para impulsar o sector naval.

O que non pode garantir o Goberno, loxicamente, é se unha empresa paga nun determinado prazo ou noutra a outra empresa, dá igual que falemos do naval, da automoción ou da aeronáutica. Sabe perfectamente que as relacións entre empresas corresponden ao eido privado. Pero en calquera caso, señoría, eu non teño escoitado nin a Navantia nin a Barreras que teñan ningún tipo de preocupación sobre o pago dos dous floteis. Polo tanto, se mo permite, confíe vostede en Galicia, confíe vostede na palabra do Goberno, que sempre cumpre, e confíe vostede tamén nos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, despois da súa cita, moi ben traída a colación, tamén podíamos facer un repaso teolóxico. Eu sei que hai xente que está máis instalada nos primeiros pais da Igrexa, tipo Tertuliano, en crer para entender. Pero eu prefiro ir máis cara a Santo Tomás de Aquino e ver para crer. E aí estamos, realmente, esa é a cuestión. Non creemos ata que teñamos os datos, e os datos de todos os floteis son os retrasos. Estamos falando de que, despois do convenio marco con Pemex de dous floteis fronte a 21 buques, fronte a punta Langosteira, esa é a realidade. Cando vostede está falando do aeroespacial, por iso lle facemos a comparación, e cremos que é absolutamente necesario. Porque, mire, señor conselleiro, o problema realmente non é que nós traíamos o escepticismo a esta Cámara, é algo que aparece documentado na propia prensa. Pode que os medios de comunicación estean falando a través de filtracións falsas, ou sexan cuestións de crenzas ou cuestións de fe, non o sabemos. Pero a realidade é que todo aquilo que ten que ver con Pemex leva xerado moita preocupación, porque vostedes, o Goberno galego, puxeron 2 millóns enriba da mesa para a compra de Barreras por parte de Pemex. E puido optar por outra cuestión, que era entrar no propio accionariado de Barreras, ou no propio accionariado de Vulcano, outra factoría que, como dicía antes, está pasando problemas moi serios, que neste momento ten 90 traballadores e traballadoras fronte aos 1.100 que tiña hai unha década. Esa é a realidade da ría de Vigo.

Polo tanto esta é unha cuestión clara que traemos aquí. ¿Van ser pagados os floteis de Pemex –na ría de Ferrol pero fundamentalmente nós referíamonos á ría de Vigo, a Barreras– en tempo e forma? Creemos que é unha pregunta fácil, sinxela e importante, porque os compromisos, señor conselleiro, non soamente se adquiren a través dos titulares cando se comeza, senón que tamén hai que avalialos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: E o máis importante das políticas públicas é poder avalialas, por iso, señor conselleiro, nós queremos ver para entender.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Adán, eu entendo e agradézolle a cita de Santo Tomás, “ver para crer”, e voulle contestar, se me permite, cunha de San Agustín (*Risos.*): “Para ir a ningunha parte vale calquera camiño”. E iso parece que é o que pretende o Bloque Nacionalista Galego, levar a Galicia a ningunha parte. Porque a vostedes non lles vale nada, non lles vale a aposta polo sector aeronáutico, desconfían; non lles vale a aposta polo sector da automoción, desconfían; non lles vale agora a aposta polo sector naval, desconfían.

Eu simplemente a invito a que visite a ría de Ferrol e que visite a ría de Vigo, e que vexa que efectivamente alí hai dous floteis, derivados dun contrato asinado por Pemex, tal como trasladou este Goberno, con esa alianza que este Goberno asinou con Pemex. Esas son realidades, eses son feitos, e ese é un dos elementos que levou a que precisamente nun contexto de moita dificultade, cando o sector naval non tiña carga de traballo e o sector naval estaba atravesando por moitísimas dificultades, este Goberno foi quen de traer carga de traballo para Galicia. E Pemex foi quen de cumprir eses compromisos e durante estes tres últimos anos construíronse estes dous floteis.

Creo que esa é a realidade, eu creo que os feitos están aí, creo que deberían, cando menos, recoñecelos, porque seguen sen recoñecelos. E agora, insisto, pretenden crear unha dúbida no marco das relacións entre empresas sobre os pagos, que se están efectuando con toda normalidade; cando as propias empresas –insisto, unha privada e outra pública– non trasladaron ningún tipo de desconfianza nin preocupación sobre os pagos que se están efectuando por parte de Pemex.

Polo tanto, se mo permite, eu entendo perfectamente que a oposición do BNG a Galicia é permanente, a calquera desenvolvemento industrial en Galicia. É permanente pero eu creo que sencillamente os feitos están aí e, dende logo, señora Adán, nós seguiremos traballando polo sector naval.

Cando chegamos ao Goberno, e despois de estar o Bipartito aquí e de estar o Partido Socialista en Madrid, deixaran as

gradas practicamente baleiras. Hoxe as gradas están practicamente todas ocupadas, cunha recuperación clara do sector naval. E seguiremos apoiando o sector naval, tanto na súa innovación, na súa diversificación, na súa formación, no seu financiamento e tamén en conseguir máis contratos.

Eu lamento profundamente a falta de responsabilidade do Bloque Nacionalista Galego, intentando xerar permanentemente a dúbida, o que ademais é estendido ao resto da oposición. E eu o que si lles pediría é que, cando menos, recoñezan os éxitos de Galicia, os éxitos das nosas empresas, e o éxito da política do sector naval durante estes últimos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a relación de autores e autoras que van formar parte da delegación de Galicia no marco da 42ª edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires en 2016, así como a programación literaria e cultural que se vai desenvolver nela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde señor conselleiro.

O vindeiro 19 de abril inaugúrase a Feira Internacional do Libro de Bos Aires, un evento que botou a andar aló polo ano 1975 e que, ao longo destas xa 42 edicións, foi converténdose nun dos acontecementos culturais máis relevantes, se non o máis relevante, de toda Latinoamérica.

Esta feira ao longo da súa historia concitou a presenza de diferentes figuras da historia da literatura, como pode ser o caso de José Saramago, Paul Auster, Ray Bradbury, Eduardo Galeano ou Camilo José Cela, entre outros, e foi evolucionando historicamente. Nesta evolución histórica atopámonos cun punto de inflexión, que foi no ano 2013, ano no que se empezou a instaurar a tradición de convidar unha cidade como cidade convidada de honor da celebración desta Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

Iniciouse como dicía esta tradición ou este procedemento no ano 2013 co convite á cidade de Amsterdam. No ano 2014 foi São Paulo a cidade convidada; no ano 2015, México Distrito Federal; e neste ano 2016 é Santiago de Compostela.

Dende o Grupo Popular entendemos isto coma unha oportunidade para poñer en valor todo o que é a cultura e a literatura galega, e nese sentido entendemos que o libro, a creación literaria e en xeral a cultura galega teñen unha oportunidade de ser os protagonistas nesta cuadraxésima segunda edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

A presenza da cultura galega en Arxentina supón, como dicía antes, unha oportunidade inmillorable para mostrar a produción literaria e a creación cultural do sector editorial galego, e nese sentido tamén é unha ocasión inmillorable para que a industria cultural e creativa galega mostre cales son os seus proxectos de futuro.

Neste sentido, e tendo presente o papel fundamental de dirección deste proxecto, ou desta estancia, da cultura galega en Bos Aires a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, gustaríanos que nos explicara cal é a programación literaria cultural que se vai desenvolver de man da Consellería no marco da Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A Feira do Libro de Bos Aires, sen dúbida, é un gran reto para a cultura galega, pero é tamén unha gran oportunidade para que os creadores galegos poidan ter unha inmillorable plataforma de proxección exterior.

É un reto porque é obvio que Bos Aires non é unha cidade calquera. Os vínculos con Galicia son infinitos, a cultura galega contemporánea non se pode entender sen Bos Aires,

e a colectividade galega que está en Bos Aires pois forma unha parte substancial do noso país.

Tampouco a feira é unha feira calquera. É, sen dúbida, a principal, xunto con Guadalaxara en México, a principal feira do libro en letras hispánicas. E tamén é un gran reto, xa que Galicia –como vostede ben dixo–, a través da cidade invitada de Compostela, vai ser a sucesora dunha cidade como México e vai ser a antecesora dunha cidade como París. É dicir, é un eslabón entre dúas grandes metrópolis mundiais, co cal evidentemente é, á parte dun reto, unha grande oportunidade.

E esta oportunidade ten que estar orientada e vai estar orientada basicamente a potenciar os nosos creadores, o sector do libro. A delegación galega vai estar formada por 30 escritores, por 30 autores, acompañados de libeiros, acompañados de editores que van estar e traballar varias semanas en Bos Aires, quizás no principal escaparate, nun escaparate xeral para a nosa cultura. Vai haber exposicións, vai haber conferencias, vai haber artes escénicas, vai haber cine, vai haber, en definitiva, unha demostración da capacidade dos nosos creadores e da potencia cultural de Galicia.

E obviamente Galicia debe estar e, sen dúbida, estará á altura. Hai un programa moi amplo, moi participativo, moi coordinado, por certo, co Concello de Santiago, coas principais institucións culturais do país, a RAG, o Consello da Cultura Galega, con institucións arxentinas, a propia embaixada, a Academia Arxentina das Letras, o Instituto Arxentino de Cultura, e por suposto coas institucións da colectividade: Centro Galicia, Centro Galego, Colexio Santiago Apóstolo, etc.

O programa xa foi presentado e dado a coñecer aos medios de comunicación. Estamos falando de en torno a 150 eventos diferentes; moitos deles na propia feira e moitos deles tamén espallados polo conxunto da cidade de Bos Aires, en espazos da colectividade e noutros espazos culturais.

Participan, como xa dixen, 30 autores, algúns tan coñecidos como Manolo Rivas, Freixanes, Fernán-Vello, Fina Casalderrey, Cesáreo Sánchez, o doutor Carracedo, Ramón Villares, etc. É dicir, estamos, sen dúbida, ante un reto, estamos, sen dúbida, ante unha oportunidade, e estamos ante un evento tremendamente participativo, ante un evento e unha feira da cal debemos estar orgullosos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, en primeiro lugar, moitas grazas pola súa intervención.

Dende logo, é moi importante o papel que pode desenrolar Santiago de Compostela como cidade convidada para poñer en valor precisamente o que se falaba ata agora de todo o que é a dinámica e o futuro creativo do sector editorial e do sector literario galego, e, en definitiva, de toda a cultura e de toda a literatura galega. Pero tamén se entende como unha oportunidade para poñer en valor o que é o propio territorio, a propia Galicia, e dalo a coñecer tamén como destino. Probablemente tamén se leven a cabo accións.

A nós o que nos gustaría coñecer tamén é un pouco as actividades que se levarán a cabo, ou qué accións se realizarán dende a Consellería, para que este evento, ademais dun xeito de reforzar vínculos coa colectividade galega en Arxentina, coa propia nación arxentina, sexa tamén un vehículo para poñer en valor o territorio de Galicia como destino coñecido no mundo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.

Ben, como xa dixen na primeira intervención, estamos falando dun stand situado no centro da zona de La Rural, do Palacio de Exposicións de La Rural, no barrio bonaerense de San Telmo, no cal imos ter un stand de en torno a douscentos metros. Nese stand vai haber, como xa dixen tamén, unha

programación moi ampla, moi diversa, moi plural, máis de 150 eventos, autores, editores, libreiros. Por aí estímase que van pasar en torno a un millón de persoas. Durante tres semanas Compostela e Galicia van estar na primeira liña de difusión cultural e de promoción cultural en Bos Aires, e non só en Bos Aires, senón no conxunto de Latinoamérica. Co cal, sen dúbida, pois é unha magnífica oportunidade pois para abrir portas, para abrir portas á nosa cultura, para plantexar oportunidades de negocio para as empresas –editoriais que aí van asistir–, para desenvolver proxectos culturais, e, en definitiva, para un enriquecemento mutuo entre os creadores que aí van participar en moi diferentes eventos –como xa dixen–, vencellados ao mundo das letras, vencellados ao audiovisual, vencellados ao cine, vencellados ás artes escénicas, etc.

E, sen dúbida, como vostede ben dixo, ten unha significancia, unha transcendencia singular, e hai un aspecto moi importante: a cultura, sen dúbida, pois é historia, é territorio, é paisaxe, é tradición. E estamos quizá ante o maior escape rate que vai haber en Latinoamérica nese momento para poder potenciar algo tan importante para nós como é a nosa cultura e como é o noso patrimonio e, por extensión, un dos principais eixes referenciais da nosa cultura, do noso patrimonio, como é o Camiño de Santiago, para que tamén nesta feira pois poida haber un retorno potencial dende o punto de vista turístico e se poida promocionar turisticamente tamén o Camiño de Santiago, Compostela e por extensión o conxunto de Galicia.

En todo caso, estamos ante un proxecto colectivo, un proxecto participativo, onde participamos moitas institucións culturais do país, e plural, absolutamente plural. E non hai máis que repasar a nómina de autores que aí van estar, onde –digamos– o punto principal é que tanto Galicia como a colectividade galega en Bos Aires estea orgullosa da súa cultura. E poden estar tranquilos, señorías, que sen dúbida todas as accións que se están desenvolvendo e se van desenvolver nesta materia se por algo están marcadas é, primeiro, pola austeridade, e, segundo, pola sobriedade, porque festas xa tivemos no pasado dabondo e xa sabemos como acabaron.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión das probas de reválida previstas no calendario de aplicación da LOMCE para este curso escolar, nomeadamente as que afectan o alumnado de sexto de educación primaria

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Ramón Vázquez Díaz, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente. E boas tardes, señor conselleiro.

Coincidirá comigo en que un dos maiores avances dos sistemas educativos contemporáneos foi decantarse por un ensino centrado nos procesos e non unicamente nos resultados. En consecuencia, con este modelo educativo implantouse un modelo de avaliación coñecido como formativa, é dicir, un modelo que se compón de tres fases de avaliación: unha avaliación inicial do alumnado, para coñecer o seu nivel de partida; unha avaliación continua, para realizar os axustes necesarios no proceso de ensino e aprendizaxe; e unha avaliación final, para comprobar os resultados acadados polo alumnado. A avaliación formativa abarca non só os contidos, senón tamén as metodoloxías, os obxectivos, todo o proceso de ensino e aprendizaxe, a través dun proceso que é sistematizado nos centros de ensino. E isto é o que xa fan cada día os docentes nas aulas dos centros de ensino galegos.

Polo contra, a LOMCE, esa deostada lei, rescatou un modelo de avaliación finalista, xa superado, e un modelo representado especialmente polas reválidas, cunha única finalidade: a finalidade de seleccionar, a finalidade de clasificar, etiquetar e comparar non só o alumnado senón tamén os propios centros educativos. E por iso as familias rexeitaron de xeito moi contundente as reválidas de terceiro o curso pasado. E por iso as familias e toda a comunidade educativa rexeita a LOMCE, porque é unha lei fracasada.

Hoxe mesmo o alumnado de secundaria expresou o seu rexeitamento contra a LOMCE nunha mobilización masiva e moi contundente en contra desta nefasta lei. A LOMCE santifica a avaliación externa, degradando a función docente, porque, señor conselleiro –vostede sábeo moi ben–, os

centros xa avalían. Os centros remiten informes de avaliación individualizada periodicamente ás familias, os docentes realizan avaliación continua cada día nas aulas, os docentes teñen mesmo entrevistas individualizadas a cotío coas familias onde lles explican claramente a evolución dos seus fillos, as dificultades, os problemas e os avances que estes realizan.

Vostedes degradan coas reválidas a función docente, degradan o profesorado dunha forma clara e evidente. Por iso as familias rexeitaron maioritariamente as reválidas o curso pasado, e por iso nós facémoslle a seguinte pregunta, señor conselleiro: ¿vai insistir no erro de obrigar os nenos e as nenas a facer unhas reválidas inútiles que non aportan nada ás familias e que non teñen ningún contido pedagóxico para os nenos e para as nenas? ¿Van insistir de novo en someter os nenos e as nenas a un estrés absolutamente innecesario que non aporta ningún tipo de información relevante para as familias nin tampouco para os nenos? ¿Van insistir en aplicar unha lei que xa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...ten sido paralizada no Congreso dos Deputados, señor Román Rodríguez? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vázquez, permítame que lle diga que me dá a sensación de que estamos nunha especie de déjà vu. Hai un ano aproximadamente, por estas datas, tamén se fixeron unhas mensaxes moi semellantes ás que hoxe se plantexan, insistíuse en chamar reválidas a algo que non é unha reválida. Falábase de rankings, falábase de que ía haber repercusión nos expedientes dos alumnos. E quedou demostrado que na avaliación de terceiro e tampouco na avaliación de sexto –xa se está dicindo por activa e por pasiva– nin vai haber rankings nin vai haber repercusión directa no expediente.

Tamén hai uns meses, hai aproximadamente un ano, se fixo un chamamento pois a unha especie de insumisión, se xerou unha alerta entendemos que innecesaria, se xerou alarmismo. En certa medida plantexábase que ía haber un caos nos centros coa avaliación de terceiro. Fíxose, e fíxose con total normalidade, e veuse que esa estratexia de politización de algo tan ordinario como é facer unha avaliación nos centros educativos carecía de fundamento e só había detrás intereses políticos, intereses pouco claros políticos. E estase dalgún xeito volvendo á mesma historia. Eu lembro que tamén se falou naquel momento de estrés, de que os nenos se estreaban, e incluso díxose que ían chorar. Ao final, despois daquela avaliación, o tempo pois púxonos a cada un no seu sitio e os propios nenos dicían nos medios de comunicación que estaba “chupado”, ¿non?

Porque ¿de que estamos falando, señorías? Estamos falando de que a avaliación –como vostede ben di– está complementando a avaliación ordinaria dos centros, e está complementando un proceso de avaliación, por certo, moi semellante a outros países do noso contorno onde se fai con total normalidade. ¿E iso que nos permite? ¿Para que serve a avaliación? Permítenos ter máis información, para que a Administración teña información e para que esa información sirva para implementar medidas que vaian orientadas a corrixir aquelas debilidades detectadas na propia avaliación.

Vostede saberá –porque eu tiven a ocasión de dicirlllo, repito– que a avaliación de terceiro valeu para unha cousa: valeu para detectar aqueles centros onde había maiores debilidades no sistema educativo –que, por suposto, non se publican– e valeu para poñer en marcha contratos programa que foron orientados basicamente a corrixir esas debilidades. ¿Para que? Para ter maior calidade educativa e para ter unha maior equidade educativa, e actuar e reforzar a educación naqueles centros que máis o precisan. E realmente entenderá que iso non se pode cualificar en ningún caso de inútil, porque estamos actuando no contorno dos alumnos que máis o precisan.

En todo caso, voulle dicir, para a súa tranquilidade: a avaliación de sexto, pese a que o repitan unha e mil veces, non vai supor ningún tipo de ranking, non vai ter ningunha repercusión no expediente concreto do alumno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e si vai servir para ter información precisa e para implementar medidas que vaian orientadas a mellorar a calidade, por suposto os resultados, e tamén a pór en marcha medidas que poidan dalgún xeito orientar e corrixir as debilidades e fomentar a equidade no sistema educativo para que ningún centro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e ningún alumno quede atrás.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Señor conselleiro, insistimos na pregunta, porque vemos que vostede ten a intención de insistir no mesmo erro do ano pasado. Non rexeitamos nós as reválidas, non só nós, rexeítanas as ANPA, rexeítanas os directores, rexeítanas todos os partidos da oposición, rexeítaas o alumnado, rexeítanas as familias, rexeítanas os representantes sindicais do profesorado. ¿Quen as defende entón? Deféndenas só vostedes, estamos todos equivocados agás vostedes, este é o seu sentido da democracia.

Mire, un alumno tipo, durante o seu período de escolarización obrigatoria, ata os 16 anos, ten que pasar aproximadamente oito probas externas internacionais, ademais do PISA. Á marxe desas oito probas, terá que superar as súas reválidas de terceiro e sexto, a maiores as probas diagnósticas de segundo e cuarto, e a maiores a avaliación continua que fai o profesorado a diario nos centros. Isto non é só unha obsesión pola avaliación, non é unha cultura de avaliación; isto é, dende logo, un exercicio inútil, inútil, de segregación e de presión ao alumnado, cun sentido puramente finalista, para etiquetar o alumnado e seleccionalo. Iso é a realidade, e por iso dise que a LOMCE é unha lei segregadora.

Hai moitas comunidades autónomas que, nun exercicio de responsabilidade educativa, decidiron paralizar a aplicación das reválidas. Non estamos dicindo nada do outro xoves. As

reválidas son un exercicio de reduccionismo pedagóxico, porque se basean na aplicación de probas estandarizadas a un colectivo amplo de alumnado, cando a avaliación ten que ser contextualizada ás circunstancias e á realidade educativa de cada neno. Aplicar probas estandarizadas a un alumnado de xeito masivo é un exercicio pedagóxico inútil, non ten ningunha aportación para as familias nin tampouco para os nenos. Tense que facer eco vostede, señor conselleiro, da demanda que teñen as familias de Galicia. Vostede non pode asumir o fracaso do señor Wert. Non faga seu o fracaso do señor Wert...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...porque se non seguirá o seu mesmo futuro, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor deputado, entenderá que me entre certa frustración pola miña débil capacidade explicativa e débil capacidade de convencemento. Estoulle dicindo que iso non son reválidas, e vostede insiste; estoulle dicindo que aí non vai haber rankings, que non vai haber unha avaliación de rankings, que non vai haber unha clasificación, unha xerarquización, que non vai haber etiquetas; vostede insiste; eu creo que debe insistir aínda máis, porque ao final o tempo vén poñernos a cada un no seu lugar. E cando non se publiquen rankings, e cando non haxa unha repercusión directa no expediente do alumno, bueno, aquí non pasa nada, podemos dicir o que queiramos, que, como estamos no Parlamento, non pasa nada.

Mire, eu creo que hai que ser responsables nesta cuestión, e eu sinto certa desazón cando vostede di que é un exercicio inútil. Mire, grazas á avaliación de terceiro, fomos capaces de detectar –a Administración educativa– determinados centros educativos onde había debilidades no proceso de aprendizaxe dos alumnos. E fomos capaces de pór en marcha medidas a través dos contratos programa que van orientadas precisamente a reforzar o proceso educativo naqueles centros con maior debilidade educativa. Para nós iso é impor-

tante; se para vostede é unha cuestión inútil, realmente láméntoo.

E mire, vostede estará de acordo, coma min –seguro, porque é un democrata–, en que as leis están para cumprilas, e se a lei a temos que cumprir, unha administración responsable ten que cumprila. E a inmensa maioría das comunidades autónomas van facer a LOMCE e vostede sábeo. Sen ir máis lonxe, hoxe os medios de comunicación din que Andalucía vai cumprir a LOMCE, sabe que a van cumprir. Algunhas autonomías o que fan é que lle cambian o nome, cámbianlle o proceso e o método, pero todas as comunidades autónomas van facer o proceso de avaliación.

E ao final hai unha diferenza substancial. Creo que en todo este debate –que levamos xa tempo debatendo sobre a LOMCE– hai unha cuestión que non se di e é certa; é dicir, na historia democrática houbo unha sucesión de leis orgánicas de educación promovidas e executadas pola esquerda deste país (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –executadas, si, pero promovidas e aprobadas pola esquerda–. Esas leis orgánicas sucesivas da democracia supuxeron moitos avances, pero tamén supuxeron moitas eivas, e parece que hai unha visión non vou dicir totalitaria pero case absolutista pensando que é imposible modificar un sistema que sabemos que ten eivas e que sabemos que ten defectos: un, os resultados comparativos con outros territorios; dous, o fracaso escolar. Porque non me diga vostede que despois de moitas décadas aplicando unha lexislación pode ter o país unha taxa de fracaso dun 25 %, que iso é un fracaso colectivo brutal. E non me diga vostede que aspectos da LOMCE –pensemos na FP básica, pensemos nos itinerarios, pensemos no reforzamento das troncais– son negativos para o alumno, porque me nego a crer que vostede, que é docente, poida ter esa opinión. Outra cousa é que politicamente lle interese xerar alarmismo e lle interese utilizar a educación...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...como ferramenta política, lle interese –pois como xa se viu estes días no Congreso dos Deputados– enganar os cidadáns a través dunha votación que non é votación...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e que contradí un pacto previo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pero, no fondo, aquí no que temos que pensar é nas familias, pensar nos nenos e nas nenas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E, sen dúbida, a LOMCE, que pode ter as súas eivas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...sen dúbida é o punto de partida para chegar a algo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...tan importante como pode ser o...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

As dúas seguintes preguntas debateranse de xeito acumulado. Correspóndese cunha pregunta de D. Daniel Rodas Chapela, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e outra de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para

o cumprimento da legalidade na etiquetaxe de mexillón galego

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa etiquetaxe de mexillón galego

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señora conselleira.

A sentenza que discutiamos antes na interpelación evidencia a realidade dun sector que enfrenta dous intereses, dous modelos ben diferentes. Por un lado, os intereses do oligopolio da conserva, que a partir do ano 2007 foi substituíndo o mexillón galego polo chorito, que segue mantendo os baixos prezos dende hai máis dunha década aínda que o etiqueta como galego. E, pola outra, temos os intereses do sector extractivo, con 3.300 bateas, 12.000 persoas que viven directamente del, cuns prezos en fresco que están por debaixo dos de hai unha década, que canto menor asociacionismo ten menor prezo alcanza, que canto maior atomización, menos capacidade de regular o prezo, que grazas ao Partido Popular ten dinamitado todas as opcións no intento de afortalar o sector –falamos de Opmega, falamos de Pladimega–, que a demanda de fresco segue estancada e os prezos seguen conxelados, ao igual que os prezos da conserva.

A parte produtora está, nestes momentos, totalmente contra as cordas. A súa última estratexia vén ser esta, a da diferenciación, para que o mexillón galego teña algo máis de valor, para que non se envase chorito por galego e se impida a fraude ao consumidor.

A sentenza evidencia este absoluto drama e dálle a razón a unha parte do sector produtor. Calquera aceptaría esta sentenza como normal, pero vemos con estupor como a patronal lle pide a vostede nada máis e nada menos que a intervención do Consello Regulador, pídlle nada máis e nada menos que suspendelo, mentres vostede –vímolo con anterioridade– mira para outro lado, ou di que vai consultar o sector ou que vai ver se establece un diálogo para elaborar

unha nova DOP onde poidan caber todos. E dío coa boca pequena, porque estamos xa en período preelectoral. Pois todos sabemos quen leva as inxentes cantidades de diñeiro público para laboratorios, para renovación das instalacións. Diciao onte: 27 millóns para o sector da transformación, ¿quen leva apoio para promoción de feiras e mercados? En definitiva, ¿quen manda na Consellería do Mar en materia da miticultura?

Pois o problema –como dicía– é un problema de modelo que vostede, xunto coa patronal, intenta impor, e que non é outro, nin máis nin menos, que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: ...na conserva...

O señor PRESIDENTE: Señor Rodas, señor Rodas, formule a pregunta, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...se substitúa...

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: A pregunta é, señora conselleira, máis que facerlla a vostede, que xa coñezo a resposta, é facerlla ao sector: ¿canto tempo imos ter que aturar esta dobre faciana?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Señor Fajardo, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que, despois da intervención anterior da conselleira, un entende cal é a posición e a aposta política desta consellería. O primeiro que debe de entender a conselleira é que esa discrepancia que ela expresaba respecto da interpretación das normas europeas sobre a DOP quedou clara coa sentenza. A sentenza é o que vén resolver as dúbidas e as discrepancias, e de forma expresa a sentenza determina que o

produto de mexillón enlatado está tamén protexido pola DOP e que, polo tanto, é unha fraude utilizar calquera tipo de mención a Galicia ou ás rías galegas para enlatar mexillón que non estea cuberto pola DOP, xa sexa galego ou non sexa galego.

Polo tanto, o que eu non entendo é que, existindo unha sentenza, vostede diga agora que ten que interpretala. Xa a interpretou un xuíz. E, ademais, dende a Comisión Europea de Pesca, vénlle dicir que, existindo sentenza, non cabe outra interpretación que a que dá a sentenza. Antes un conselleiro dixo aquí que unha administración responsable ten que facer cumprir a lei. Parece ser que a Administración, neste caso do mar de Galicia, non é responsable porque non quere facer cumprir a lei. Polo tanto, esa é a primeira consideración que lle temos que facer.

A segunda consideración é que vai facer vostede ao respecto da necesidade que teñen os consumidores deste país de ter seguridade do que consomen, porque a sentenza fala de varias cuestións moi graves e determina de forma expresa que a utilización desas expresións que son confundidas coa DOP fan e constitúen actos de engano, actos de confusión, de escrutación da reputación do alleo e de violación das normas europeas, comunitarias e estatais. Se non lle parece grave que existan estas cinco vulneracións na normativa, que son recollidas nunha sentenza, eu non sei que vai esperar vostede para que isto se saque a adiante.

Outra cuestión que non lle podo mercar no seu argumentario é esa consideración que fai vostede de que unha parte dos produtores non están recollidos na DOP. A pregunta é: ¿por que non están recollidos? ¿Por que non se fai un impulso político para que se recollan na DOP? O que se quere é acabar con esta DOP, o que se quere é estar da man de Anfaco e das grandes industrias produtoras, que están extorsionando o sector dicíndolle á Consellería que o que ten que facer é suspender a DOP.

Polo tanto, vostedes teñen que decidir: ou están coas multinacionais e co grande capital ou están cos produtores; ou están por que se siga mantendo a fraude na venda de produto como galego que non o é ou están na defensa do noso produto.

Porque hai un dato que é moi significativo: ¿como xustifica vostede que, téndose mermado a produción do noso mexi-

llón, que téndose incrementado a venda en fresco, ademais, ao mesmo tempo, se siga incrementando nos lineais deste país a venda de mexillón supostamente galego? As cifras non cadran, ten que haber unha porcentaxe de fraude moi evidente.

O que nós lle dicimos é: ¿tendo esta sentenza enriba da mesa, que vai facer vostede para defender a denominación de orixe, pero tamén para defender o dereito que teñen os consumidores a ser informados correctamente do que están consumindo?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rodas, señor Fajardo.

Comezo a miña intervención sinalando cal vai ser a nosa posición para respectar a sentenza na defensa da DOP do mexillón de Galicia, que non é outra que cumprir estritamente a legalidade, cousa que viñemos facendo dende o principio dun xeito escrupuloso, xa que, como vostede sabará, esta sentenza non vai contra a Xunta. Iso si, reitero, como xa o fixen na intervención anterior, que tendo en conta algunhas afirmacións aquí subliñadas cómpre facer nesta resposta outra petición renovada para ver de obter un pouco de moderación e mesura e un moito de rigor científico e normativo á hora de afrontar as cuestións que afectan este eido da actividade.

Pido isto porque en ningunha das súas intervencións, nin en ningunha das exposicións de motivos das súas iniciativas, atopo dato estatístico, fundamento xurídico ou legal ou mesmo feito comprobado para facer algunha afirmación fóra da realidade. Dise que esta consellería se puxo nunha posición afastada da defensa do conxunto do sector produtor, e creo que isto queda, si, afastado, pero da realidade. Talvez se debera ter en conta que, neste sector, o miticultor, o 70 % do

entramado do sector non se atopa dentro da DOP e que esta só ampara o 14 % da produción galega. Neste sector, o miticultor, ten especial relevancia a transformación do produto, que tira do 40 % da demanda e xera anualmente arredor de 38 millóns de euros de facturación. Neste sector, o miticultor dá ese movemento importante a unha cadea transformadora que ten 12.000 empregos aquí en Galicia, a maioría mulleres, e está formado basicamente por pemes.

Por iso, nós imos defender ese conxunto, todo o sector produtor, o transformador e todo aquel que viva do mexillón, todos. Por iso cómpre facer unha importante distinción de ao que lle chamamos fraude, que é envasar mexillón foráneo como galego, enganando o consumidor e co que temos tolerancia cero. Outra cuestión que sería é definir aquel cultivado en Galicia e transformado en Galicia. Debemos ser, pois, moi coidadosos en distinguir unha cousa e outra, para non transmitir ao consumidor unha idea errónea e fomentar unha preocupación que vai en contra de quen fai a conserva elaborada con mexillón galego, por empresas galegas e en Galicia.

Se o que tratamos de atallar é a fraude –cousa que compartimos–, cremos que tamén erra quen defende a nosa convivencia. Só hai que ver os saldos de comercio internacional de Galicia no que a mexillón se refire para darse conta de como pode haber de atender as inspeccións continuas e rigorosas, e niso vemos como das actas levantadas en 2014 ou 2015 só o 2,3 % plasmaron fraude na orixe do produto etiquetado.

Cero permisividade e cero conivencia, e moito menos extorsións ou apañs. Esta conselleira non fará nada contra a lei, sempre a terá por diante e aparelada á defensa do interese xeral dos galegos e do sector. Algunha vez xa se nos ten dado a razón nos xulgados por riba de quen vía en nós actuacións de ataque contra o Consello Regulador. Pero se o que se critica é precisamente que fagamos algo para darlle seguridade xurídica ao sector e á diferenciación do noso produto, claro que estaremos en posicións opostas.

Nós defendemos a DOP, defendemos a DOP do mexillón de Galicia, fixémoslo dende o principio, fomos quen a impulsamos e nesa defensa nós queremos saber e aplicar unha liña que sexa firme xuridicamente e non que entre en contradicións ao pouco tempo. Se iso é ir en contra do mexillón, creo que alguén está errado.

Digo isto porque, primeiro, temos unha sentenza que non crea xurisprudencia, porque esta só a pode crear o Tribunal Supremo. Segundo, temos unha sentenza que tirou abaixo o regulamento aprobado no ano 2008 e co regulamento anterior non se podía acubillar o mexillón transformado, porque así nolo dixo Europa. Terceiro, temos unha resposta da Comisión Europea na que se ratifica un informe do Comité Científico da DOP da Unión Europea, que considera que o tratamento térmico –como expliquei antes– modifica as características físicas e organolépticas do produto. Cuarto, temos un decreto galego, o 124 do ano 2010, que recolle que, para que un produto se etiquete como galego, a materia prima ten que ser galega e a elaboración ten que realizarse en Galicia –del nada di a sentenza–. E quinto, temos unha DOP que certifica só o 14 % do total do mexillón, e iso supón que hai máis de 200.000 toneladas tan galegas como as que máis que quedan fóra e que o principal destino galego da nosa produción e as nosas empresas de transformación quedan no limbo.

Estou segura de que vostedes, á luz destas consideracións, entenderán que debemos obrar con certezas e non por impulsos. Iso deixámoslle a outros. Sei que vostedes nunca tiveron labores de goberno, pero gobernar exige responsabilidade, e iso é o que imos aplicar por riba de voces interesadas e partidistas. Defendemos no pasado e agora o mexillón galego, e ímolo seguir facendo. Dígame un só posicionamento desta consellería en contra da DOP ou en contra do propio sector produtor. Díganme vostedes se faláron con todas as partes. Eu pódolles dicir, en contra do que manifestaba o señor Rodas, que non tiveron unha soa xuntanza, non tiveron unha soa conversa con Anfaco-Cecopesca; tiveron moitas reunións co sector produtor que se atopa por fóra do Consello Regulador e estamos intentado o diálogo entre as partes para conseguir que se faga un regulamento no que se sintan todos representados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica. Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Mire, señora conselleira, unha vez máis intenta enganar o sector, da mesma maneira que o intentou enganar co Anteproxecto de lei de acuicultura. Aí se lle veu claramente a súa faciana, igual que aquí. Isto modi-

ficouse drasticamente a partir do 2007, a partir de que determinados, determinados conserveiros galegos marcharan a Chile e se converteran en produtores alí.

Polo tanto, estamos a falar, como lle dicía anteriormente, dunha batalla, dunha batalla de que hai un determinado colectivo, que ten intereses tamén alí en Chile, que intenta blindar o seu modelo produtivo, e o seu modelo produtivo pasa por que o mexillón para a transformación teña baixo prezo, e ese baixo prezo é o que está facendo que, por exemplo, a día de hoxe a maior parte do produto en conserva sexa foráneo e non sexa galego.

Polo tanto, vostede ten unha dobre moral cando di que apoia a DOP e ao mesmo tempo vénnos dicir que non representa máis que o 14 %, ou que imos consultar a Bruxelas, ou que imos ver se decide Madrid por nós. Imos ver se con diálogo conseguimos, xa que non fomos, se somos capaces de convencer a estes, a ver se somos capaces de meter o sector de Anfaco dentro da DOP para así eliminar por completo o problema.

Polo tanto, vostede ten unha dobre posición, a dobre posición que vén mantendo historicamente no sector, e que aboca o propio sector ao que dicía anteriormente: a enfrontamentos e a rivalidades e a non ter capacidade de manter un criterio sobre o prezo.

E, sobre todo, vostede mente cando di tolerancia cero. Todos somos conscientes da realidade do sector, que a maior parte do mexillón transformado non é galego, senón que é de fóra. Esa é a auténtica realidade, e non ten máis que ver as estatísticas que existen.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Polo tanto, señora conselleira...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODAS CHAPELA: ...déixese de dobre faciana...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: ...e dunha vez por todas quíte a careta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Réplica, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Ben, unha vez máis vostede é incapaz de xustificar as súas afirmacións. Dende logo que vostede sexa a máxima responsable da consellería e que non entenda que segundo vostede o 70 % dos produtores non estea na DOP é unha anomalía non é comprensible. Se iso é así é pola falta de vontade política de que se acollan a esta denominación de orixe. Polo tanto, aí está a primeira acción de omisión dunha consellería, que o que pretende é acabar con esta denominación de orixe para así defender os intereses das multinacionais produtoras de conserva, moitas delas implantadas xa fóra de Galicia.

Mire, cando falamos de seguridade tamén falamos da seguridade do usuario, do consumidor final. E a única seguridade que ten o usuario consumidor final de que o que está consumindo é totalmente mexillón galego é que este sexa da DOP. ¿Por que?, ¿cales son os mecanismos que se utilizan para ese control do que está dentro das latas?, ¿cales son os protocolos?, ¿cantas cantidades se controlan?, ¿cada canto tempo?, ¿en que lineais?, ¿cales son as mostraxes que se fan para demostrar que o que se está controlando, o que se está vendendo como galego o é? A única garantía de que é o cen por cento do que estás comendo produto galego é que esta estea amparada pola DOP.

Pero é que, ¡fíxese!, a propia sentenza déixao claro: que se están aproveitando desta maneira da reputación da DOP, o que infrinxía a normativa comunitaria e autonómica de protección das denominacións de orixe. Pero vai máis alá: dunha maneira chamativa “utilizar esta nosa imaxe sobre a procedencia da orixe galega do produto é susceptible de xerar unha decisión errónea no consumidor”, unha decisión errónea no consumidor, unha fraude.

E xa o que é inconcebible é que vostede diga que está amparándose no decreto de mención á relativa orixe galega na etiquetaxe, onde no seu artigo 2.2 di claramente que “quedan excluídos os produtos alimentarios amparados por denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas”.

Polo tanto, o que non é de recibo é que vostede veña aquí defender que non fai cumprir a lei. Polo tanto, se vostede é

unha conselleira que ten todo o sector en contra e que ademais é incapaz de que se cumpra a lei, o que ten que facer é deixar de ser conselleira...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...marchar para a súa casa e deixar a quen defenda o produto galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Rolda de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Fajardo, dende logo, se eu me comportara como vostede, enganando o sector ou inventando cousas, seguro que marcharía para a miña casa, pero como non o fago nin o farei, non marcho para a casa, seguirei defendendo o sector. *(Aplausos.)*

Mire, voulle clarificar unhas cantas cousas porque vexo que vostede non as ten suficientemente claras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Consello Regulador, ¿cales son as súas competencias? Elaborar o regulamento de funcionamento da marca e aportar-lo á consellería competente na materia para que lle dea publicidade no *Diario Oficial de Galicia*. E elaborar o protocolo manual de actuación para que todos os produtores e os usuarios da marca poidan saber as normas a que aterse.

Primeira cuestión, non pode facer o regulamento, ten que o facer o consello.

Non pode impoñerlle á xente que se introduza dentro do consello. Vostedes falan de imposicións, pero é que nós os que gobernamos cremos na democracia, e a xente ten que libremente decidir *(Murmurios.) (Aplausos.)* entrar no consello regulador. E entrará no consello regulador cando teñan un regulamento no que se sintan representados, cando teñan

un protocolo de actuación no que lles digan como se teñen que comportar con respecto á marca.

Ese é o problema que vostedes teñen, que están aquí intentando ligar unha sentenza que se refire a unha fábrica de conservas, que xa ten unha sanción tamén posta por fraudes da Comunidade Autónoma, porque si estaban envasando mexillón de Chile dicindo que era galego. E iso é malo, e iso nós sancionámolo e prohibímolo.

Pero vostedes están aquí dándolle voltas á manija, e saben que o regulamento que está hoxe en vigor é o do ano 2000, onde non se permitía que a industria de transformación puidera facer referencia á denominación de orixe protexida. Pero o que si dicía o regulamento do ano 2000 é que, en casos excepcionais, o consello regulador podería ante a petición dos produtores ou dos transformadores permitir o uso do nome de Galicia cando o mexillón fora de Galicia. Iso pódese facer, porque nós o que queremos é precisamente que se siga producindo en latas de conserva e en produto conxelado mexillón de Galicia que poida seguir saíndo ao mundo enteiro.

Se nós non conseguimos que a industria de transformación teña que poñer o nome de Galicia cando se cumpran estas condicións, o que conseguiremos será o efecto contrario de protexer o noso sector produtor, porque entón si que terán toda a liberdade do mundo os transformadores para envasar o que queiran nas súas latas sen ningún tipo de problema. Se queremos manter o nome de Galicia, temos que ser quen de sentar na mesma mesa, de que o consello regulador ampare ao mesmo tempo a produción e a transformación. Nesa liña de traballo é na que nós queremos seguir insistindo.

E aquí dinse moitas cousas, pero é que sen ningunha estatística. ¿Como se pode dicir que se está incrementando a importación? Xa o dixen na miña intervención anterior: revisen os datos do saldo de importación e exportación. Nos anos do Bipartito a media de importación de mexillón de Chile era un 76 % superior á media de importación de mexillón de Chile da época 2009 ao 2015. As vendas de mexillón do ano 2015, e isto non hai que ir xa a ningunha estatística, simplemente con ler os periódicos, que a vostedes é o que máis lles dá para documentarse, e ver que o sector bateiro no ano 2015 tivo os maiores ingresos da década.

E tamén lles podo dicir que nós seguimos apostando polo consello regulador, e nós dámoslle todos os anos de media para gastos de funcionamento do propio consello entre 30.000 e 40.000 euros. É o consello regulador de todas as denominacións de orixe de calidade diferenciada de Galicia que máis cartos recibe para os seus gastos de funcionamento.

Nós apostamos pola denominación de orixe. E soamente o ano pasado se fixo unha campaña de promoción do noso produto: “Namórate dun galego”, que foi unha campaña que lle gustou moitísimo a todo o mundo, que se pagou con cartos de todos os galegos, que foron 960.000 euros.

Señores deputados, eu píddolles un pouquiño de axuda para o sector produtor. Xa lles digo: non tiven unha soa xuntanza coa industria de transformación, nin unha soa; tiven varias xuntanzas co resto das asociacións que, representando a produtores galegos que cultivan o seu mexillón aquí en Galicia, non se senten representados polo consello e queren buscar unha solución a este problema.

Non confundan a xente coa sentenza que hai con respecto a unha fábrica de conserva. Non metan no ánimo do consumidor esa frase que dixo o señor Rodas, de que aquí a inmensa maioría da conserva non é de mexillón de Galicia. Fraco favor lle fan vostedes así ao sector, porque pensen vostedes na gran cantidade de beneficios que se xeran, porque máis do 40 % da nosa produción se transforma en Galicia por conserveiras galegas e que cumpren escrupulosamente a norma e identificar o noso produto.

Axuden o sector produtor axudando a denominación de orixe, pero axuden as mesas de diálogo, non me pidan a min que vaia en contra da norma, porque eu non son a que teño que facer precisamente o regulamento da denominación de orixe, senón o propio consello regulador.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión da Unión Europea de prohibir a actividade da frota de arrastre a máis de 800 metros de profundidade

O señor PRESIDENTE: Última pregunta, de don José Manuel Balseiro Orol, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, os últimos estudos científicos coinciden en salientar a evolución positiva e o bo estado que presenta a maioría das especies pesqueiras en augas profundas. Todo isto como consecuencia da eficacia das medidas adoptadas nos últimos anos en relación con este sector e da propia actividade dunha frota que está comprometida cunha xestión sostible dos nosos recursos do mar.

Os foros científicos salientan a valoración especialmente e a experiencia tamén galega e española na localización dos ecosistemas mariños máis vulnerables, da man do Instituto Español de Oceanografía e en colaboración con outros países. De feito, hoxe xa sabemos que foi posible cartografar máis de cento sesenta mil quilómetros cadrados dos fondos mariños en todo o Atlántico, identificando aqueles espazos máis vulnerables, e a partir dos cales se acordaron medidas de protección no seo das organizacións rexionais de pesca.

O segmento da frota de arrastre de augas profundas é o primeiro interesado en preservar a xestión sostible de todas estas especies, a xestión sostible dos ecosistemas nos que se desenvolve a súa pesca, pois disto depende o futuro desta actividade.

E en coherencia con estes argumentos non parecen acertadas, señora conselleira, algunhas das medidas que vén de impulsar a Unión Europea. Medidas comunitarias dirixidas a unha prohibición en xenérico do arrastre nestes espazos, en particular en augas superiores aos oitocentos metros. A pretensión da Unión Europea é de ampliar estas restricións a outros espazos, onde para o Grupo Popular iloxicamente si poderían seguir faenando barcos con bandeiras distintas ás dos países comunitarios.

Señora conselleira, o Parlamento de Galicia, por iniciativa do Grupo Popular e co apoio doutras forzas políticas, xa ten manifestado en varias ocasións a necesidade de defender unha modificación da normativa comunitaria sobre a xestión das pesqueiras en augas profundas, para que sexa compatible co mantemento da capacidade da frota, da súa actividade económica e dos empregos que xera.

A pregunta que lle fai o Grupo Parlamentario Popular e a pregunta que lle fai este deputado é: ¿que valoración lle merece a pretensión da Unión Europea de prohibir a actividade da frota de arrastre en augas profundas en fondos superiores aos oitocentos metros?

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Balseiro, xa lle digo sen paliativos que a valoración que facemos é claramente negativa. Digo isto porque os poucos matices que se poidan introducir virían da man da protección de áreas sensibles ou vulnerables pola súa relevancia biolóxica, ben polo tipo de contorno ou hábitat, ou pola especial valía para a cría ou desove de especies sensibles. Pois ben, mesmo estas zonas quedan nun altísimo grao fóra das zonas de traballo dos buques galegos, e iso fala moito e ben da nosa frota, que emprega artes con capacidade ou orientación a profundidades susceptibles de ser prohibidas. Teríamos máis de trescentos barcos nesa situación, mesmo barcos de artes menores e poderían estar en xogo 165 millóns de euros, ou o que é o mesmo: máis do 35 % dos ingresos da nosa frota. Polo tanto, non podemos estar a favor dunha proposta que ameaza a viabilidade de boa parte da nosa frota, que pode pescar en augas profundas con arrastre, enmalle e mesmo, levando o asunto ao extremo como queren algúns, co palangre.

Mais esta proposta non é mala por unha cuestión puntual, senón por dúas cuestións:

A primeira, por levar camiño de frear, minorar ou prohibir o arrastre, e nós defendemos que non hai artes nin malas nin boas, senón ben ou mal utilizadas. E se vemos casos como os das artes de deriva, mesmo poderíamos ver nese lote aparellos como o rastro de vieira.

A segunda ten especial énfase en frear a pegada da pesca en moitos ámbitos xeográficos con outras artes de fondo e para

outras especies, e se non pensemos na bertorella, que estivo dentro desa prohibición e que se captura principalmente con palangre na nosa zona e tamén no Gran Sol.

Temos pois dúas cuestións que nos marcan unha tendencia negativa e temos dous aspectos que nos achegan bos argumentos para pensar o contrario:

Unha, a proposta da Comisión de expandir esta posibilidade de prohibición do arrastre a augas internacionais das zonas V, VI, VII e XII de NEAFC, abarcando de cheo a área de Hatton Bank.

E dúas, a proposta xurdida en Francia de prohibir totalmente o arrastre de fondo, e o seguidismo que desta proposta fixo a principal empresa pesqueira do país galo.

Por iso nós traballamos en tratar de matizar e minorar esta ameaza, sabedores de que a proposta non ten un resultado coñecido previsible nos efectos ambientais, xa que xa agora se evitan zonas sensibles e mesmo se reduciu a pegada do arrastre sobre as áreas de pesca do Gran Sol e tamén no Cantábrico.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa información, pola súa valoración, pero, sobre todo, moitas grazas pola vontade de afrontar este tema con total decisión por parte do Goberno de Galicia.

Cremos que esta postura se debe adoptar en todos os casos nos que a nosa frota, unha frota importante na Comunidade Económica Europea, que é a frota galega, se vexa afectada. Mesmo sabendo que tanto no noso caladoiro como no caladoiro de Gran Sol non son moitos os puntos onde se traballa a unha profundidade superior aos oitocentos metros da que hoxe aquí estamos a falar.

Pero é certo, e vostede insinuou, que algúns non defenden esta mesma postura. Algúns defenden un criterio ideolóxico

trufado de pseudociencia e ambientalismo e só defenden unha parte da frota. Desde logo, desde o Partido Popular, e agora vostede acaba de confirmalo desde o Goberno de Galicia, defendemos a frota no seu conxunto. Cada frota ten os seus problemas, pero nós non nos posicionamos a favor dunha frota, posicionámonos a favor de todas as frotas galegas. Porque, en definitiva, é capital galego e todos os que van aí son ou unha boa parte deles, non teñen tampouco porque ser todos, galegos.

Por iso, só defendemos todo en conxunto. Pero, señora conselleira, sabe que no seu día conseguimos frear unha postura semellante á da que hoxe estamos a falar. Consegúimola frear, e conseguímolola frear desde o Goberno de Galicia e desde o Grupo Parlamentario Popular desde Galicia. E nós o que queremos hoxe é dicirlle ao Goberno que siga o mesmo camiño que seguimos no seu momento para se é posible seguir ese camiño e frear unha decisión que nos parece...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...unha decisión da Unión Europea que nos parece inxusta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

6 E esperemos, señora conselleira, porque na próxima semana...

O señor PRESIDENTE: Xa está entendida a réplica, señor Balseiro, está entendida perfectamente.

O señor BALSEIRO OROL: Ben, moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Rolda de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Ben, parece que a réplica non ten moito interese, pero a min si que me gustaría poñer de... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, xa vexo que nin a pregunta nin a resposta teñen interese, pero para nós como Goberno si temos interese en defender o sector do arrastre, *(Aplausos.)* aquí, en Madrid e en Europa, onde faga falta, e seguiremolo facendo aínda que para vostedes non teña interese.

E nesta liña estamos a traballar, e nesta liña, tal e como fixemos coas artes de deriva, imos traballar tamén con ese regulamento que intenta prohibir a pesca en zonas profundas. Para iso constituímos un grupo de traballo co propio sector, que empezou a andar hoxe pola mañá, e tamén nós sempre buscamos a información do propio sector, porque eles saben mellor que ninguén como protexer os fondos, e así se vén acreditando.

Dispoñemos de datos científicos, porque o propio ICES nos dixo que se reduciu a pegada do arrastre no Gran Sol en máis de 21.000 quilómetros cadrados e no Cantábrico noutros 17.000 quilómetros cadrados, e que o arrastre non é empregado no 74 % do total da área de pesca do Gran Sol e no 85 % do Cantábrico.

Nós estivemos cos representantes da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e fixémoslles chegar os nosos argumentos. Tamén mantivemos a mesma xuntanza coa Secretaría Xeral de Pesca, onde lle fixemos tamén chegar os nosos argumentos. E estaremos con outras rexións afectadas; a próxima semana con Bretaña no Arco atlántico. Estaremos co director xeral da DG Mare tamén a próxima semana, a quen lle faremos chegar os nosos argumentos. E nós tamén queremos propoñer...

(O señor Rodas Chapela pronuncia palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor. Silencio.

Remate, señora conselleira. Prosiga, señora conselleira.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Rematen o pleno con tranquilidade.

Prosiga, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor presidente, señorías, a min si me gustaría que se tivera respecto ao sector pesqueiro, porque estamos aquí intentando defender unha posición todos xuntos, sector e administración, e buscando entre todos argumentos que poidamos aportar aos órganos de decisión da Unión Europea.

Nós queremos tamén que nos permitan a pesca exploratoria como se fixo para abrir posibilidades de pesca en NEAFC no Hatton Bank.

E por iso imos seguir insistindo, aínda que a algúns parece que lles molesta que dende Galicia ás veces nos enfrontamos tamén co Goberno de Madrid, para...

O señor PRESIDENTE: Señor Rodas, silencio.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...defender os intereses do noso sector, e así o seguiremos facendo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Remata aquí o pleno.

Remata a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copá, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Paçín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermin	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25